



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 42
6 de novembro de 2020

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.2. Consello de Contas

1.5.1.2.3. Memoria de actividades

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do día 3 de novembro de 2020, polo que se admite a trámite o escrito do Consello de Contas de Galicia no que remite a Memoria anual de actividades correspondente ao exercicio 2019 e os informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia correspondentes ao exercicio 2018 (doc. núm. 4496; 11/MCON-000001; 11/ICON-000001) [14404](#)

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

■ Resolución da Presidencia, do 5 de novembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se introduce un control de nacionais de terceiros países nas fronteiras exteriores e se modifican os Regulamentos (CE) nº 767/2008, (UE) 2017/2226, (UE) 2018/1240 e (UE) 2019/817 [COM(2020) 612 final] [COM(2020) 612 final anexo] [2020/0278 (COD)]

-11/UECS-000026 (4778) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se introduce un control de nacionais de terceiros países nas fronteiras exteriores e modifícanse os Regulamentos (CE) nº 767/2008, (UE) 2017/2226, (UE) 2018/1240 e (UE) 2019/817 [COM(2020) 612 final] [COM(2020) 612 final anexo] [2020/0278 (COD)] [14601](#)

■ Resolución da Presidencia, do 5 de novembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Consello pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE do Consello no relativo a medidas temporais en relación co imposto sobre o valor engadido para as vacinas contra a COVID-19 e os produtos sanitarios para diagnóstico *in vitro* desta enfermidade en resposta á pandemia de COVID-19 [COM(2020) 688 final] [2020/0311 (CNS)]

-11/UECS-000027 (4779) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Consello pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE do Consello no relativo a medidas temporais en relación co imposto sobre o valor engadido para as vacinas contra a COVID-19 e os produtos sanitarios para diagnóstico *in vitro* desta enfermidade en resposta á pandemia de COVID-19 [COM(2020) 688 final] [2020/0311 (CNS)] [14664](#)



Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre uns salarios mínimos adecuados na Unión Europea [COM(2020) 682 final] [2020/0310 (COD)] { SEC(2020) 362 final} { SWD(2020) 245 final} { SWD(2020) 246 final}

-11/UECS-000028 (4788) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre uns salarios mínimos adecuados na Unión Europea [COM(2020) 682 final] [2020/0310 (COD)] { SEC(2020) 362 final} { SWD(2020) 245 final} { SWD(2020) 246 final} [14678](#)

Resolución da Presidencia, do 5 de novembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta modificada de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo á creación do sistema «Eurodac» para a comparación de datos biométricos para a aplicación efectiva do Regulamento (UE) XXX/ XXX [Regulamento sobre a xestión do asilo e a migración] e do Regulamento (UE) XXX/ XXX [Regulamento sobre o Marco de Reasentamento], para a identificación dun nacional dun terceiro país ou un apátrida en situación irregular, e ás solicitudes de comparación cos datos de Eurodac presentadas polos servizos de seguridade dos Estados membros e Europol para efectos de aplicación da lei, e polo que se modifican os Regulamentos (UE) 2018/1240 e (UE) 2019/818 [COM(2020) 614 final] [COM(2020) 614 final anexo] [2016/0132 (COD)]

-11/UECS-000029 (4853) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta modificada de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo á creación do sistema «Eurodac» para a comparación de datos biométricos para a aplicación efectiva do Regulamento (UE) XXX/ XXX [Regulamento sobre a xestión do asilo e a migración] e do Regulamento (UE) XXX/ XXX [Regulamento sobre o Marco de Reasentamiento], para a identificación dun nacional dun terceiro país ou un apátrida en situación irregular, e ás solicitudes de comparación cos datos de Eurodac presentadas polos servizos de seguridade dos Estados membros e Europol a efectos de aplicación da lei, e polo que se modifican os Regulamentos (UE) 2018/1240 e (UE) 2019/818 [COM(2020) 614 final] [COM(2020) 614 final anexo] [2016/0132 (COD)] [14716](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.2. Consello de Contas

1.5.1.2.3. Memoria de actividades

Acordo da Mesa do Parlamento, do día 3 de novembro de 2020, polo que se admite a trámite o escrito do Consello de Contas de Galicia no que remite a Memoria anual de actividades correspondente ao exercicio 2019 e os informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia correspondentes ao exercicio 2018 (doc. núm. 4496; 11/MCON-000001; 11/ICON-000001)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 4496, o escrito do Consello de Contas de Galicia relativo á Memoria anual de actividades correspondente ao exercicio 2019 e os informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia correspondentes ao exercicio 2018.

A Mesa, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

1º. A cualificación e admisión a trámite da Memoria anual de actividades correspondente ao exercicio 2019 e os informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia correspondentes ao exercicio 2018, aprobados polo Pleno do Consello de Contas de Galicia e remitidos a este Parlamento en cumprimento do disposto nos artigos 19, 20 e 25 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e no artigo 62 do seu Regulamento de réxime interior (doc. núm. 4496).

2º. A remisión da documentación presentada aos grupos parlamentarios.

3º. A publicación da referida documentación na páxina web do Parlamento de Galicia.

4º. A publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2019.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 5 de novembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se introduce un control de nacionais de terceiros países nas fronteiras exteriores e se modifican os Regulamentos (CE) nº 767/2008, (UE) 2017/2226, (UE) 2018/1240 e (UE) 2019/817 [COM(2020) 612 final] [COM(2020) 612 final anexo] [2020/0278 (COD)]

-11/UECS-000026 (4778) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se introduce un control de nacionais de terceiros países nas fronteiras exteriores e modifícanse os Regulamentos (CE) nº 767/2008, (UE) 2017/2226, (UE) 2018/1240 e (UE) 2019/817 [COM(2020) 612 final] [COM(2020) 612 final anexo] [2020/0278 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 4778, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para la Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se introduce un control de nacionais de terceiros países nas fronteiras exteriores e se modifican os Regulamentos (CE) nº 767/2008, (UE) 2017/2226, (UE) 2018/1240 e (UE) 2019/817 [COM(2020) 612 final] [COM(2020) 612 final anexo] [2020/0278 (COD)]

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Resolución da Presidencia, do 5 de novembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Consello pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE do Consello no relativo a medidas temporais en relación co imposto sobre o valor engadido para as vacinas contra a COVID-19 e os produtos sanitarios para diagnóstico *in vitro* desta enfermidade en resposta á pandemia de COVID-19 [COM(2020) 688 final] [2020/0311 (CNS)]

-11/UECS-000027 (4779) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Consello pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE do Consello no relativo a medidas temporais en relación co imposto sobre o valor engadido para as vacinas contra a COVID-19 e os produtos sanitarios para diagnóstico *in vitro* desta enfermidade en resposta á pandemia de COVID-19 [COM(2020) 688 final] [2020/0311 (CNS)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 4779, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Consello pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE do Consello no relativo a medidas temporais en relación co imposto sobre o valor engadido para as vacinas contra a COVID-19 e os produtos sanitarios para diagnóstico *in vitro* desta enfermidade en resposta á pandemia de COVID-19 [COM(2020) 688 final] [2020/0311 (CNS)]

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre uns salarios mínimos adecuados na Unión Europea [COM(2020) 682 final] [2020/0310 (COD)] { SEC(2020) 362 final} { SWD(2020) 245 final} { SWD(2020) 246 final}

-11/UECS-000028 (4788) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre uns salarios mínimos adecuados na Unión Europea [COM(2020) 682 final] [2020/0310 (COD)] { SEC(2020) 362 final} { SWD(2020) 245 final} { SWD(2020) 246 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 4788, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre uns salarios mínimos adecuados na Unión Europea [COM(2020) 682 final] [2020/0310 (COD)] { SEC(2020) 362 final} { SWD(2020) 245 final} { SWD(2020) 246 final}

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Resolución da Presidencia, do 5 de novembro de 2020, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta modificada de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo á creación do sistema «Eurodac» para a comparación de datos biométricos para a aplicación efectiva do Regulamento (UE) XXX/ XXX [Regulamento sobre a xestión do asilo e a migración] e do Regulamento (UE) XXX/ XXX [Regulamento sobre o Marco de Reasentamento], para a identificación dun nacional dun terceiro país ou un apátrida en situación irregular, e ás solicitudes de comparación cos datos de Eurodac presentadas polos servizos de seguridade dos Estados membros e Europol para efectos de aplicación da lei, e polo que se modifican os Regulamentos (UE) 2018/1240 e (UE) 2019/818 [COM(2020) 614 final] [COM(2020) 614 final anexo] [2016/0132 (COD)]

-11/UECS-000029 (4853) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta modificada de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo á creación do sistema «Eurodac» para a comparación de datos biométricos para a aplicación efectiva do Regulamento (UE) XXX/ XXX [Regulamento sobre a xestión do asilo e a migración] e do Regulamento (UE) XXX/ XXX [Regulamento sobre o Marco de Reasentamento], para a identificación dun nacional dun terceiro país ou un apátrida en situación irregular, e ás solicitudes de comparación cos datos de Eurodac presentadas polos servizos de seguridade dos Estados membros e Europol a efectos de aplicación da lei, e polo que se modifican os Regulamentos (UE) 2018/1240 e (UE) 2019/818 [COM(2020) 614 final] [COM(2020) 614 final anexo] [2016/0132 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 4853, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para la Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta modificada de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo á creación do sistema «Eurodac» para a comparación de datos biométricos para a aplicación efectiva do Regulamento (UE) XXX/ XXX [Regulamento sobre a xestión do asilo e a migración] e do Regulamento (UE) XXX/ XXX [Regulamento sobre o Marco de Reasentamento], para a identificación dun nacional dun terceiro país ou un apátrida en situación irregular, e ás solicitudes de comparación cos datos de Eurodac presentadas polos servizos de seguridade dos Estados membros e Europol a efectos de aplicación da lei, e polo que se modifican os Regulamentos (UE) 2018/1240 e (UE) 2019/818 [COM(2020) 614 final] [COM(2020) 614 final anexo] [2016/0132 (COD)]

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o



proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Consello de Contas
de Galicia



MEMORIA DE ACTIVIDADES

EXERCICIO 2019





CSV: BOPGDSPGP52wHsnFY8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

ÍNDICE

MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2019.....	3
MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES EJERCICIO 2019.....	4
I. INTRODUCCIÓN	4
II. COMPOSICIÓN E ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO	5
II.1. COMPOSICIÓN	5
II.2. ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS COLEXIADOS	7
II.2.1. Normativa	8
II.2.2. Convenios de colaboración	9
II.2.3. Protección de datos de carácter persoal	10
III. ACTIVIDADE DE FISCALIZACIÓN	12
III.1. A FUNCIÓN FISCALIZADORA	12
III.2. INFORMES APROBADOS POLO PLENO DO CONSELLO NO ANO 2019.....	13
III.3. COMUNICACIÓNS OU DENUNCIAS PRESENTADAS ANTE O CONSELLO DE CONTAS	15
IV. ACTIVIDADE DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN.....	16
IV.1. ACTIVIDADE DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN	16
IV.1.1. Eixe 1: Colaboración na implementación de sistemas de prevención	16
IV.1.2. Eixe 2: Asesoramento sobre os instrumentos normativos ou internos en materia de prevención	17
IV.1.3. Eixe 3: Sensibilización e concienciación	18
IV.2. ACTUACIÓNS DO COMITÉ DE ÉTICA	19
IV.3. ACTIVIDADE DA COMISIÓN TÉCNICA DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN	21
V. ACTIVIDADE XURISDICCIONAL.....	22
VI. ACTIVIDADE CONSULTIVA.....	22
VII. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS	23
VII.1. PERSOAL	23
VII.2. FORMACIÓN	25
VII.3. BIBLIOTECA E ARQUIVO	26
VII.3.1. Arquivo e xestión documental.....	26
VII.3.2. Biblioteca e centro de documentación.....	27
VII.3.3. Comisión técnica de arquivo e xestión documental.....	29
VII.4. SERVIZO DE INFORMÁTICA	31
VII.4.1. Novos proxectos corporativos	31



VII.4.2. Mantemento Hardware e Software	31
VII.4.3. Configuración e soporte de sistemas.....	32
VII.4.4. Atención aos usuarios	33
VII.4.5. Grupo de traballo de administración electrónica.....	33
VIII. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL	34
IX. PARTICIPACIÓN EN ORGANOS COLEXIADOS	37
IX.1. COMISIÓN DE TRANSPARENCIA.....	37
IX.2. COMISIÓN MIXTA CONSELLO DE CONTAS – INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.....	37
X. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 2019	38
X.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS	38
X.1.1. Créditos iniciais. Modificacións e créditos definitivos	38
X.1.2. Obrigas e pagamentos	39
X.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS	42
X.2.1. Previsións iniciais, dereitos e recadación	42
XI. INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS EFECTUADAS POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA.....	43
XI.1. OBXECTIVO E ALCANCE.....	43
XI.2. RESULTADOS DO SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO ...	46
XI.3. RESULTADOS DO SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS NO SECTOR PÚBLICO LOCAL.....	50
APÉNDICES	53
APÉNDICE 1. ORGANIGRAMA: FISCALIZACIÓN, PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN E AXUIZAMENTO A 31 DE DECEMBRO DE 2019	
APÉNDICE 2. INFORME DE ACTIVIDADES DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN. EXERCICIO 2019	
APÉNDICE 3. INFORME DE ACTUACIÓNS DO COMITÉ DE ÉTICA. EXERCICIO 2019	
APÉNDICE 4. INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMENTO DE RECOMENDACIÓNS. EXERCICIOS 2012 A 2017	



MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2019

En cumprimento do previsto no artigo 20 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e no artigo 50 do Regulamento de réxime interior aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións do Parlamento de Galicia co Consello de Contas, preséntase a Memoria anual correspondente ao exercicio 2019, integrada polos seguintes documentos:

Documentos
<i>Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2019</i>
<i>Contas anuais do Consello de Contas de Galicia correspondentes ao exercicio 2019</i>
Informes de fiscalización
<i>Informe de fiscalización selectiva das fundacións do Sector Público Autonómico</i>
<i>Informe de seguimento da fiscalización do endebedamento autonómico. Exercicios 2013-2017</i>
<i>Informe de fiscalización selectiva do Concello de Carballo. Exercicios 2013-2017</i>
<i>Informe de fiscalización selectiva do Concello de Porriño. Exercicios 2017-2018</i>
<i>Informe de fiscalización da rendición da Conta Xeral das entidades locais de Galicia. Exercicio 2018</i>
<i>Informe de fiscalización da Conta Xeral das entidades locais de Galicia. Exercicio 2018</i>
<i>Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2018</i>
<i>Informe de fiscalización dos Fondos Europeos. Exercicio 2018</i>
<i>Informe de fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na Administración Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2017</i>
<i>Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2018</i>
<i>Informe económico financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2018</i>
<i>Informe de fiscalización selectiva da entidade local menor de Bembrive. Exercicio 2015</i>
<i>Informe de fiscalización dos recoñecementos extraxudiciais de crédito aprobados polas entidades locais de Galicia. Exercicio 2018</i>
<i>Informe de fiscalización do Plan de Asistencia ao Ictus. Exercicios 2017 - 2018</i>
<i>Informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas. Exercicio 2018</i>
<i>Informe de seguimento das recomendacións das entidades locais de Galicia. Exercicio 2019</i>
Actuacións en materia de prevención da corrupción
<i>Informe sobre a avaliación da transparencia na actividade contractual das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega</i>

Faise constar que o día 20 de decembro de 2019 foron remitidos ao Parlamento de Galicia o *Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración Xeral, exercicio 2018* e o *Informe de fiscalización sobre a actuación das entidades*



loais de Galicia de máis de 10.000 habitantes en materia medioambiental, exercicios 2017-2018, atopándose ambos os dous pendentes da comparecencia do conselleiro maior á data da aprobación desta memoria.

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES EJERCICIO 2019

I. INTRODUCCIÓN

O Consello de Contas de Galicia, ente fiscalizador das contas e da xestión económico-financeira do sector público galego, foi creado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Lei de Galicia 6/1985 (en diante LCC), modificada pola Lei 4/1986, do 26 de decembro, pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, pola Lei 9/2017, do 26 de decembro e pola Lei 7/2019, de 23 de decembro, regula a súa organización e funcionamento.

O Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 18/1991, do 31 de xaneiro, precisou, entre outras cuestións, que as competencias do Consello de Contas en materia de axuízamento serán exercidas, no seu caso, por delegación do Tribunal de Cuentas.

Por Acordo do 23 de febreiro de 2017 da Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas do Parlamento de Galicia aprobouse o Regulamento de réxime interior da Institución (en diante RRI), ultimándose deste xeito o marco legal no que exerce as súas funcións.

O inicio das actividades do Consello de Contas produciuse o 1 de marzo de 1991, ao tomar posesión dos seus cargos os cinco conselleiros designados polo Parlamento de Galicia. De acordo co previsto na disposición transitoria 2ª da Lei do Consello de Contas, tres conselleiros foron renovados aos tres anos, isto é en 1994, para así poder axustar os nomeamentos dos conselleiros á renovación parcial na forma legalmente establecida, tres e dous, mantendo a duración dos seus mandatos en seis anos. Posteriormente en 1994, 1995, 1997, 2000, 2003, 2007, 2009, 2013, 2015 e 2016 foron efectuados polo Parlamento de Galicia os nomeamentos dos distintos conselleiros.

Destaca a reforma da Lei aprobada en 2015, na que se reforzan as competencias do Consello de Contas, atribuíndolle funcións en materia de prevención da corrupción, e potenciando a súa independencia, eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Pola súa relevancia, cabe facer mención a algúns dos aspectos máis destacables desta reforma:

Atribúenselle ao Consello de Contas as competencias en materia de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financeira do sector público da Comunidade Autónoma, creando unha nova sección no Consello de Contas, a de Prevención da Corrupción, que estará presidida polo conselleiro ou conselleira maior e asistida por todo o persoal do Consello.



No ámbito da fiscalización, adiantase a data de rendición da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, que queda fixada no 30 de setembro; ademais, o Consello asume a competencia de fiscalizar a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupen altos cargos no sector público autonómico e refórzase o mecanismo de inicio dos procedementos de fiscalización a través de comunicacións de persoas físicas ou xurídicas.

No ámbito consultivo, ábrese a vía para que o Consello, a petición dos órganos competentes, poida emitir informes facultativos que unifiquen os criterios que permiten levantar os reparos que no ámbito da Administración local e en materia económico-financeira se poidan presentar. Ademais, o Consello pasa a ser a institución asesora da Cámara lexislativa en materia económico-financeira e asume a competencia de responder as consultas que se lle formulen sobre a execución e liquidación dos orzamentos autonómicos, así como sobre os proxectos normativos que afecten os ingresos e os gastos públicos.

II. COMPOSICIÓN E ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1. COMPOSICIÓN

A composición orgánica do Consello de Contas é a establecida polo artigo 6 da LCC. Segundo o disposto nesa norma, son órganos da Institución de control externo: o Pleno; o conselleiro ou conselleira maior; a Comisión de Goberno; as Seccións de Fiscalización, de Axuízamento, e de Prevención da Corrupción; os conselleiros e conselleiras; e a Secretaría Xeral. As funcións que corresponden a cada un destes órganos detállanse nos artigos comprendidos entre os números 7 ao 11 do devandito texto legal. Ao Pleno atribúenselle competencias en materia de fiscalización, axuízamento e prevención da corrupción, xunto con outras de réxime interno; os outros órganos exercen funcións de carácter máis específico: de fiscalización e axuízamento e prevención da corrupción, no caso das Seccións; de administración e réxime interno, no da Comisión de Goberno.

Doutra banda, as atribucións do conselleiro maior consisten na representación institucional, convocar e presidir o Pleno, a Comisión de Goberno e a Sección de Prevención da Corrupción, e na xestión interna, exercer a xefatura superior de persoal, ordenación de gastos e pagos, contratación de obras, servizos e subministracións, entre outras. A Secretaría Xeral constitúe un órgano de apoio aos anteriores.

Durante o exercicio, o 13 de agosto de 2019, finou a excma. sra. conselleira dona Beatriz Rodríguez Fraga, responsable da Área de Institucional. Dando cumprimento á previsión contida no artigo 10.1.j) do Regulamento de réxime interior da Institución, o día 20 de agosto de 2019 o conselleiro maior comunicou ao presidente do Parlamento de Galicia a vacante producida e solicitou o nomeamento de novo conselleiro ou conselleira.



Coa mesma data de 20 de agosto de 2019, o Pleno, ao abeiro da competencia que lle atribúe o artigo 5.2 e) do Regulamento de réxime interior, acordou a adscrición da excma. sra. dona María Begoña Villaverde Gómez á Área de Institucional en tanto non se nomease polo Parlamento de Galicia o novo conselleiro ou conselleira.

Á data da elaboración da presente memoria o posto permanece vacante.

A 31 de decembro de 2019, a composición dos órganos do Consello era a seguinte:

O Pleno:

Presidente: Excmo. Sr. don José Antonio Redondo López
Vogais: Excma. Sra. dona Ana María Otero López
Excma. Sra. dona María Begoña Villaverde Gómez
Excmo. Sr. don Constantino Carreiras Souto
Secretaria: Sra. dona María Luisa Cardesín Díaz

Durante o exercicio 2019 o Pleno do Consello de Contas reuniuse en 16 sesións.

Comisión de Goberno:

Presidente: Excmo. Sr. don José Antonio Redondo López
Vogais: Excma. Sra. dona Ana María Otero López
Excma. Sra. dona M^a Begoña Villaverde Gómez
Secretaria: Sra. dona María Luisa Cardesín Díaz

Durante o exercicio 2019 a Comisión de Goberno reuniuse en 17 sesións .

Sección de Fiscalización

Está integrada por todos os membros do Consello e presidida pola conselleira excma. sra. dona María Begoña Villaverde Gómez.

Durante o exercicio 2019 a Sección de Fiscalización reuniuse en 8 sesións.

Sección de Axuizamento

Está integrada por todos os membros do Consello e presidida pola conselleira dona Ana María Otero López.

Sección de Prevención da Corrupción

Está integrada por todos os membros do Consello e presidida polo conselleiro maior excmo. sr. don José Antonio Redondo López.

Durante o exercicio 2019 a Sección de Prevención da Corrupción reuniuse en 2 sesións.



A adscrición dos conselleiros ás diferentes áreas prodúcese do seguinte xeito:

- Área de Coordinación Xeral: Excmo. Sr. don José Antonio Redondo López
- Área do Sergas: Excma. Sra. dona Ana María Otero López
- Área de Conta Xeral: Excmo. Sr. don Constantino Carreiras Souto
- Área de Corporacións Locais e Área de Institucional: Excma. Sra. dona María Begoña Villaverde Gómez

Como apéndice 1 a esta memoria, xúntanse dous cadros explicativos, un do organigrama de funcionamento das Seccións de Fiscalización, Prevención da Corrupción e Axuizamento e outro da Secretaría Xeral.

II.2. ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

No exercicio 2019, a actividade dos órganos colexiados, en número de sesións celebradas reflíctese no seguinte cadro:

Número de sesións dos órganos colexiados

Órganos colexiados	Núm. de sesións
Pleno	16
Comisión de Goberno	17
Sección de Fiscalización	8
Sección de Axuizamento	--
Sección de Prevención da Corrupción	2
Total sesións	43

Pola súa relevancia, desagreganse no seguinte cadro o número de asuntos tratados/acordos adoptados polo Pleno tendo en conta as materias ás que afectan:

Asuntos tratados/acordos adoptados polo Pleno

Asunto/materia	Núm. de asuntos
Aprobación informes de fiscalización	19
Ditames e opinión	2
Normativa	8
Medidas orzamentarias	3
Medidas en materia de persoal/RPT	3
Plan de Implantación da Administración Electrónica no Concello de Contas 2019-2022	1
Plan anual de traballo	1
Premio de Investigación "Carlos G. Otero Díaz". Creación e aprobación das bases para a concesión	1
Autorización de convenios	10
Acordos sobre comunicacións ou denuncias	18
Coñecemento escritos Tribunal de Cuentas	11
Outros asuntos	24
Total asuntos	101



II.2.1. NORMATIVA

Modificación de la Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia

A Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificou a LCCG para introducir nela unha nova disposición que regula un sistema transitorio de progresión na carreira administrativa do persoal funcionario que presta servizos no Consello de Contas de Galicia.

O sistema transitorio regulado na nova disposición – transitoria cuarta – promove a actualización e o perfeccionamento da cualificación profesional do persoal da Institución e lle permite progresar de maneira voluntaria e individualizada na liña do previsto no número 4 da disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Guías prácticas de fiscalización

As Institucións de Control Externo (ICEX), formadas polo Tribunal de Contas e os Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas (OCEX), asumiron o reto estratéxico de desenvolver un marco de normas técnicas e procedementos harmonizados, para favorecer unha maior homoxeneidade nos informes de fiscalización e estar en liña con pronunciamentos internacionais.

Os presidentes das ICEX acordaron o 30 de outubro de 2012 crear unha Comisión Técnica de Normas e Procedementos, baixo a presidencia da Sección de Fiscalización do Tribunal de Contas, co fin de adaptar á normativa española as Normas Internacionais das Entidades Fiscalizadoras Superiores (ISSAI), aprobadas por INTOSAI (*International Organisation of Supreme Audit Institutions*).

Despois dos traballos da Comisión Técnica e unha vez aprobadas en sucesivas conferencias de presidentes de ASOCEX (Asociación de Órganos de Control Externo), o Pleno do Consello de Contas de Galicia, en sesión celebrada o día 22 de decembro de 2014, acordou aprobar a aplicación nesta Institución da adaptación das normas internacionais de auditoría do sector público, de nivel III, introdución das ISSAI-ES 100 a 400, ISSAI-ES 100, ISSAI-ES 200, ISSAI-ES 300 e ISSAI-ES 400, e as de nivel IV, ISSAI-ES 1000, ISSAI-ES 1003 e ISSAI-ES 1700, que constitúen os principios fundamentais de fiscalización do sector público e que serán de aplicación para todas as auditorías que se inicien desde a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG do 5 de febreiro de 2015).

Desde entón a Comisión Técnica elaborou, en desenvolvemento das ISSAI-ES, determinadas Guías prácticas reguladoras dos procedementos de fiscalización dos OCEX que durante os exercicios 2015, 2016 e 2017 foron presentadas e aprobadas en diversas reunións da Conferencia de Presidentes de ASOCEX e cuxa aplicación ao Consello de Contas foi disposta polo Pleno no ano 2017.



Durante o exercicio 2018 a Comisión Técnica elaborou novas guías prácticas de fiscalización que foron aprobadas pola Conferencia de Presidentes de Asocex na sesión celebrada o 12 de novembro de 2018, de gran importancia para levar a cabo a fiscalización do sector público na contorna de administración electrónica na que actualmente se desenvolve o Consello de Contas.

Finalmente, na sesión que tivo lugar o día 12 de marzo de 2019 o Pleno do Consello dispuxo a aplicación na Institución das seguintes guías prácticas de fiscalización:

- GPF-OCEX 5313: Revisión dos controis básicos de ciberseguridade.
- GPF-OCEX 5330: Revisión dos controis xerais de tecnoloxías de información nunha contorna de administración electrónica.
- GPF-OCEX 5340: Os controis de aplicación: que son e como revisalos.
- GPF-OCEX 5370: Guía para a realización de probas de datos.

Instrucións

O Pleno do Consello de Contas aprobou no ámbito da fiscalización a *Instrución sobre a Identificación de actuacións dos Plans de Traballo e a xestión dos expedientes de fiscalización e Prevención da Corrupción* e a *Instrución sobre o seguimento das recomendacións formuladas en informes de fiscalización*, ambas as dúas na súa sesión do 01.07.2019.

Por outra banda, a Comisión de Goberno, na sesión do 09.10.2019 aprobou a Instrución sobre a provisión temporal mediante comisión de servizos de postos de persoal funcionario incluídos na Relación de Postos de Traballo.

II.2.2. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

Durante o exercicio 2019 asináronse os seguintes convenios previo acordo do Pleno:

- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e o Consello de Contas de Galicia para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (sesión do 07.02.2019).
- Protocolo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consello de Contas de Galicia para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia (sesión do 12.03.2019).
- Protocolo de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Consello de Contas de Galicia para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia (sesión do 12.03.2019).



- Protocolo de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Consello de Contas de Galicia para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia (sesión do 12.03.2019).
- Protocolo de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Consello de Contas de Galicia para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia (sesión do 12.03.2019).
- Protocolo de colaboración entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Consello de Contas de Galicia para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia (sesión do 13.03.2019).
- Convenio de Colaboración entre o Consello de Contas de Galicia e a Fundación para a Formación e a Investigación en Auditoría do Sector Público (Fiasep), para a formación e mellora das competencias profesionais do persoal do Consello de Contas de Galicia (sesión do 01.07.2019).
- Convenio de Colaboración entre o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas de Galicia sobre medidas de coordinación en relación coa rendición telemática das contas xerais e a remisión de información relativa aos contratos, os convenios e o control interno das entidades locais do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia (sesión do 01.07.2019).
- Addenda de prórroga e inclusión dunha nova cláusula ao convenio de colaboración para a incorporación do Consello de Contas de Galicia ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada da Xunta de Galicia (sesión do 29.10.2019).
- Convenio suscrito polo Tribunal de Cuentas, a Sindicatura de Comptes da Comunitat Valenciana, a Audiencia de Comptes de Canarias, a Cámara de Cuentas da Comunidade de Madrid, a Sindicatura de Cuentas das Illes Balears, o Consejo de Cuentas de Castilla y León, a Sindicatura de Cuentas do Principado de Asturias, o Consello de Contas de Galicia, a Cámara de Cuentas de Aragón, a Cámara de Cuentas de Andalucía e a Sindicatura de Comptes de Catalunya, polo que se acordan as condicións de utilización, explotación e mantemento das aplicacións informáticas que forman a Plataforma e o Portal de Rendición de Cuentas das Entidades Locais.

II.2.3. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Adecuación á reforma do marco normativo en materia de protección de datos persoais

Tras a entrada en vigor do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de



datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPDP) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD) contratáronse os servizos de auditoría precisos para verificar o grao de adecuación da entidade á nova normativa e recomendar medidas para adaptar a ela o funcionamento dos seus sistemas. O informe foi remitido ao Consello de Contas o 3 de decembro de 2018, e nel fanse constar determinadas cuestións a mellorar no ámbito da protección de datos da Institución.

Con data 25 de marzo de 2019 o Delegado de Protección de Datos (DPD) remitiu ao Pleno - órgano responsable do tratamento no Consello – un informe comprensivo da valoración da auditoría, da situación da Institución en materia de protección de datos e das súas propostas de mellora.

Á vista das recomendacións contidas no dito informe o Pleno, na sesión do 4 de abril de 2019 impartiu as instrucións precisas para o seu cumprimento.

Rexistro de actividades de Tratamento de Datos de Carácter Persoal

De conformidade co artigo 31 da LOPD, por acordo do Pleno do 1 de xullo de 2019, aprobouse o Rexistro de Actividades de Tratamento de datos de carácter persoal e ordenouse a inmediata publicación do Inventario de tratamentos no portal de transparencia da Institución.

O rexistro está suxeito a permanente actualización derivada de novas actividades, producíndose a primeira ampliación do inventario durante o mesmo exercicio, mediante acordo do Pleno do 29 de outubro de 2019 polo que se inclúe a actividade derivada da creación do Premio de Investigación Carlos G. Otero Díaz.

Avaliación de impacto de protección de datos

O Pleno do Consello de Contas, na súa sesión do 23 de setembro de 2019, acordou ordenar a realización dunha avaliación de impacto en materia de protección de datos persoais (AIPDP) das recollidas no artigo 35 do REPD motivada pola posta en marcha dun contrato de servizos na nube (*cloud computing*) integrado nos traballos de implantación da e-administración no Consello de Contas.

Tramitado o correspondente procedemento contractual a empresa adxudicataria entregou o informe contratado con data 4 de decembro de 2019.

Examinado o informe, o DPD recomendou a súa aprobación e remisión ao grupo de traballo de e-administración para a súa toma de consideración nos traballos de implantación do servizo *cloud computing* respecto ao cumprimento das obrigas legais na materia de protección de datos de carácter persoal.

A proposta do DPD foi aprobada polo Pleno na sesión do 19 de decembro de 2019.



III. ACTIVIDADE DE FISCALIZACIÓN

III.1. A FUNCIÓN FISCALIZADORA

Ao delimitar as competencias fiscalizadoras do Consello, a LCC sinala que o sector público galego está composto pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico, as entidades locais e organismos dependentes, as universidades públicas do sistema universitario de Galicia e as súas entidades e empresas dependentes e as corporacións de dereito público.

Como órgano estatutario, que depende do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ao ordenamento xurídico, actuando de oficio, a petición do Parlamento de Galicia, por delegación do Tribunal de Cuentas ou do Tribunal de Cuentas Europeo, cos que, ademais, pode colaborar en tarefas fiscalizadoras.

A función fiscalizadora do Consello de Contas comprende a actividade económico-financeira e contable do sector público de Galicia, e as subvencións, créditos, axudas, avais, exencións fiscais concedidas por aquel, así como os contratos celebrados polos entes públicos sinalados. Todo isto con criterios de legalidade, eficacia, eficiencia e economía. Ten encomendada ademais a emisión de ditames e consultas que lle soliciten as institucións e os entes públicos, en materia de contabilidade pública e de xestión económica e financeira.

Os traballos de fiscalización do Consello de Contas conclúen coa emisión de informes que se presentan ao Parlamento de Galicia. Os informes de fiscalización realízanse por iniciativa do propio Consello de Contas, que os inclúe no plan de traballo que anualmente se remite ao Parlamento de Galicia, tendo en conta as súas recomendacións, e, no seu caso, as comunicacións ou denuncias recibidas.

As fiscalizacións poden ser de tres tipos: de cumprimento, financeiras e operativas. Nas fiscalizacións de cumprimento verifícase se as actividades cumpren, en todos os aspectos significativos, coa normativa que as regula; nas financeiras, se a información financeira se presenta de conformidade co marco normativo que lle resulte aplicable; e nas operativas, analízase se as entidades fiscalizadas se xestionan de conformidade cos principios de economía, eficiencia e eficacia. Pódese dar o caso de que se combinen os distintos tipos de fiscalización.

Os informes, na fase de anteproxecto, unha vez coñecidos pola Sección de Fiscalización, sométense ás alegacións dos entes fiscalizados. Á vista das alegacións formuladas redáctase, pola área correspondente, un anteproxecto de informe que se somete á consideración da Sección de Fiscalización, que acorda o seu paso como proxecto ao Pleno para a súa aprobación. Unha vez



aprobados polo Pleno, os informes remítense ao Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, aos organismos e entidades fiscalizadas, e ao Tribunal de Cuentas.

III.2. INFORMES APROBADOS POLO PLENO DO CONSELLO NO ANO 2019

O Programa anual de actividades para o exercicio 2019 foi aprobado polo Pleno do Consello de Contas na súa sesión do 20 de decembro de 2018 e remitido ao Parlamento de Galicia o día 21 do mesmo mes.

O Plan anual recolle as fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal, as solicitadas polo Parlamento, as previstas en colaboración co Tribunal de Cuentas, e as programadas por iniciativa do Consello de Contas.

Tendo en conta que o proceso de execución das fiscalizacións se prolonga máis alá de cada exercicio, cada ano o Pleno aproba informes referidos a distintos plans de traballo. De forma prioritaria aténdese respecto de cada Plan á execución e aprobación dos informes de Conta Xeral (programados en cumprimento dun mandato legal) referidos ás contas rendidas en setembro do exercicio anterior, aos efectos de acadar o obxectivo de achegamento da data dos informes ao ano fiscalizado, seguindo a recomendación que se ten feito desde a Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas.

Durante o ano 2019 o Pleno do Consello aprobou un total de 19 informes, que se detallan no seguinte cadro:



Informes de fiscalización aprobados en 2019

Informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia aprobados en 2019	Aprobación polo Pleno	Envío ao Parlamento
Informe de fiscalización sobre o endebedamento das Entidades Locais de Galicia. Exercicio 2016	12-03-2019	26-07-2019
Informe de fiscalización da Responsabilidade Patrimonial do Sergas	11-06-2019	26-07-2019
Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde	11-06-2019	26-07-2019
Informe sobre o proceso de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma, exercicios 2010-2016	11-06-2019	26-07-2019
Informe económico financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2017	11-06-2019	26-07-2019
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia da Coruña. Exercicio 2016	11-06-2019	26-07-2019
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Lugo. Exercicio 2016	11-06-2019	26-07-2019
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Ourense . Exercicio 2016	11-06-2019	26-07-2019
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Pontevedra. Exercicio 2016	11-06-2019	26-07-2019
Informe agregado de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Exercicio 2016	11-06-2019	26-07-2019
Informe de fiscalización da rendición da Conta Xeral de Entidades Locais de Galicia. Exercicio 2017	11-06-2019	26-07-2019
Informe de fiscalización selectiva do Concello de Boiro. Exercicio 2015-2016	11-06-2019	26-07-2019
Informe de fiscalización da Conta Xeral das Entidades Locais de Galicia. Exercicio 2017	11-06-2019	26-07-2019
Informe de fiscalización do Concerto co Hospital Povisa	01-07-2019	26-07-2019
Informe de fiscalización dos Fondos Europeos. Exercicio 2017	01-07-2019	26-07-2019
Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2017	01-07-2019	26-07-2019
Informe de fiscalización de seguimento das recomendacións da contratación administrativa dos exercicios 2010-2011. Exercicio 2016	19-07-2019	26-07-2019
Informe de fiscalización de fondos de compensación interterritorial. Exercicio 2017	19-07-2019	26-07-2019
Informe de fiscalización sobre a actuación das entidades locais de Galicia de máis de 10.000 habitantes en materia medioambiental. Exercicios 2017-2018	29-10-2019	20-12-2019

Xunto cos informes anteriores, o Consello de Contas presentou ao Parlamento as súas contas anuais e a memoria de actividades correspondentes ao ano 2018.

Os informes de fiscalización aprobados polo Pleno do Consello de Contas de Galicia durante o ano 2019 atópanse dispoñibles a texto completo na sede web da Institución www.ccontasgalicia.es. Nesta dirección recóllese unha relación completa de todos os informes de fiscalización que o Consello de Contas de Galicia presentou ao Parlamento de Galicia desde o inicio da súa actividade e a versión electrónica dos informes posteriores ao exercicio 1996. Para consultar os anteriores, é dicir, os correspondentes aos exercicios 1990 a 1995, é preciso pórse en contacto coa biblioteca da Institución, onde se facilitará a súa consulta.



III.3. COMUNICACIÓNS OU DENUNCIAS PRESENTADAS ANTE O CONSELLO DE CONTAS

O artigo 24 da LCC, establece que o procedemento para o exercicio da función fiscalizadora tamén se poderá iniciar de oficio por acordo do Pleno do Consello de Contas, logo da comunicación presentada por persoa física ou xurídica.

Os artigos 65 e 66 do RRI regulan a tramitación das comunicacións ou denuncias e as actuacións complementarias que poden desenvolverse cando o Consello tivese coñecemento da existencia de feitos ou comportamentos que puidesen ser constitutivos de responsabilidade contable para os efectos de ampliar os feitos e cualificar, con maior coñecemento daqueles, a existencia de indicios desta responsabilidade.

Desde 2017 o Consello dispón dun protocolo de actuacións a seguir para a tramitación de comunicacións e denuncias, establecendo as distintas respostas que se deban dar ás denuncias presentadas, podendo adoptar algunha ou varias das seguintes decisións:

- Arquivo das actuacións, por entender que a denuncia aborda cuestións que non se atopan dentro das competencias da Institución.
- Remisión ao Tribunal de Cuentas para o seu coñecemento en relación á posible esixencia de responsabilidades contables.
- Remisión á Fiscalía no caso de que os feitos denunciados puidesen dar lugar a responsabilidades penais.
- Desenvolvemento de actuacións complementarias para ampliar os feitos e cualificar a posible existencia de responsabilidades.
- Inclusión nas fiscalizacións dos plans de traballo aprobados.
- Toma en consideración de cara á elaboración dos futuros plans de traballo.

No exercicio 2019 recibíronse 20 denuncias que foron obxecto de resolución polo Pleno. No cadro seguinte ofrécese información ao respecto dos acordos tomados polo Pleno en contestación ás denuncias presentadas:



Acordos adoptados polo Pleno en relación coas denuncias presentadas

Acordo do Pleno	Núm. de acordos
Arquivo das actuacións	9
Remisión ao Tribunal de Contas	2
Remisión á Fiscalía	0
Desenvolvemento de actuacións complementarias	0
Inclusión nas fiscalizacións dos plans de traballo aprobados	3
Toma en consideración para a elaboración de futuros plans de traballo	6
Total acordos	20

Os feitos obxecto das denuncias tomadas en consideración para a elaboración de futuros plans de traballo serán analizados nos informes de fiscalización das seguintes Corporacións Locais programados no Plan de Traballo do ano 2020:

- Concello de Mugardos (A Coruña)
- Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)
- Concello de Ponteareas (Pontevedra)

IV. ACTIVIDADE DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

IV.1. ACTIVIDADE DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN

A Sección de Prevención da Corrupción, en sesión celebrada o 28 de outubro de 2020, aprobou o informe das actividades desenvolvidas no ano 2019, que segundo o artigo 20.4 da LCC debe incorporarse a esta memoria anual.¹

Neste exercicio, as actuacións da sección centráronse nos eixes 1 e 3 definidos no documento denominado "Estratexia en materia de prevención da corrupción".

IV.1.1. EIXE 1: COLABORACIÓN NA IMPLEMENTACIÓN DE SISTEMAS DE PREVENCIÓN

En relación con este eixe a sección aprobou na súa sesión do 19 de xullo de 2019 a versión vixente do Documento nº 4 "Metodoloxía para a administración de riscos" e do Documento nº 5 "Catálogo de riscos por área de actividade".

O primeiro destes documentos aborda a descrición do proceso de identificación, avaliación e análise de riscos, en especial os de corrupción. O catálogo de riscos recolle unha relación dos riscos que de

¹ Apéndice 2



acordo coa experiencia fiscalizadora do Consello de Contas son recorrentes no sector público autonómico, así como as medidas correctivas que se propoñen para darlles resposta.

Os dous documentos foron postos a disposición dos centros xestores nos que se iniciaron os traballos de avaliación do control interno coa finalidade de proporcionarlles unha ferramenta para a descrición e valoración dos seus principais riscos de xestión, incluídos os de corrupción.

Por outra banda, o 16 de decembro de 2019 aprobouse o *Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral*, que constitúe o primeiro traballo de avaliación realizado na Administración xeral e enmárcase nas actuacións programadas polo Consello a desenvolver pola Área de Conta Xeral.

A actuación preséntase como unha revisión integral do control interno, fronte a outras revisións sectoriais programadas que afectan a áreas específicas de xestión como a área de contratación (Avaliación da transparencia na contratación das entidades instrumentais) ou a área de subvencións (Avaliación do control interno na xestión das subvencións).

O traballo, realizado en determinados centros seleccionados da Administración xeral, foi presentado na Comisión de Seguimento do Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia, sendo finalmente aprobado polo Pleno e remitido ao Parlamento o 20 de decembro de 2019.

Así mesmo, durante o ano 2019 traballouse na elaboración do *Documento nº 6: Plan de prevención de riscos do Consello de Contas*, cuxa coordinación correspondeu ao conselleiro da Área de Conta Xeral, asistido polo presidente da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción e pola responsable da Unidade de Prevención da Corrupción. Os ditos traballos desenvolvéronse tamén coa participación dos interlocutores das diferentes unidades administrativas e departamentos do Consello de Contas na identificación, valoración de riscos e propostas de medidas para reducilos e mellorar a xestión.

Por último foron obxecto de análise os *Informes de avaliación do control interno en axudas financiadas con fondos europeos* que foron sometidos á Comisión Técnica de Prevención da Corrupción para a súa valoración técnica.

IV.1.2. EIXE 2: ASESORAMENTO SOBRE OS INSTRUMENTOS NORMATIVOS OU INTERNOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN

No curso destes traballos do Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral presentáronse, e puxéronse á disposición dos



centros analizados, os documentos técnicos Metodoloxía para a administración de riscos e Catálogo de riscos en actividades comúns, elaborados pola Comisión Técnica de Prevención da Corrupción do Consello de Contas, coa finalidade de proporcionarlles unha ferramenta para a descrición e valoración dos seus principais riscos de xestión, incluídos os de corrupción.

As tres secretarías xerais técnicas nas que se realizou esta revisión (da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e da Consellería do Medio Rural) iniciaron con carácter experimental a elaboración dos respectivos proxectos de Plan de prevención de riscos de xestión, co asesoramento do persoal do Consello mediante:

- Acompañamento dos auditores aos responsables designados polas secretarías xerais técnicas para a elaboración dos mapas de riscos dos distintos centros.
- Acompañamento dos auditores aos responsables designados polas secretarías xerais técnicas para a elaboración dos anteprojectos de plans de prevención de riscos de xestión.

IV.1.3. EIXE 3: SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN

Este eixe de actuación comprende as accións de sensibilización para reforzar a implantación de mecanismos efectivos de prevención da corrupción, e as actuacións de concienciación e participación cidadá a favor da transparencia e o comportamento ético.

Neste sentido, os protocolos de colaboración configúranse como instrumentos fundamentais para o establecemento dun marco xeral que garanta o desenvolvemento eficaz das novas funcións de prevención.

En marzo de 2019 asináronse os protocolos de colaboración coas catro deputacións provinciais e coa FEGAMP para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia:

- Protocolo de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia, asinado o 12 de marzo de 2019.
- Protocolo de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia, asinado o 12 de marzo de 2019.
- Protocolo de colaboración coa Deputación Provincial da Coruña para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia, asinado o 12 de marzo de 2019.



- Protocolo de colaboración coa Deputación Provincial de Lugo para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia, asinado o 12 de marzo de 2019.
- Protocolo de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local, asinado o 13 de marzo de 2019.

En novembro de 2019 reuniuse a Comisión de Seguimento do Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia, para a presentación á Comisión por parte do Consello dos resultados do diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención da corrupción na Administración xeral.

En marzo e decembro de 2019 celebráronse sendas sesións da Comisión de Seguimento do Acordo de colaboración entre o Consello de Contas de Galicia e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación e sensibilización en materia de integridade e comportamento ético, asinado o 3 de decembro de 2018, para o seguimento dos contidos das unidades didácticas previstas no convenio. Na sesión de decembro foron presentadas na Comisión de Seguimento as unidades didácticas elaboradas polo Consello.

Por outra banda, unha das formas de lograr os obxectivos encomendados en materia de sensibilización é promover a investigación e coñecer as iniciativas de carácter científico en materias relacionadas coa prevención da corrupción..

Para incentivar a elaboración de traballos de investigación e teses doutorais o Consello creou o premio de investigación Carlos G. Otero Díaz, así nomeado en memoria do primeiro conselleiro maior da Institución.

As bases reguladoras para a súa concesión foron aprobadas por acordo do Pleno na súa sesión do 23 de setembro de 2019 (DOG núm.215, do 12 de novembro).

A convocatoria do I Premio de Investigación Carlos G. Otero Díaz foi acordada polo Pleno en sesión do 6 de marzo de 2020 (DOG núm.80, do 27 de abril de 2020).

IV.2. ACTUACIÓNS DO COMITÉ DE ÉTICA

En cumprimento do previsto na norma décima das Normas de funcionamento do Comité de Ética e da canle de queixas e denuncias, o 28 de outubro de 2020 o Pleno do Consello acordou a proposta



do propio Comité e por unanimidade, a incorporación do Informe de actuacións do Comité de Ética do exercicio 2019 a esta memoria de actividades.²

O comité celebrou durante 2019 tres reunións, nas que se trataron os seguintes asuntos:

Data da sesión	Asuntos tratados
11.03.2019	Proposta sobre escritos presentados na caixa do correo de denuncias do Consello de Contas (números 1/2019 e 2/2019 do Rexistro do Comité de Ética)
18.06.2019	Admisión da Comunicación 3/2019 presentada na canle electrónica de denuncias do Consello de Contas Presentación do informe de actuacións do Comité de Ética, exercicio 2018
10.07.2019	Informe-proposta do comisionado designado polo Comité de Ética sobre a Comunicación 3/2019 admitida na sesión anterior

No exercicio 2019 presentáronse tres comunicacións ao Comité de Ética referidas a incumprimentos de principios e valores do Código ético institucional nas actuacións do Consello, que deron lugar aos seguintes pronunciamentos:

Pronunciamento 1/2019	
Conduta denunciada	Convocatoria de distintas prazas da Institución en comisión de servizos aludindo a condutas que poden resultar incoherentes cos principios éticos de actuación contemplados no Código ético institucional do Consello de Contas.
Doutrina aplicada	Non procedeu
Acordo adoptado	Inadmisión da denuncia, por terse presentado a través da caixa do correo sen a identificación da persoa denunciante, sen prexuízo de que poida presentarse a través da canle electrónica.
Medida proposta	Non procedeu

Pronunciamento 2/2019	
Conduta denunciada	Convocatoria de distintas prazas da Institución en comisión de servizos poñendo en dúbida que a carga de traballo xustifique esa necesidade e aludindo a unha suposta previsión da Institución de amortizar algunha desas prazas.
Doutrina aplicada	Non procedeu
Acordo adoptado	Inadmisión da denuncia, por terse presentado a través da caixa do correo sen a identificación da persoa denunciante, sen prexuízo de que poida presentarse a través da canle electrónica.
Medida proposta	Non procedeu

Pronunciamento 3/2019	
Conduta denunciada	Non facilitar a promoción profesional do denunciante tras ter accedido a un grupo superior na súa Administración de orixe, en contra do criterio seguido ata esta data co resto do persoal que presta servizos na Institución.
Doutrina aplicada	Non corresponde ao Comité de Ética pronunciarse sobre a posible vulneración dos dereitos individuais dos empregados públicos por ser cuestións de legalidade ordinaria. Pronúnciase excepcionalmente neste caso por terse cuestionado o cumprimento do principio de imparcialidade polos órganos da Institución.
Acordo adoptado	Arquivo das actuacións por non advertir nas condutas denunciadas ningún incumprimento dos valores e principios recollidos no Código ético institucional do Consello de Contas.
Medida proposta	Non procedeu

² Apéndice 3.



Por outra banda, acordouse publicar no apartado Integridade e bo goberno da web do Consello un extracto dos pronunciamentos do Comité que inclúa a referencia ao número de expediente, unha breve e sucinta descrición da conduta denunciada, da doutrina aplicada e do acordo adoptado, e as medidas propostas para eliminar as eventuais condutas contrarias aos principios ou regras éticas e de bo goberno

IV.3. ACTIVIDADE DA COMISIÓN TÉCNICA DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

Tal como se establece no documento *Estratexia en materia de prevención da corrupción*, a Comisión de Prevención da Corrupción, constituída mediante acordo do Pleno de 7 de abril de 2017, configúrase como un dos elementos organizativos básicos sobre os que se apoia o desenvolvemento desta nova función. Está integrada por cinco auditores designados polos conselleiros de cada departamento e correspóndelle, entre outras funcións, definir os criterios para a avaliación dos sistemas de control interno e para a formulación de guías e modelos de plans de prevención da corrupción.

Durante o ano 2019 a Comisión reuniuse en 3 ocasións. O seguinte cadro recolle unha relación da documentación aprobada nas sesións celebradas, agrupándoa en dúas categorías:

- Documentos aprobados pola Comisión e remitidos á Sección de Prevención da Corrupción para a súa aprobación definitiva ou toma en consideración.
- Documentos de traballo: Inclúense nesta categoría tanto os documentos abertos a modificacións posteriores antes da súa aprobación definitiva, como aqueles presentados ante a Comisión polos distintos departamentos do Consello debido ao carácter transversal da materia de prevención da corrupción.



Data da sesión	Documentos remitidos á Sección de Prevención da Corrupción	Documentos de traballo
19.02.2019		Protocolos de colaboración coa FEGAMP e coas Deputacións provinciais
		Borrador do documento nº 4: Metodoloxía para a Administración de Riscos
		Borrador do documento nº 5: Catálogo de riscos por área de actividade
16.07.2019	Documento nº 4: Metodoloxía para a Administración de Riscos	Borrador do mapa de riscos do Plan de prevención do Consello de Contas
	Documento nº 5: Catálogo de riscos por área de actividade	
	Informe de actividades da Sección de Prevención da Corrupción 2018	
11.12.2019	Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral (Área de Conta Xeral)	Informes de avaliación do control interno en axudas financiadas con fondos europeos (Área de Coordinación Xeral)
Total sesións: 3		

V. ACTIVIDADE XURISDICCIONAL

Neste exercicio non se realizaron no Consello de Contas actividades xurisdiccionais practicadas por vía de delegación do Tribunal de Cuentas, ao non se producir ningunha delegación do devandito tribunal nese sentido.

VI. ACTIVIDADE CONSULTIVA

O artigo 4 f) da LCC establece que o Consello de Contas emitirá ditames e consultas que en materia de contabilidade pública e de xestión económico-financeira lle soliciten as institucións e entidades previstas no punto 1 do artigo 2, así como atender as consultas do Parlamento sobre os orzamentos da Comunidade Autónoma e a súa execución e liquidación e emitir opinión, por solicitude do Parlamento ou da Xunta, sobre proxectos normativos que afecten aos ingresos ou gastos públicos.

Por outra banda, a letra i) do artigo anterior atribúe ao Consello a posibilidade de emitir informes facultativos, por petición da consellería competente en materia de facenda, por instancia do órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais de Galicia, para resolver as discrepancias que lle sexan elevadas a este órgano polas persoas que ocupen a presidencia das entidades locais a través do procedemento regulado na normativa do Estado.

Finalmente, os artigos 67 a 69 do RRI desenvolven esta función consultiva, concretando o seu procedemento de tramitación.



No ámbito desta función, a Insitución tramitou no exercicio 2019 as seguintes consultas ao abeiro do artigo 4.f) da LCC:

Consultas	Acordo Pleno
Solicitud de asesoramento en materia de xestión económico financeira . Concello de Verín (Ourense).	Inadmisión 11.06.2019 (art. 68.1 e 4 do RRI)
Solicitud de asesoramento en materia de recadación. Concello de Barbadás (Ourense)..	Admisión 16.12.2019 Emisión consulta 06.03.2020

VII. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS

VII.1. PERSOAL

A RPT non foi modificada durante o ano 2019.

Os efectivos de persoal experimentaron as seguintes variacións:

- Catro ceses por xubilación: Letrado maior N30, auditor N30, dous técnicos de auditoría N26.
- Un cese por pase a situación de servizos especiais para desempeñar o cargo público electivo de concelleiro con dedicación exclusiva: auxiliar-administrativo N16.
- Un nomeamento con carácter definitivo por libre designación: Letrada maior N30.
- Tres nomeamentos con carácter provisional en comisión de servizos: Auditor N28, técnico de auditoría N26, axudante de auditoría N23.

A ocupación dos postos da RPT a 31 de decembro de 2019 era a seguinte:



Persoal funcionario			
Denominación do posto de traballo	Con dotación orzamentaria	Ocupadas	Vacantes
Auditor/a, nivel 30	10	9	1
Interventor/a, nivel 30	1	1	0
Letrado/a maior, nivel 30	1	1	0
Letrado/a, nivel 28	1	1	0
Auditor/a, nivel 28	6	6	0
Auditor/a-director/a técnico/a de gabinete, nivel 28	1	1	0
Auditor/a-técnico/a, nivel 28	1	0	1
Xefe/a Servizo de Informática, nivel 28	1	1	0
Xefes/as de Sección, nivel 26	3	3	0
Técnico/a de Informática nivel 26	1	1	0
Técnico/a de Informática nivel 25	1	1	0
Técnico/a-xurídico/a, nivel 25	1	0	1
Técnicos/as de Auditoría, nivel 26	22	19	3
Axudantes de Auditoría, nivel 23	11	11	0
Axudante Arquivo e Biblioteca, nivel 22	1	1	0
Administrativo/a de Informática, nivel 22	1	1	0
Secretaria/o da/o secretaria/o xeral, nivel 18	1	1	0
Auxiliar-administrativo/a (secretario/a n. 30), nivel 16	2	1	1
Auxiliar-administrativo, nivel 16	15	(*)13	2
Total persoal funcionario	81	72	9

(*) 8 Prazas ocupadas por persoal interino. Prevista a provisión definitiva polo procedemento de concurso-oposición pola disposición transitoria terceira da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, introducida polo artigo 7 da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Persoal laboral			
Denominación do posto de traballo	Con dotación orzamentaria	Ocupadas	Vacantes
Condutor/a de alto cargo	6	6	0
Conserxe	1	1	0
Subalterno/a	1	1	0
Total persoal laboral	8	8	0

Persoal eventual			
Denominación do posto de traballo	Con dotación orzamentaria	Ocupadas	Vacantes
Secretario/a	5	5	0
Total persoal eventual	5	5	0



VII.2. FORMACIÓN

O 3 de xullo de 2019, asinouse o segundo convenio de colaboración entre o Consello de Contas e a "Fundación para a Formación e Investigación en Auditoría do Sector Público" (FIASEP) cunha duración dun ano, prorrogable mediante a correspondente addenda.

Coa sinatura do convenio inicial o 8 de xullo de 2008, o Consello de Contas adquirira xa a condición de entidade colaboradora de FIASEP, integrándose como membro de pleno dereito no Consello Superior de Actividades da fundación, ostentando a partir dese momento a facultade de nomear un representante no pleno do devandito consello, así como en todas as comisións creadas no seu seo. Así mesmo, mantén o trato preferente no campo da formación impartida pola fundación, tanto mediante cursos de ámbito xeral como en termos de formación a medida para o persoal ao seu servizo; se ben adecuando o número de accións formativas e a súa contraprestación ás actuais necesidades formativas da Institución.

No seguinte cadro reflíctense os cursos e outras actividades convocados por FIASEP nos que participou persoal da Institución ao longo do exercicio 2019:

Cursos realizados en 2019

Cursos FIASEP	Núm. participantes
Introdución á auditoría operativa (on line)	1
Auditoría da xestión orzamentaria (on line)	2
A auditoría en España: revisión e verificación das contas anuais. Normas internacionais de auditoría adaptadas a España (NIA-NIES) (on line)	1
Total	4

O Consello de Contas colabora ademais coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) desde o ano 2012. Neste marco convencional os funcionarios da Institución participaron xunto co persoal da Administración autonómica en numerosos cursos organizados pola EGAP, referentes tanto ao currículo básico horizontal que constitúe as bases da organización da Administración pública como aos contidos sectoriais relativos a competencias concretas. Especial mención merece o curso monográfico "Os sistemas de integridade Institucional nas Administracións públicas" desenvolvido na sede da EGAP, con importante representación de directivos e persoal do Consello tanto entre os relatores como entre os asistentes.

Á marxe das entidades coas que colabora de xeito habitual, o persoal do Consello de Contas asistiu a actividades formativas de interese organizadas por diferentes instancias:



Outras actividades formativas realizadas en 2019

Actividades	Núm. participantes
Curso de Avaliación de Políticas e Programas Públicos. Asocex	2
IV Xornadas de Auditoría e Contabilidade en Galicia	1
XIII Encontros Técnicos dos Órganos de Control Externo (OCEX)	13
Total	16

VII.3. BIBLIOTECA E ARQUIVO

A Sección de Arquivo e Biblioteca constitúe unha unidade administrativa do Consello de Contas de Galicia cuxas funcións son a xestión dos recursos de información institucionais, fundamentalmente a documentación de arquivo e as publicacións propias, e a obtención dos recursos bibliográficos e documentais necesarios para o desempeño das actividades de control do sector público galego, de prevención da corrupción e das actividades administrativas corporativas.

Os servizos de Arquivo e Biblioteca teñen como obxectivo a plena satisfacción do usuario baixo criterios de legalidade, eficiencia e calidade. As actividades desenvolvidas polo Arquivo están orientadas a dar cumprimento ás funcións propias dun arquivo público do Sistema de Arquivos de Galicia: a xestión documental, a información e acceso aos documentos, e a protección do patrimonio documental do Consello. Pola súa parte, as actividades da Biblioteca dan cumprimento a estándares e normas internacionais baixo criterios de responsabilidade social, calidade técnica de procesos e servizos, produtividade, eficacia e redución de custos.

VII.3.1. ARQUIVO E XESTIÓN DOCUMENTAL

A Sección de Arquivo e Biblioteca, como unidade responsable dos servizos de arquivo, desempeña as funcións propias dun arquivo central e constitúe a cabeceira do sistema de arquivos e xestión de documentos da Institución.

No relativo á xestión da documentación administrativa realiza tarefas de recollida, instalación, descrición e servizo ás unidades produtoras dos fondos documentais da Institución. Como resultado das funcións de arquivo central durante o ano 2019, no Arquivo entraron 139 unidades físicas de instalación de documentación e 14 expedientes electrónicos transferidos desde as unidades de xestión e as áreas de fiscalización. A documentación das unidades físicas foi reinstalada e descrita ao longo do ano xunto cos expedientes electrónicos transferidos. Por outra banda, o Arquivo realizou 9 préstamos de documentos para a súa consulta nos despachos. Os datos destas actividades quedan recollidos no seguinte cadro resumo:



Unidades de instalación ingresadas e descritas – Unidades documentais prestadas en 2019

	Conta Xeral	Coordinación	Corporacións Locais	Institucional	Sergas	Secretaría	Total
Ingresadas	--	--	19	--	26	94	139
Descritas	--	--	19	--	26	101	146
Prestadas	--	--	--	--	1	8	9

Para poder achegar información relativa á xestión dos documentos e arquivo ás unidades administrativas e áreas de fiscalización, séguese a desenvolver dentro da Intranet a sección denominada ARQUIVO que conta cos apartados de Arquivo, Sistema de xestión documental e Comisión Técnica de Arquivo.

A Sección de Arquivo e Biblioteca realiza a través da Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental e do Grupo de Traballo de e-Administración, como órganos técnicos consultivos, propostas de regulación e desenvolvemento do Sistema de arquivos e de xestión dos documentos da Institución.

Por outro lado, participou en diversas actividades encamiñadas a dar cobertura a proxectos corporativos relativos ao desenvolvemento de procesos de identificación e catalogación dos procedementos da Institución e de identificación e catalogación das actuacións correspondentes aos plans anuais de traballo da Institución. No apartado correspondente a estes órganos recóllese a actividade que se desenvolveu neles a longo do ano 2019.

VII.3.2. BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

Para o desenvolvemento das funcións propias dun servizo de Biblioteca, realízanse actividades de carácter técnico, de selección e tratamento da información, e tarefas de prestación de servizos a usuarios internos e a institucións e usuarios externos. Estas actividades teñen como obxecto a subministración de información adecuada e aliñada coas metas do Consello, a promoción da formación e o desenvolvemento profesional do persoal, a accesibilidade, a rapidez e a pertinencia na atención ao usuario.

Dentro dos procesos técnicos son fundamentais os de localización e adquisición de fondos e documentos, e os que teñen como obxecto o control dos recursos bibliográficos mediante a súa incorporación ao catálogo automatizado da biblioteca. Os datos destes procesos son os seguintes:



Monografías	Publicacións seriadas	Exemplares de publ. seriadas	Analíticas de periódicas e monografías	Total
Rexistros catalogados 2019				
117	1	186	188	492
Rexistros dados de baixa 2019				
45	4	15	0	0
Número total de Rexistros no Catálogo a 31/12/2019				
9.975	395	10.637	11.963	32.970
Recursos electrónicos (e-books, bases de datos e outros)				1.701

A Sección de Arquivo e Biblioteca como centro de documentación presta servizos de atención personalizada en sala, facilitando información sobre fondos ou servizos propios, efectuando buscas bibliográficas e localizando fondos doutras bibliotecas ou servizos documentais. Pódese estimar que durante o ano 2019 a Biblioteca recibiu 817 visitantes entre o persoal da Institución. Os datos do seguinte cadro recollen o número de solicitudes atendidas pola biblioteca nos servizos de préstamo a domicilio e de acceso ao documento, así como o número de documentos ou copias facilitadas mediante eses servizos:

Servizos aos usuarios 2019

Fondos bibliográficos	Número de solicitudes	Número de ítems	
Préstamo a domicilio	297	297	
Préstamo interbibliotecario	1	1 monografía	
Acceso ao documento	21	21 ítems (135 copias 8 pdf)	
Rexistro mercantil	Número de Empresas	Número de solicitudes	
		Certificacións literais	Contas e outra información
	12	0	23

Ademais dos servizos de atención personalizada, de cuxa actividade dan conta os cadros anteriores, a biblioteca presta outros servizos de referencia e difusión da información, empregando as seguintes canles:

- O módulo OPAC que permite a todo o persoal da Institución consultar en todo momento o catálogo bibliográfico da biblioteca, mesmo acceder a artigos de revistas a texto completo ou aos sumarios das monografías de maior interese.
- A intranet da Institución que constitúe un portal único que fai visibles os recursos da biblioteca, facilita o acceso a recursos de información virtual, e permite unha difusión práctica e áxil da información, mediante alertas ou boletíns de novidades institucionais, xurídicas ou bibliográficas.



- O correo electrónico que se emprega como complemento na difusión de novas sobre os servizos da biblioteca ou como canle de difusión de información de interese.

No cadro de abaixo queda constancia do número de consultas efectuadas na Intranet aos recursos e servizos da biblioteca e tamén das consultas dos fondos da biblioteca mediante o catálogo OPAC.

Consultas 2019

Consultas no OPAC	Consultas na Intranet					Total intranet
	Información xeral	Servizos	E-Biblioteca	Taboleiro	Boletín electrónico	
438	661	67	697	72	17	1.514

VII.3.3. COMISIÓN TÉCNICA DE ARQUIVO E XESTIÓN DOCUMENTAL

A Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental (CTAXD) foi creada mediante acordo Pleno do Consello o 2 de febreiro de 2018 e constitúe un órgano técnico e de asesoramento, adscrito á Secretaría Xeral do Consello, encargado da avaliación e selección documental e do estudo das medidas e procedementos orientados á mellora da xestión documental e a coordinación do Sistema arquivístico da Institución. O acordo define a xestión documental e determina, entre as funcións e procesos que deben incluírse no sistema de xestión documental e arquivo, os relativos á definición e catalogación dos procedementos administrativos, ao deseño dos documentos e ás garantías de xestión documental, seguridade da información e protección de datos persoais na implantación dos procedementos electrónicos. A CTAXD quedou constituída o 12 de abril de 2018 e, trala aprobación do seu plan de traballo para o período 2018-2019, comezou a súa andaina desenvolvendo o seu traballo durante 7 sesións ao longo do ano 2018.

A CTAXD está composta por 5 vogais, unha presidencia e unha secretaria, sendo todos os vogais persoal funcionario adscrito á Secretaría Xeral.

Este órgano reuniuse en 2019 en 3 ocasións e os asuntos tratados e acordos adoptados foron os seguintes:

Asuntos tratados/acordos adoptados 2019

Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental	Núm. de asuntos
Plan de traballo 2018-2019. Modificación	1
Normalización do Sistema de arquivo e de xestión de documentos	1
Normalización de procedementos	4
Cualificación e avaliación de series documentais	1
Outros asuntos	1
Total asuntos	8



Normalización do Sistema de arquivo e de xestión de documentos

A CTAXD acordou elevar ao Pleno unha proposta de instrución sobre a identificación das actuacións dos plans de traballo e a xestión de expedientes de fiscalización e prevención da corrupción que achegou ás áreas de fiscalización os aspectos normativos e prácticos do acordo plenario de 6 de novembro do 2018, polo que se aprobou, a proposta da CTAXD, o sistema de identificación e clasificación de arquivo do Consello de Contas como parte integrante da política de xestión de documentos e os diversos instrumentos técnicos do mesmo, entre os que se inclúe o cadro funcional de clasificación de documentos, o repertorio de series documentais e o modelo de identificación de documentos e series de fiscalización e prevención da corrupción.

Normalización de procedementos

A CTAXD someteu a estudo as propostas da Sección de Arquivo e Biblioteca relativas á normalización de procedementos e o deseño dun sistema de información administrativo (SIACON) que estaría integrado por un catálogo de procedementos e servizos electrónicos (CIACON) un directorio do Consello de Contas (DIRCON) e un directorio de terceiros (TERCON). O seu obxecto é documentar un modelo de sistema de información administrativa que normalice os procedementos de identificación e catalogación de procedementos e servizos electrónicos co obxectivo de dotar a Institución dos instrumentos mínimos necesarios para dar cumprimento aos principios normativos e de boas prácticas que deben sustentar os procesos electrónicos, na consecución dunha administración orientada ao usuario, transparente e segura, que achegue calidade e valor á información e permita modernizar e reorganizar o propio funcionamento interno. A proposta recolle as características, obxecto, estrutura e contido do CIACON e do DIRCON e describe os atributos que deberán ser tidos en conta na elaboración das ferramentas informáticas que os deben soportar.

Cualificación e avaliación de series documentais

A CTAXD acordou elevar ao Pleno a proposta de transferencia extraordinaria ao Arquivo de Galicia da documentación correspondente aos exercicios 1990 a 1999 da serie documental do Consello de Contas "Documentación contable e xustificantes de gasto da Conta Xeral da Administración-ID 132".



VII.4. SERVIZO DE INFORMÁTICA

VII.4.1. NOVOS PROXECTOS CORPORATIVOS

Canle de presentación de queixas e denuncias ante o Comité de Ética do Consello de Contas

Durante o exercicio 2019 o Servizo de Informática puxo en funcionamento a canle de presentación de queixas e denuncias ante o Comité de Ética utilizando unha solución de código libre baseada no programa de software libre Globaleaks, desenvolto polo Hermes Center for Transparency and Digital Human Rights. A instalación e despregamento do software realizouse atendendo os requirimentos de seguridade esixibles nunha canle deste tipo: requisitos de confidencialidade, protección da infraestrutura e perfís de usuario. O servizo asumiu así mesmo a formación dos membros do Comité e o apoio técnico necesario para o uso da solución implementada.

Plan da Administración Electrónica do Consello de Contas de Galicia 2019-2022

O Plan da Administración Electrónica do Consello de Contas de Galicia 2019-2020, foi elaborado polo grupo de traballo de e-Administración creado polo Pleno, do que forma parte como membro nato o titular da xefatura de servizo de informática.

Plan operativo de Administración Electrónica 2019-2020

O servizo de informática asumiu durante o exercicio a execución das medidas incluídas no plan operativo 2019-2020 integrado no Plan da Administración Electrónica do Consello de Contas de Galicia 2019-2022.

VII.4.2. MANTEMENTO HARDWARE E SOFTWARE

O servizo de informática realizou tarefas de mantemento evolutivo e adaptativo de aplicacións internas, entre as que destacan as actuacións de redeseño do portal web e a incorporación de novos procedementos na sede electrónica.

Renovación Business Intelligence (BI) QLIKSense

No ano 2017 o Consello de Contas licitou e adxudicou a subministración dunha ferramenta informática de intelixencia empresarial (BI), por procedemento aberto con multiplicidade de criterios. Como resultado dese contrato, e segundo as características técnicas e funcionais que nel se requirían, seleccionouse e adquiriuse unha solución corporativa baseada no produto Business Intelligence (BI) QLIKSense para a carga de información con procesos ETL, con funcionalidades de



descubrimiento, análise e publicación interna (cadros de mando e follas de datos para traballo interno de auditoría) e externa (análises publicados na web corporativa).

Actualmente o gran volume de datos analizado nesta ferramenta, proporciona aos equipos de auditoría información preparada para realizar as tarefas encomendadas:

- Área de Entidades Locais: Conta Xeral das entidades, bases de datos de reparos, bases de datos de contratos.
- Área do Sergas: Conta Xeral do Sergas, bases de datos de fiscalizacións específicas.
- Base de datos de denuncias.
- Base de datos de control e seguimento de actuacións dos plans de traballo.

A utilidade da ferramenta e a necesidade da súa permanente actualización xustifica que durante o exercicio 2019 se contratase o mantemento evolutivo para os exercicios 2019-2020.

Limpeza e reorganización do CPD

A limpeza de armarios e servidores é crítico para un adecuado mantemento preventivo e prolonga a vida dos sistemas. Por tal motivo realizouse unha limpeza do CPD e aproveitouse para reorganizar o rack de datos e para limpar e eliminar cables obsoletos do falso chan, acumulados en diferentes actuacións ao longo dos anos.

VII.4.3. CONFIGURACIÓN E SOPORTE DE SISTEMAS

Durante o exercicio 2019 o servizo de informática, empregando os recursos propios da Institución, levou a cabo todas as tarefas relacionadas coa configuración e soporte de sistemas e mantemento do CPD como son:

- Instalación e xestión de paquetes software, tanto de uso xeneralizado (sistema operativo, antivirus, etc.) como específico dun usuario ou grupos de usuarios.
- Instalación e configuración das aplicacións corporativas do Consello de Contas.
- Administración de servidores (*Windows 2008 Server, Suse Linux*) e da contorna de virtualización.
- Deseño e administración de bases de datos corporativas.
- Mantemento de rede e dos servizos.

Cabe destacar o incremento e dedicación ás tarefas en materia de seguridade como poden ser:

- Monitorización do estado de seguridade de rede e servidores.



- Configuración de equipamento de seguridade (*firewall*, ids).
- Xestión de incidencias de seguridade.

VII.4.4. ATENCIÓN AOS USUARIOS

Entre as funcións do servizo está a atención ao persoal do Consello e dende a posta en marcha da sede electrónica a atención aos usuarios das entidades na resolución de incidencias e dúbidas do funcionamento da contorna. As tarefas máis importantes deste ámbito son:

- Asesoramento aos usuarios na utilización avanzada das ferramentas ofimáticas e aplicacións corporativas.
- Atención de incidencias de equipamento de microinformática.
- Atención de usuarios externos nos servizos de sede electrónica.

VII.4.5. GRUPO DE TRABAJO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Mediante acordo do Pleno do 20 de decembro de 2018, o Grupo de traballo de Administración Electrónica (GTAE) que dependía dende a súa creación da Comisión Técnica de Arquivo e Xestión documental pasou a depender do Pleno, para dotarlle de independencia da dita comisión, estando presidido o grupo de traballo pola conselleira da Área de Institucional e formado por 3 vogais e unha secretaria.

Durante o ano 2019 o grupo reuniuse en 13 ocasións, nas que se trataron os asuntos que se sinalan a continuación:

Asuntos tratados 2019

Grupo de Trabajo de Administración Electrónica	Núm. de asuntos
Plan de implantación da administración electrónica	3
Identificación e análise de procedementos	7
Outros	2
Total asuntos	12

Plan de implantación da administración electrónica

O GTAE procedeu ao longo deste ano á elaboración dunha diagnose sobre a situación desta materia na Institución, procedendo de xeito inmediato a redacción dunha proposta de Plan de implantación da administración electrónica do Consello de Contas de Galicia, 2019-2022 que foi aprobada polo Pleno o día 4 de abril de 2019. Para darlle máis difusión, realizouse unha presentación do plan para todo o persoal da Institución e outra no marco dos XIII Encontros Técnicos dos Ocex.



Identificación e análise de procedementos

No seo do GTAE desenvóléronse traballos de identificación e desenvolvemento dos seguintes grupos funcionais de procesos:

- Goberno e dirección. Procedementos de funcionamento dos órganos de goberno
- Administración. Procedementos de xestión de recursos humanos
- Administración. Procedementos de contratación administrativa
- Fiscalización. Procedementos de fiscalización
- Fiscalización. Procedementos de seguimento de recomendacións
- Prevención da corrupción. Procedementos de prevención da corrupción.

VIII. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL

O Consello de Contas participa activamente en distintos foros, tanto a nivel nacional como internacional, potenciando a proxección da Institución fóra da Comunidade Autónoma, mediante a elaboración de relatorios e comunicacións, fundamentalmente no ámbito da colaboración entre os diferentes órganos de control externo, que permiten unha adecuada difusión da labor desenvolvida por esta Institución.

No ano 2019, o conselleiro maior representou á Institución e participou nos seguintes actos e reunións:

- Comparecencia ante o Parlamento de Galicia, para a presentación da Memoria de Actividades da Institución do ano 2017, en Santiago de Compostela o 31 de xaneiro de 2019.
- Acto de sinatura dos Protocolos de colaboración entre cada unha das catro Deputación Provinciais e o Consello de Contas de Galicia, para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia, en Santiago de Compostela o 12 de marzo de 2019.
- Acto de sinatura do Protocolo de colaboración entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Consello de Contas de Galicia para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia, en Santiago de Compostela o 13 de marzo de 2019.
- Comparecencia ante o Parlamento de Galicia, para a presentación do Plan de Traballo da Institución do ano 2019, en Santiago de Compostela o 15 de marzo de 2019.
- VI Encontro Nacional da Real Academia de Ciencias Económicas e Financeiras, en Palma de Mallorca os días 11 e 12 de abril de 2019.



- Conferencia de presidentes da Asociación de Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas (ASOCEX), en Zaragoza o 3 de xuño de 2019.
- Comisión de Coordinación do Tribunal de Cuentas e dos Órganos de Control Externo (OCEX) en Zaragoza, o 4 de xuño de 2019.
- Acto académico conxunto da Real Academia de Ciencias Económicas e Financeiras e a Universidade de Beira Interior, en Covilha (Portugal), os días 18 a 22 de xullo de 2019.
- Acto de toma de posesión da Valedora do Pobo, en Santiago de Compostela o día 2 de agosto de 2019.
- Comparecencia ante a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos para explicar as liñas básicas do orzamento do Consello de Contas para o ano 2020 (Sesións Informativas sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020), en Santiago de Compostela o 30 de outubro de 2019.
- Comisión de Coordinación do Tribunal de Cuentas e os Órganos de Control Externo (OCEX) en Santiago de Compostela, do 14 de novembro de 2019.
- Conferencia de presidentes da Asociación de Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas (ASOCEX), en Madrid o 25 de novembro de 2019.
- Comisión de Coordinación dos presidentes do Tribunal de Cuentas e dos Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas, en Madrid o 26 de novembro de 2018.

A Institución estivo presente, a través dos seus conselleiros e conselleiras, en distintos actos, xornadas, seminarios e congresos celebrados a nivel nacional e internacional, entre os que cabe destacar:

- Reunión do Grupo de Traballo de administración electrónica do Tribunal de Cuentas, en Madrid o 15 de xaneiro de 2019.
- VIII Congreso Internacional sobre Contratación Pública: un ano despois. Implicación e aplicación práctica, organizada pola Universidade de Castilla–La Mancha, en Cuenca os días 16 a 18 de xaneiro de 2019.
- Reunión do Grupo de Traballo de administración electrónica do Tribunal de Cuentas, en Madrid o 15 de febreiro de 2019.
- Xornada “Presentación e redacción de informes de auditoría” organizada pola Fundación para Formación e Investigación en Auditoría do Sector Público (FIASEP), en Madrid o 22 de marzo de 2019.



- II Congreso de Compliance no Sector Público, organizada por Word Compliance Association, en Madrid o 27 de marzo de 2019.
- Seminario Internacional de EURORAI “A auditoría da deuda pública”, en Varsovia (Polonia) os días 16 a 18 de maio de 2019.
- Reunión semestral da Comisión da Plataforma de Rendición de Contas e da Comisión de Coordinación no ámbito local do Tribunal de Cuentas e as Organizacións de Control Externo Autonómicas (OCEX), en Alicante os días 6 e 7 de xuño de 2019.
- III Congreso Red Localis “Retos das Entidades Locais ante a transformación dixital da xestión pública”, en Ourense o 20 de xuño de 2019.
- II Xornada sobre Auditoría do Sector Público organizada pola Escola Galega de Administración Pública en colaboración co Colexio de Economistas da Coruña, en Santiago de Compostela o 13 de setembro de 2019.
- XIII Encontros Técnicos dos OCEX organizado pola Sindicature de Comptes de Valencia, en Valencia os días 25 e 27 de setembro de 2019.
- XIII Foro de Sanidade: Sanidad 4.0 ao servizo do paciente, organizado polo Centro de Estudos de Políticas Públicas e Goberno da Universidade de Alcalá, en Sevilla dos días 29 de setembro ao 2 de outubro de 2019.
- Congreso de Control Interno Local, organizado pola Deputación de Badaxoz e a Intervención Xeral da Administración do Estado (IXAE), en Badaxoz os días 3 e 4 de outubro de 2019.
- Seminario “Prevención e loita contra a fraude”, organizado polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral do Estado, en Madrid o día 8 de outubro de 2019.
- X Congreso EURORAI “As auditorías das institucións no ámbito da educación”, en Linz (Austria) os días 16 a 19 de outubro de 2019.
- Reunión semestral da Comisión da Plataforma de Rendición de Contas e da Comisión de Coordinación no ámbito local do Tribunal de Cuentas e as Organizacións de Control Externo Autonómicas (OCEX), en Madrid o día 18 de novembro de 2019.
- Curso monográfico “Os sistemas de integridade institucional nas Administracións públicas” organizado pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), en Santiago de Compostela os días 2 e 3 de decembro de 2019.



IX. PARTICIPACIÓN EN ORGANOS COLEXIADOS

IX.1. COMISIÓN DE TRANSPARENCIA

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno crea no artigo 33.1. a Comisión de Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo. A este órgano correspóndelle a resolución das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública que establece o artigo 28 da dita lei.

O artigo 33.2 atribúe a presidencia ao titular da institución do Valedor do Pobo, a vicepresidencia ao adxunto ou adxunta á institución do Valedor do Pobo e as vogalías a unha persoa representante da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da Xunta de Galicia, unha persoa representante do Consello Consultivo de Galicia, unha persoa representante do Consello de Contas e unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.

A proposta do Consello de Contas, e mediante resolución do 20 de abril de 2017 do Valedor do Pobo, nomeáronse a un auditor da Área de Conta Xeral e a unha auditora da Área de Institucional como vogal e como suplente respectivamente da Comisión da Transparencia, en representación da Institución.

Durante o ano 2019 a Comisión celebrou dez sesións nas que coñeceu de 182 reclamacións contra as resolucións sobre solicitudes de acceso á información pública.

IX.2. COMISIÓN MIXTA CONSELLO DE CONTAS – INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

O artigo 23.6 da LCC crea unha Comisión mixta formada por representantes do Consello de Contas e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, co obxectivo de intercambiar información implantando a rendición telemática, facilitar o acceso á documentación e mellorar o seguimento das recomendacións contidas nos informes de control. A composición, organización e funcionamento da Comisión regúlase mediante convenio.

No exercicio 2019 a Comisión celebrou dúas sesións ordinarias (o 24 de xuño e o 17 de decembro), que foron presididas, de acordo coas quendas rotatorias previstas no convenio, polo conselleiro da Área de Conta Xeral e pola Interventora Xeral da Comunidade Autónoma, respectivamente.

Na primeira sesión tratouse de como avanzar na rendición telemática da Conta Xeral para facilitar o tratamento dos datos que se renden ao Consello de Contas, acordando que neste exercicio se adiante o envío en soporte informático da información da liquidación orzamentaria das entidades con contabilidade orzamentaria, así como dos balances e contas de resultados de todas as entidades



con contabilidade financeira incluídas na Conta Xeral, así como a información complementaria requirida de xeito recorrente e elaborada pola propia Intervención Xeral.

Respecto da rendición telemática de contratos, explícase que por parte da Xunta estase a desenvolver un xestor de expedientes de contratación que pretende, entre outros obxectivos, alixeirar a carga de traballo dos órganos de xestión no cumprimento das obrigas de comunicación e rexistro dos contratos tramitados, e acórdase que pola Intervención Xeral se presenten nas sesións de desenvolvemento do novo aplicativo as necesidades do Consello de Contas nesta materia.

Na sesión de decembro informouse pola Intervención Xeral que vai proceder á modificación do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, coa finalidade de adaptar a estrutura e contido da Conta Xeral á regulación establecida na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; e de que nese momento tamén está en fase de elaboración unha orde de desenvolvemento deses preceptos da Lei. Acórdase que nunha reunión posterior da Comisión se expliquen as liñas desa orde na que se está traballando, aos efectos do seu coñecemento e posibles suxestións e opinións por parte do Consello de Contas.

En relación co seguimento das recomendacións, abordouse a necesidade de dar o paso de constituír grupos de traballo específicos para analizar aquelas nas que existen discrepancias sobre o seu cumprimento e buscar medidas alternativas posibles para dar solución ás incidencias ás que responden, e acórdase que sexa a Intervención Xeral quen defina as recomendacións que deban ser obxecto desa análise, e dar comezo á revisión polos grupos de traballo que proceda constituír.

Por último, expuxéronse as liñas de traballo dos plans de control/traballo para 2020, co compromiso de remitirse os respectivos plans unha vez que poidan ser obxecto de publicidade.

X. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 2019

X.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

X.1.1. CRÉDITOS INICIAIS. MODIFICACIÓNS E CRÉDITOS DEFINITIVOS

A Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 consigna créditos para executar na Sección 02 Consello de Contas de Galicia por importe de 7.288.943€.

Os créditos orzamentarios destínanse a financiar operacións correntes por importe de 6.810.073€ distribuídos en gastos de persoal por importe de 5.695.813€, gastos en bens correntes e servizos por 1.090.555€ e transferencias correntes por 23.705€. Así mesmo fináncianse operacións de



capital por importe de 442.809€ (investimentos reais) e operacións financeiras por 36.061€ que se corresponden con activos financeiros.

Os créditos iniciais modificáronse durante o exercicio como consecuencia de :

- Unha transferencia externa, negativa por importe de 1.489.785,89€, aprobada pola Xunta de Galicia respecto das dotacións non utilizadas a 31.12.2018 nos créditos do Consello de Contas de Galicia para o seu traslado ao programa 621B "Imprevistos e función non clasificadas", para a súa posterior reasignación.
- Unha transferencia de crédito interna entre créditos do Consello de Contas do capítulo I por importe de 130.438,00€ minorando a totalidade da dotación do concepto 180 "Fondo retributivo" e incrementando as dotacións dos conceptos 100.00 "Altos cargos e delegados" en 11.134,00€; 110.00 "Persoal eventual de Gabinete" en 3.907,00€; 120.00 "Funcionarios" en 108.039,00€ e 130.00 "Laborais" en 7.358,00€. O Fondo dotouse para financiar os incrementos das retribucións do persoal do Consello de Contas que se aproben en normas estatais de carácter básico.
- E unha transferencia de 51.000,00€ pola que se reasigna parte da dotación do Cap. II mediante o incremento da inicialmente consignada no seu subconcepto 227.06 "Traballos realizados por outras empresas. Estudos e traballos técnicos".

Estas modificacións supoñen a minoración do 20,44% dos créditos iniciais.

Por capítulos as cifras e porcentaxes de créditos iniciais, modificacións e definitivos son:

Créditos iniciais. Modificacións e créditos definitivos

Capítulos	C. iniciais	% créditos	Modificacións		C. definitivos	% variación
		s/ orzamento	Positivas	Negativas		capítulos
I	5.695.813,00	78,14	18.195,05	570.457,92	5.143.550,13	-9,70
II	1.090.555,00	14,96	0,00	525.218,23	565.336,77	-48,16
IV	23.705,00	0,33	0,00	15.423,46	8.281,54	-65,06
VI	442.809,00	6,08	0,00	384.506,03	58.302,97	-86,83
VIII	36.061,00	0,50	0,00	12.375,30	23.685,70	-34,32
	7.288.943,00	100,00	18.195,05	1.507.980,94	5.799.157,11	-20,44

X.1.2. OBRIGAS E PAGAMENTOS

As obrigas recoñecidas ascenderon á cantidade de 5.799.157,11€ que representan en porcentaxe o 79,56% dos créditos iniciais.



Os pagamentos realizados importaron 5.717.276,27€ que supón o 78,44% dos créditos iniciais e o 98,59% das obrigas recoñecidas durante o exercicio. Quedaron pendente de pagamento obrigas por importe de 81.880,84€.

As obrigas pendentes de pagamento procedentes de exercicios anteriores por importe de 65.825,37€, foron canceladas na súa totalidade.

Por capítulos de gasto, as cifras e porcentaxes de obrigas e pagamentos son:

Obrigas e pagamentos

Capítulos	C. iniciais	Obrigas	%obrigas s/c. iniciais	Pagamentos	%pagamentos s/ obrigas	%pagamentos s/ c. iniciais
I	5.695.813,00	5.143.550,13	90,30	5.090.480,45	98,97	89,37
II	1.090.555,00	565.336,77	51,84	536.525,61	94,90	49,20
IV	23.705,00	8.281,54	34,94	8.281,54	100,00	34,94
VI	442.809,00	58.302,97	13,17	58.302,97	100,00	13,17
VIII	36.061,00	23.685,70	65,68	23.685,70	100,00	65,68
	7.288.943,00	5.799.157,11	79,56	5.717.276,27	98,59	78,44

A execución por capítulos e artigos é a seguinte:

Capítulo I "Gastos de persoal"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. I.	% obrigas s/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C.I.
10 "Altos cargos"	407.116,00	391.171,50	96,08	6,75	391.171,50	96,08
11 "Persoal eventual"	142.841,00	146.214,82	102,36	2,52	146.214,82	102,36
12 "Funcionarios"	3.950.363,00	3.643.880,15	92,24	62,83	3.643.880,15	92,24
13 "Laborais"	269.047,00	264.603,40	98,35	4,56	264.603,40	98,35
16 "Cotas, pres. gastos sociais"	796.008,00	697.680,26	87,65	12,03	644.610,58	80,98
18 "Fondo retributivo"	130.438,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	5.695.813,00	5.143.550,13	90,30	88,70	5.090.480,45	89,37

O importe destinado a gastos de persoal é de 5.695.813,00€ e representan o 78,14% do importe total do orzamento inicial. O importe executado é de 5.143.550,13€ o que supón que o 90,30% dos créditos destinados a gastos de persoal foron executados.

Tendo en conta a orixe legal das obrigas de gastos de persoal, os remanentes son consecuencia fundamentalmente da non cobertura durante todo o exercicio da totalidade das prazas dotadas e existentes na relación de postos de traballo.



Capítulo II "Gastos en bens correntes e servizos"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. I.	% obrigas s/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C.I.
20 "Alugueres e canons"	82.405,00	58.583,74	71,09	1,01	53.626,22	71,09
21 "Reparación, mantemento e conservación"	225.509,00	107.401,49	47,63	1,85	98.718,83	47,63
22 "Material, subministrados e outros"	704.261,00	368.639,69	52,34	6,36	353.468,71	52,34
23 "Indemnizacións por razón servizo"	75.380,00	30.711,85	40,74	0,53	30.711,85	40,74
27 "Publicacións"	3.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	1.090.555,00	565.336,77	51,84	9,75	536.525,61	51,84

O importe destinado a gasto en bens correntes e servizos é de 1.090.555,00€ e representa o 14,96% do importe total do orzamento inicial. O importe executado é de 565.336,77€ o que supón o 51,84% €.

Estes remanentes son consecuencia dunha presupostación suficiente para asegurar a financiación interna das decisións de gasto necesarias para o funcionamento da Institución e o seguimento dunha política de restrición de gastos, realizándose unicamente os imprescindibles.

Capítulo IV "Transferencias correntes"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. I.	% obrigas s/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C.I.
48 "Transfer. a fam. e inst. sen ánimo de lucro"	21.000,00	6.281,54	29,91	0,11	6.281,54	29,91
49 "Transfer. ao exterior"	2.705,00	2.000,00	73,94	0,03	2.000,00	73,94
	23.705,00	8.281,54	34,94	0,14	8.281,54	34,94

O importe inicial destinado a gasto en transferencias correntes é de 23.705,00€ e representa o 0,33% do importe total do orzamento inicial. O importe executado é de 8.281,54€ o que supón o 34,94% dos créditos iniciais.

O destino das transferencias é a cobertura financeira da participación do Consello de Contas como membro da Asociación de Órganos de Control Externo Autonómicos (ASOCEX) e da Organización Europea das Institucións Rexionais de Control Externo do Sector Público (EURORAI).

Capítulo VI "Investimentos reais"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. I.	% obrigas s/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C.I.
62 "Inv. novo asociado ao func. op. dos servizos"	403.394,00	58.205,07	14,43	1,00	58.205,07	14,43
63 "Inv. rep. asociado ao func. op. dos servizos"	39.415,00	97,90	0,25	0,00	97,90	0,25
62 "Inv. novo asociado ao func. op. dos servizos"	442.809,00	58.302,97	13,17	1,01	58.302,97	13,17

O importe destinado a gasto en investimentos reais é de 442.809,00€ e representa o 6,08% do importe total do orzamento inicial. O importe executado é de 58.302,97€ o que supón o 13,17% dos créditos iniciais.



Os remanentes son consecuencia dunha presupostación suficiente para asegurar a financiación interna das decisións de investimento e a realización estrita das necesarias.

Capítulo VIII "Activos financeiros"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. I.	% obrigas s/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C.I.
83 "Concesión préstamos fóra do sector público"	36.061,00	23.685,70	65,68	0,41	23.685,70	65,68
	36.061,00	23.685,70	65,68	0,41	23.685,70	65,68

A finalidade é proporcionar cobertura financeira para conceder anticipos reintegrables, polo tanto o importe fórmulase con carácter precautorio e o gasto execútase en función das peticións formuladas.

O importe destinado a gasto en concesión de anticipos é de 36.061,00 € e representa o 0,50% do importe total do orzamento inicial. O importe concedido é de 23.685,70€ o que supón que o 65,68% dos créditos iniciais foron executados.

X.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

X.2.1. PREVISIÓNS INICIAIS, DEREITOS E RECADACIÓN

Como consecuencia das cifras consignadas para gastos, a execución e a actividade financeira desenvolvida efectuáronse as previsións, dereitos e recadación seguinte:

Capítulos	Previsións iniciais	Dereitos recoñecidos	Recadación	Pendientes de cobro
4 "Transferencias correntes"	6.810.073,00	5.716.731,48	5.634.850,64	81.880,84
5 "Ingresos patrimoniais"	0,00	436,96	436,05	0,91
7 "Transferencias de capital"	442.809,00	58.302,97	58.302,97	0,00
8 "Activos financeiros"	36.061,00	23.685,70	8.718,54	14.967,16
	7.288.943,00	5.799.157,11	5.702.308,20	96.848,91

A recadación dos dereitos pendentes de cobro de exercicios anteriores foi polos importes e conceptos seguintes:

Capítulos	Saldo inicial dereitos	Recadación	Pendientes de cobro
4 "Transferencias correntes"	65.825,37	65.825,37	0,00
5 "Ingresos patrimoniais"	1,94	1,94	0,00
8 "Activos financeiros"	3.985,71	3.771,48	214,23
	69.813,02	69.598,79	214,23



XI. INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS EFECTUADAS POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

XI.1. OBXECTIVO E ALCANCE

En cumprimento do disposto no artigo 50 do Regulamento de réxime interior, procédese a incluír nesta memoria a información sobre o seguimento das recomendacións realizadas en informes de fiscalización anteriores.

O ámbito do traballo abrangue o sector público autonómico e o sector público local de Galicia.

Respecto ao Sector público autonómico, o traballo a realizar comprende aos informes de fiscalización emitidos polo Consello de Contas de Galicia en informes de fiscalización dos exercicios 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017, que son realizados de forma periódica, polo que a verificación do grao de implantación das recomendacións formuladas nos informes de fiscalización dos ditos exercicios levarase a cabo na fiscalización do exercicio inmediato seguinte.

Respecto ás Corporacións locais, o traballo estende o seu ámbito a seis informes de fiscalización cuxas recomendacións foron obxecto de seguimento durante o exercicio 2019, actualizado ao 1 de xullo de 2020, e son obxecto dun informe específico de seguimento que se remite ao Parlamento de Galicia xunto con esta memoria de actividades.

O obxectivo é avaliar o impacto dos informes de fiscalización sobre a mellora das prácticas de xestión da Administración da Comunidade Autónoma e as entidades e organismos dela dependentes así como das entidades locais de Galicia a través da avaliación da aplicación das recomendacións formuladas polo Consello de Contas nos seus informes de fiscalización.

Este seguimento das recomendacións ten como referencia para a análise as contestacións remitidas polas entidades suxeitas a este control. Non se trata dun informe de fiscalización, senón que xurde como consecuencia das fiscalizacións realizadas en anos anteriores.

O alcance destas actuacións comprende o exame das contestacións remitidas ás distintas recomendacións formuladas nos seguintes informes de fiscalización:

Informes do sector público autonómico:

1. Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicios 2012 a 2017
2. Informe de fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicios 2012 a 2017
3. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 a 2017
4. Informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas. Exercicios 2012 a 2017



5. Informe económico – financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicios 2012 a 2017
6. Informe de fiscalización da tesouraría da Administración xeral. Exercicios 2014-2016.
7. Informe de fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do Sergas. Exercicios 2014-2016.
8. Informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS. Exercicio 2017
9. Informe de fiscalización do concerto co hospital POVISA
10. Informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes
11. Informe de fiscalización sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Exercicios 2010-2016

Informes do sector público local

12. Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia da Coruña. Exercicio 2015/2016.
13. Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Lugo. Exercicio 2015/2016.
14. Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Ourense. Exercicio 2015/2016.
15. Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Pontevedra. Exercicio 2015/2016
16. Informes programados a consecuencia de comunicacións presentadas. Concello de Boiro. Exercicio 2015/2016.
17. Informe sobre a actuación das entidades locais de Galicia en materia medioambiental. Exercicio 2017/2018.

Na análise e valoracións efectuadas aplicáronse os seguintes criterios de avaliación das contestacións formuladas polos entes fiscalizados:

1. Recomendación total ou substancialmente aplicada.



Considérase que a recomendación foi total ou substancialmente aplicada cando a entidade adoptou no seu ámbito competencial as medidas correctoras suficientes e proporcionadas para considerar que a recomendación foi atendida e non quedou pendente de resolución ningunha cuestión de significativa importancia.

2. Recomendación parcialmente aplicada.

Cando a entidade obxecto de control tomou en consideración as recomendacións e comezou a realizar actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, nunha parte delas ou nalgúns aspectos, sen completar a súa execución. Neste caso considerarase a recomendación parcialmente cumprida polo que se manterá a recomendación axustándoa ou reformulándoa no caso que sexa procedente.

3. Recomendación non aplicada.

Considerarase que a recomendación non foi aplicada se a entidade obxecto de control non ten realizado as actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, ou ben o tivera feito de xeito insuficiente ou inadecuado de maneira que a recomendación segue sen aplicarse.

Atendendo á diferente casuística que se produce, e sen prexuízo doutros casos que poidan considerarse, pódense distinguir, cando menos, as subcategorías seguintes.

3.1. Non aceptada, non compartida. Esta situación prodúcese cando a entidade obxecto de control non a ten tomado en consideración por discrepar coa recomendación efectuada polo Consello de Contas no seu informe de fiscalización.

3.2. Non contestada. Trátase de recomendacións sobre as que a entidade obxecto de control, en función da súa resposta ao seguimento efectuado, non se ten pronunciado nin expresa nin tanxencialmente, é dicir, non contestou ao seguimento efectuado individualmente da recomendación, ou o ten feito de xeito xenérico, poñendo de manifesto as medidas levadas a cabo pero sen vencellalas a unha recomendación concreta.

3.3. Aceptada. Pendente de aplicar. Neste suposto a entidade obxecto de control ten tomado en consideración a recomendación, mesmo recoñece a súa pertinencia e está de acordo co seu contido, malia non a aplicou. Tamén terá esta cualificación cando aínda que se teñen realizado actuacións, estas foron levadas a cabo de xeito insuficiente ou incompleto. Enténdese que a recomendación sendo aceptada e compartida atópase pendente de aplicación.



3.4. *Aceptada. En proceso de aplicación.* Neste caso a entidade obxecto de control acepta a recomendación e está a levar a cabo actuacións que permiten considerar que está en proceso de aplicación.

4. Recomendación non válida no marco actual.

Trátase de recomendacións que, aínda que válidas e pertinentes cando se emitiu o informe e para o exercicio fiscalizado, e aínda sendo aceptadas e recoñecidas pola entidade obxecto de control, non poden aplicarse no contexto actual, ao non darse as circunstancias que o permitan ou a mesma casuística que entón, é dicir, non se dan no momento actual os feitos que provocaron a recomendación no pasado.

5. Recomendación non verificada.

Trátase de recomendacións que, aínda que aceptadas ou mesmo aplicadas e corrixidas pola entidade obxecto de control, necesitarían obrigatoriamente dalgunha proba adicional para contrastar ou aclarar o manifestado pola entidade fiscalizada que excede o alcance previsto para esta información de seguimento.

XI.2. RESULTADOS DO SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO³

Este apartado reflicte, por unha banda, os resultados do seguimento segundo o manifestado polos órganos xestores, e por outra, os resultados obtidos segundo o criterio do Consello de Contas.

1. Resultado do seguimento segundo o manifestado polos entes fiscalizados:

Do total das 88 recomendacións analizadas, os órganos xestores non contestaron a 4 e aceptaron 72 (un 82% do total).

Das 72 recomendacións aceptadas, 22 considéranse aplicadas, 15 aplicadas parcialmente, 21 en proceso de aplicación e 14 pendentes de aplicar. É dicir, o 69% das recomendacións aceptadas están aplicadas total ou parcialmente ou en proceso de aplicación.

A continuación amósase a desagregación segundo o informe de fiscalización ao que se refiren as recomendacións:


³ No apéndice 4 xúntase unha análise con máis detalle.



Cadro sobre o grao de cumprimento das recomendacións do sector público autonómico segundo órganos xestores

Nº	Informes de fiscalización exercicios 2012 ao 2017	Número de recomendacións obxecto de seguimento	Grao aplicación segundo as entidades fiscalizadas				
			Non aceptadas non aplicadas	Aceptadas			
				Aplicadas	Aplicadas parcialmente	En proceso de aplicación	Pendientes de aplicar
1	Conta Xeral da Comunidade Autónoma	12	1	2	2	5	2
2	Fondos de Compensación Interterritorial	6	0	3	2	0	1
3	Fondos procedentes da Unión Europea	8	3	4	0	1	0
4	Fiscalización da Conta Xeral do Sergas	14	2	0	6	3	3
5	Fiscalización da actividade económica das Entidades Públicas Instrumentais	12	2	1	3	1	5
	Fiscalizacións recorrentes	52	8	10	13	10	11
6	Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral	7	2	2	1	1	1
7	Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do Sergas	3	0	0	1	2	0
8	Fiscalización da responsabilidade patrimonial do Sergas	9	3	5	0	0	1
9	Fiscalización do concerto co hospital Povisa	3	0	2	0	0	1
10	Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes	10	2	1	0	7	0
11	Procesos de extinción de entidades dependentes da C.A de Galicia	4	1	2	0	1	0
	Fiscalizacións non recorrentes	36	8	12	2	11	3
Total fiscalizacións		88	16	22	15	21	14

Grao aplicación recomendacións totais segundo as entidades fiscalizadas Exercicios 2012- 2017



2. Resultado do seguimento segundo o Consello de Contas:


Unha vez examinadas as contestacións efectuadas polas entidades fiscalizadas, o Consello de Contas levou a cabo a súa avaliación de coherencia e razoabilidade, tendo en conta a experiencia dos auditores nos correspondentes informes de fiscalización, obténdose os seguintes resultados.

Cadro sobre o grao de aplicación das recomendacións segundo o Consello de Contas

Nº	Informes de fiscalización Ex. 2012 ao 2017	Grao de aplicación segundo o Consello de Contas						
		Non aceptadas Non aplicadas	Non válidas no marco actual. Non aplicadas	Aceptadas				
				Aplicadas	Aplicadas Parcialm.	En proceso de aplicación	Pendientes de aplicar	(*) Non verificadas
1	Conta Xeral da Comunidade Autónoma	1	0	1	4	5	1	0
2	Fondos de Compensación Interterritorial	0	0	0	2	2	2	0
3	Fondos procedentes da Unión Europea	3	0	0	4	1	0	0
4	Conta Xeral do Sergas	2	0	0	6	0	4	2
5	Entidades Públicas Dependentes.	2	0	1	3	0	6	0
6	Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral	2	0	2	0	2	1	0
7	Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do Sergas	0	0	0	0	3	0	0
8	Fiscalización da responsabilidade patrimonial do Sergas	3	0	3	0	1	1	1
9	Fiscalización do concerto co hospital Povisa	0	0	2	0	0	1	0
10	Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes	2	0	1	0	0	0	7
11	Procesos de extinción de entidades dependentes da C.A de Galicia	1	0	0	0	0	1	2
Total		16	0	10	19	14	17	12



Grao aplicación recomendacións totais segundo avaliación do Consello de Contas Exercicios 2012- 2017



Das 72 recomendacións aceptadas, 10 considéranse aplicadas, 19 aplicadas parcialmente, 14 en proceso de aplicación e 17 pendentes de aplicar. É dicir, o 60% das recomendacións aceptadas están aplicadas total ou parcialmente ou en proceso de aplicación.

A continuación amósase a comparativa entre o manifestado polos órganos xestores e o resultado segundo o criterio do Consello de Contas.

Cadro comparativo sobre o grao de aplicación das recomendacións

Grao aplicación		Consello de Contas	Entidade fiscalizada
Non aceptadas	Non aceptadas. Non aplicadas	16	16
	Non válidas no marco actual		
Aceptadas	Aplicadas	10	22
	Aplicadas parcialmente	19	15
	En proceso de aplicación	14	21
	Pendientes de aplicar	17	14
	Non verificadas	12	
		88	88



XI.3. RESULTADOS DO SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS NO SECTOR PÚBLICO LOCAL⁴

Os 6 informes de seguimento de recomendacións afectan a 90 entidades e conteñen un total de 66 recomendacións; dada a súa natureza de informes de carácter horizontal (por afectar a varias entidades a excepción da fiscalización selectiva do Concello de Boiro), non todas as recomendacións dos informes afectan a todas as entidades do seu ámbito subxectivo. A individualización de recomendacións por entidade fai que o número total das que se fai seguimento ascenda á cifra de 715 recomendacións, de acordo co detalle do cadro que segue:

Cadro sobre os informes seguimento recomendacións corporacións locais

Título	Entidades	Rec. Informe	Rec. Seguidas
Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia da Coruña. Exercicio 2015/2016	10	14	76
Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Lugo. Exercicio 2015/2016	4	12	34
Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Ourense. Exercicio 2015/2016	5	11	39
Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Pontevedra. Exercicio 2015/2016	15	14	119
Informe sobre a actuación das entidades locais de Galicia en materia medioambiental. Exercicio 2017/2018	55	8	440
Informes programados a consecuencia de comunicacións presentadas. Concello de Boiro. Exercicio 2015/2016	1	7	7
Total	90	66	715

Ás solicitudes de información formuladas polo Consello de Contas para avaliar o grao de implantación das recomendacións contestaron 38 entidades enviando a información e evidencias solicitadas.

As respostas recibidas clasifícanse, atendendo ao grao de aceptación das correspondentes recomendacións, no cadro resumo seguinte:

⁴ No apéndice 4 xúntase unha análise con máis detalle.



Cadro sobre o grao aceptación recomendacións por código de actuación

Título	Entidades	Recomendacións seguidas	Aceptadas	Non aceptadas	Non contestadas
Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia da Coruña. Exercicio 2015/2016	10	76	70	0	6
Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Lugo. Exercicio 2015/2016	4	34	34	0	0
Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Ourense. Exercicio 2015/2016	5	39	20	7	12
Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Pontevedra. Exercicio 2015/2016	15	119	89	3	27
Informe sobre a actuación das entidades locais de Galicia en materia medioambiental. Exercicio 2017/2018	55	440	66	6	368
Informes programados a consecuencia de comunicacións presentadas. Concello de Boiro. Exercicio 2015/2016	1	7	7	0	0
Total	90	715	286	16	413

Logo das actuacións de comprobación e verificación realizadas, o resumo global da situación das recomendacións é o seguinte:

- 1) 35 recomendacións considéranse totalmente aplicadas, por terse adoptado as medidas correctoras suficientes e sen quedar pendente de resolución ningunha cuestión de importancia significativa, e achegar constancia diso.
- 2) 42 recomendacións considéranse parcialmente aplicadas, por ter tomadas en consideración polas entidades destinatarias das mesmas e comezar a realizar actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias postas de manifesto, nunha parte delas ou nalgúns aspectos, pero sen completar a súa execución.
- 3) 638 recomendacións teñen a consideración de non aplicadas, das cales:
 - a) 10 teñen a consideración de non aceptadas. Aínda que na información remitida polas entidades 16 recomendacións son cualificadas como non aceptadas, en realidade en 6 dos casos as entidades que declaran a non aceptación da recomendación manifestan que xa están a cumprir coas actuacións recomendadas. Esta circunstancia leva a interpretar que o que comunica a entidade é que non vai adoptar medida adicional ningunha. Porén, non hai constancia documental da realidade da implantación desas medidas, razón pola que permanecen nesta categoría.
 - b) 408 non foron contestadas no prazo concedido, manténdose vixente a recomendación.
 - c) 187 recomendacións foron aceptadas, pero non se levou a cabo ningunha actuación para corrixir as deficiencias ou debilidades postas de manifesto.




- d) 33 recomendacións son aceptadas pero aínda que se teñen realizado actuacións correctoras, as mesmas son insuficientes ou incompletas, de xeito que a recomendación segue sen aplicarse e, polo tanto, continúa vixente.

A continuación figura un cadro e gráfico que representa o resumo xeral das comprobacións realizadas.

Resumo xeral grao aplicación recomendacións corporacións locais

Pronunciamento	Nº	% s/total
Aplicada	35	4,90%
Parcialmente aplicada	42	5,87%
Non aplicada	638	89,23%
Non aceptadas	13	2,04%
Sen contestar	408	63,95%
Sen medidas	184	28,84%
Medidas insuficientes	33	5,17%
Total	715	100,00%

Corporacións locais Resumo xeral do grao de aceptación das recomendacións



Da análise efectuada polo Consello de Contas observouse que das 220 recomendacións consideradas aplicadas total ou parcialmente polas entidades, só 77 recomendacións poden ter tal condición.



APÉNDICES







CSV: BOPGDSGP62wHsnFy8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

APÉNDICE 1.

ORGANIGRAMA: FISCALIZACIÓN, PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN E AXUIZAMENTO A 31 DE DECEMBRO DE 2019



ORGANIGRAMA DE ADMINISTRACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2019





APÉNDICE 2: INFORME DE ACTIVIDADES DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN. EXERCICIO 2019

Consello de Contas
de Galicia



INFORME DE ACTIVIDADES DA SECCIÓN DE
PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

EXERCICIO 2019





CSV: BOPGDSPGP52wHsnFy8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	5
II. COLABORACIÓN NA IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE PREVENCIÓN (EIXE 1)	6
III. ASESORAMENTO SOBRE OS INSTRUMENTOS NORMATIVOS OU INTERNOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN (EIXE 2)	7
IV. SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN (EIXE 3)	7





CSV: BOPGDSPGP52wHsnFY8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

I. INTRODUCCIÓN

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, supuxo o reforzamento institucional do Consello a través da atribución de novas competencias, entre as que destacan as relacionadas coa prevención da corrupción, a fiscalización e control da actividade económico-financeira das formacións políticas que perciban subvencións da Comunidade Autónoma, no marco establecido na normativa do Estado, e a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupen altos cargos no sector público autonómico.

Dende o punto de vista organizativo, a aprobación do Regulamento de réxime interior trata de dotar de operatividade ao contido das novas funcións, concretando os elementos de detalle que permiten a definición, no marco establecido pola lei, dun auténtico modelo de realización das novas funcións preventivas en materia de corrupción.

O desenvolvemento da función de prevención da corrupción apóiase na seguinte estrutura organizativa:

- A Sección de Prevención da Corrupción, que exercerá as funcións que o Consello ten atribuídas nesta materia, presidida polo conselleiro maior e integrada polos conselleiros/as que o Pleno designe. A horizontalidade dos traballos desta Sección require para o seu desenvolvemento da participación de todos os departamentos do Consello de Contas.
- A Comisión Técnica de Prevención da Corrupción, integrada por cinco auditores designados polos conselleiros/as de cada departamento, que ten encomendadas, entre outras funcións, definir os criterios para a avaliación dos sistemas de control interno e para a elaboración de guías e modelos de plans de prevención da corrupción.
- A Unidade de Prevención da Corrupción, que dará apoio administrativo á Comisión para garantir a súa operatividade.

Dende o punto de vista estratéxico, definíronse tres eixes fundamentais en torno aos que se desenvolverán as actividades nesta materia: colaboración na implantación dos sistemas de prevención, asesoramento institucional, e sensibilización e concienciación.

A continuación relaciónanse as principais actuacións desenvolvidas en materia de prevención da corrupción durante o exercicio 2019, que se centraron nos eixes definidos no documento de estratexia.



II. COLABORACIÓN NA IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE PREVENCIÓN (EIXE 1)

En relación con este eixe a sección aprobou na súa sesión do 19 de xullo de 2019 a versión vixente do *Documento nº 4 "Metodoloxía para a administración de riscos"* e do *Documento nº 5 "Catálogo de riscos por área de actividade"*.

O primeiro destes documentos aborda a descrición do proceso de identificación, avaliación e análise de riscos, en especial os de corrupción. O catálogo de riscos recolle unha relación dos riscos que de acordo coa experiencia fiscalizadora do Consello de Contas son recorrentes no sector público autonómico, así como as medidas correctivas que se propoñen para darlles resposta.

Por outra banda, o 16 de decembro de 2019 aprobouse o *Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral*, que constitúe o primeiro traballo de avaliación realizado na Administración xeral e enmárcase nas actuacións programadas polo Consello a desenvolver pola Área de Conta Xeral.

A actuación preséntase como unha revisión integral do control interno, fronte a outras revisións sectoriais programadas que afectan a áreas específicas de xestión como a área de contratación (Avaliación da transparencia na contratación das entidades instrumentais) ou a área de subvencións (Avaliación do control interno na xestión das subvencións).

O traballo, realizado en determinados centros seleccionados da Administración xeral, foi presentado na Comisión de Seguimento do Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia, sendo finalmente aprobado polo Pleno e remitido ao Parlamento o 20 de decembro de 2019.

Así mesmo, durante o ano 2019 traballouse na elaboración do *Documento nº 6: Plan de prevención de riscos do Consello de Contas*, cuxa coordinación correspondeu ao conselleiro da Área de Conta Xeral, asistido polo presidente da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción e pola responsable da Unidade de Prevención da Corrupción. Os ditos traballos desenvóléronse tamén coa participación dos interlocutores das diferentes unidades administrativas e departamentos do Consello de Contas na identificación, valoración de riscos e propostas de medidas para reducilos e mellorar a xestión.

Por último, en decembro deste exercicio 2019 foron sometidos á Comisión Técnica de Prevención da Corrupción, para a súa valoración técnica como trámite previo a elevalos á Sección de Prevención da Corrupción, os *Informes de avaliación do control interno en axudas financiadas con fondos europeos*.



III. ASESORAMENTO SOBRE OS INSTRUMENTOS NORMATIVOS OU INTERNOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN (EIXE 2)

No curso destes traballos do *Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral* presentáronse, e puxéronse á disposición dos centros analizados, os documentos técnicos *Metodoloxía para a administración de riscos* e *Catálogo de riscos en actividades comúns*, elaborados pola Comisión Técnica de Prevención da Corrupción do Consello de Contas, coa finalidade de proporcionarlles unha ferramenta para a descrición e valoración dos seus principais riscos de xestión, incluídos os de corrupción.

As tres secretarías xerais técnicas nas que se realizou esta revisión (da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e da Consellería do Medio Rural) iniciaron con carácter experimental a elaboración dos respectivos proxectos de Plan de prevención de riscos de xestión, co asesoramento do persoal do Consello mediante:

- Acompañamento dos auditores aos responsables designados polas secretarías xerais técnicas para a elaboración dos mapas de riscos dos distintos centros.
- Acompañamento dos auditores aos responsables designados polas secretarías xerais técnicas para a elaboración dos anteprojectos de plans de prevención de riscos de xestión.

IV. SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN (EIXE 3)

Este eixe de actuación comprende as accións de sensibilización para reforzar a implantación de mecanismos efectivos de prevención da corrupción, e as actuacións de concienciación e participación cidadá a favor da transparencia e o comportamento ético.

Neste sentido, os protocolos de colaboración configúranse como instrumentos fundamentais para o establecemento dun marco xeral que garanta o desenvolvemento eficaz das novas funcións de prevención.

En marzo de 2019 asináronse os protocolos de colaboración coas catro deputacións provinciais e coa FEGAM para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia:

- *Protocolo de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia, asinado o 12 de marzo de 2019.*



- *Protocolo de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia, asinado o 12 de marzo de 2019.*
- *Protocolo de colaboración coa Deputación Provincial da Coruña para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia, asinado o 12 de marzo de 2019.*
- *Protocolo de colaboración coa Deputación Provincial de Lugo para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia, asinado o 12 de marzo de 2019.*
- *Protocolo de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local, asinado o 13 de marzo de 2019.*

En novembro de 2019 reuniuse a Comisión de Seguimento do *Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia*, para a presentación á Comisión por parte do Consello dos resultados do diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención da corrupción na Administración xeral.

En marzo e decembro de 2019 celebráronse sendas sesións da *Comisión de Seguimento do Acordo de colaboración entre o Consello de Contas de Galicia e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación e sensibilización en materia de integridade e comportamento ético*, asinado o 3 de decembro de 2018, para o seguimento dos contidos das unidades didácticas previstas no Acordo. Na sesión de decembro foron presentadas na Comisión de Seguimento as unidades didácticas elaboradas polo Consello.



APÉNDICE 3: INFORME DE ACTUACIÓNS DO COMITÉ DE ÉTICA. EXERCICIO 2019



INFORME DE ACTUACIÓNS DO COMITÉ DE ÉTICA EXERCICIO 2019





CSV: BOPGDSPGP52wHsnFY8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

ÍNDICE

I. PRESENTACIÓN	5
II. COMPOSICIÓN.....	5
III. REUNIÓN DO COMITÉ.....	6
IV. TRAMITACIÓN DE QUEIXAS E DENUNCIAS. PRONUNCIAMENTOS	6
V. OUTRAS ACTUACIÓN.....	7





CSV: BOPGDSPGP52wHsnFY8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

I. PRESENTACIÓN

O Comité de Ética do Consello de Contas de Galicia é un órgano creado no marco do seu Código ético institucional para a supervisión do cumprimento deste código e para a resolución das consultas e dos incumprimentos que se puidesen detectar no seo da Institución.

Calquera empregado do Consello ou calquera outra persoa poderá solicitar consultas sobre a aplicación do Código ético e sobre o funcionamento da canle de queixas e denuncias na dirección electrónica, e realizar queixas e denuncias sobre comportamentos que se advirtan no seo do Consello de Contas que supoñan o incumprimento dos valores, principios e regras recollidos no seu Código ético institucional.

A creación do Comité e a implantación da canle de queixas e denuncias como un medio que permita ter coñecemento de calquera acción ou omisión contraria aos principios de bo goberno, ademais de reforzar a xestión pública, constitúen dúas medidas clave do sistema de prevención da corrupción que todas as entidades públicas deberían adoptar.

O Comité iniciou a súa andadura coa sesión constitutiva celebrada o día 19 de febreiro de 2018. Ao longo do exercicio 2019 o Comité celebrou tres sesións.

En cumprimento das normas de funcionamento do Comité de Ética, a Secretaría do Comité elaborará un informe que recollerá todas as actuacións desenvolvidas durante o ano natural, que será elevado ao Pleno do Consello e xuntarase á memoria anual do Consello de Contas.

II. COMPOSICIÓN

O Comité está integrado por dous conselleiros ou conselleiras designados polo Pleno do Consello por un período de catro anos, un dos cales exerce a presidencia; pola persoa que exerce a presidencia da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción do Consello de Contas; e por dúas persoas de experiencia, competencia e prestixio profesional contrastado en materias relacionadas coa ética, o dereito ou a gobernanza de organizacións tanto do sector público como do privado, designadas polo Pleno do Consello de Contas polo mesmo período de catro anos.

Na actualidade está formado polos seguintes membros:

- Dona Ana María Otero López. Conselleira da Área do Sergas.
- Don Luís Míguez Macho. Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela.



- Dona Sonia Esperanza Rodríguez Boente. Profesora contratada-doutora de Filosofía do Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.
- Don Juan José García Martínez. Auditor da Área de Corporacións Locais.

III. REUNIÓN DO COMITÉ

Durante o exercicio 2019 o Comité celebrou tres reunións, nas que se trataron os seguintes asuntos:

Reunión do 11.03.2019

- Proposta sobre escritos presentados na caixa do correo de denuncias do Consello de Contas (números 1/2019 e 2/2019 do Rexistro do Comité de Ética).

Reunión do 18.06.2019

- Admisión da Comunicación 3/2019 presentada na canle electrónica de denuncias do Consello de Contas.
- Presentación do Informe de actuacións do Comité, exercicio 2018.

Reunión do 10.07.2019

- Informe-proposta do comisionado designado polo Comité de Ética sobre a Comunicación 3/2019 admitida na sesión anterior.

IV. TRAMITACIÓN DE QUEIXAS E DENUNCIAS. PRONUNCIAMENTOS

No exercicio 2019 presentáronse tres comunicacións ao Comité de Ética referidas a incumprimentos de principios e valores do Código ético institucional nas actuacións do Consello, que deron lugar aos seguintes pronunciamentos do Comité:

Pronunciamento 1/2019

Conduta denunciada: Convocatoria de distintas prazas da Institución en comisión de servizos aludindo a condutas que poden resultar incoherentes cos principios éticos de actuación contemplados no Código ético institucional do Consello de Contas.

Doutrina aplicada:

Acordo adoptado: Inadmisión da denuncia, por terse presentado a través da caixa do correo sen a identificación da persoa denunciante, sen prexuízo de que poida presentarse a través da canle electrónica.

Medida proposta: Non procede.



Pronunciamento 2/2019

Conduta denunciada: Convocatoria de distintas prazas da Institución en comisión de servizos poñendo en dúbida que a carga de traballo xustifique esa necesidade e aludindo a unha suposta previsión da Institución de amortizar algunha desas prazas.

Doutrina aplicada: Acordo adoptado: Inadmisión da denuncia, por terse presentado a través da caixa do correo sen a identificación da persoa denunciante, sen prexuízo de que poida presentarse a través da canle electrónica.

Medida proposta: Non procede.

Pronunciamento 3/2019

Conduta denunciada: Non facilitar a promoción profesional do denunciante tras ter accedido a un grupo superior na súa Administración de orixe, en contra do criterio seguido ata esta data co resto do persoal que presta servizos na Institución.

Doutrina aplicada: Non corresponde ao Comité de Ética pronunciarse sobre a posible vulneración dos dereitos individuais dos empregados públicos por ser cuestións de legalidade ordinaria. Pronúnciase excepcionalmente neste caso por terse cuestionado o cumprimento do principio de imparcialidade polos órganos da Institución.

Acordo adoptado: Arquivo das actuacións por non advertir nas condutas denunciadas ningún incumprimento dos valores e principios recollidos no Código ético institucional do Consello de Contas.

Medida proposta: Non procede.

V. OUTRAS ACTUACIÓNS

Actualización da publicidade dos pronunciamentos do Comité de Ética

A presidenta do Comité de Ética, na sesión celebrada o día 11 de xuño de 2019 suxire que na publicidade do extracto dos pronunciamentos do Comité a realizar no sitio Web Integridade e bo goberno do Consello o termo conduta investigada se cambie por conduta denunciada, por responder de forma máis precisa á realidade que se quere dar a coñecer.

Vista a proposta da presidencia, e logo das deliberacións e suxestións dos membros do Comité, acórdase a modificación do Acordo de publicidade aos pronunciamentos nos seguintes termos:

“Publicar no sitio Web Integridade e bo goberno do Consello un extracto dos pronunciamentos do Comité que inclúa a referencia ao número de expediente, unha breve e sucinta descrición da



conduta denunciada, da doutrina aplicada e do acordo adoptado, e as medidas propostas para eliminar as eventuais condutas contrarias aos principios ou regras éticas e de bo goberno”.





APÉNDICE 4: INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMIENTO DE RECOMENDACIÓN. EXERCICIOS 2012 A 2017

Consello de Contas
de Galicia



INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMIENTO DE RECOMENDACIÓN

[Artº 50.1.i) RRI CContas]

EXERCICIOS 2012 A 2017





CSV: BOPGDSPGP52wHsnFY8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	13
I.1. ASPECTOS LEGAIS	13
II. METODOLOXÍA	14
II.1. ÁMBITO DO TRABALLO	14
II.2. OBXECTIVOS	14
II.3. RECOMENDACIÓNS OBXECTO DE SEGUIMENTO	14
II.4. DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO	16
II.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS CONTESTACIÓNS ÁS RECOMENDACIÓNS	17
III. LIMITACIÓNS DAS ACTUACIÓNS	19
III.1. LIMITACIÓNS NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	19
III.2. LIMITACIÓNS NAS CORPORACIÓNS LOCAIS	19
IV. TRATAMENTO DAS CONTESTACIÓNS	20
IV.1. SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	20
IV.2. CORPORACIÓNS LOCAIS	21
V. CONCLUSIÓNS	21
V.1. CONCLUSIÓNS SOBRE O SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	21
V.2. CONCLUSIÓNS SOBRE AS CORPORACIÓNS LOCAIS	22
VI. RESULTADOS DO TRABALLO	24
VI.1. ANÁLISE XERAL SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	24
VI.1.1. Análise segundo as entidades fiscalizadas	24
VI.1.2. Análise segundo a avaliación do Consello de Contas	28
VI.2. ANÁLISE XERAL CORPORACIÓNS LOCAIS	36
VI.2.1. Consideración previa	36
VI.2.2. Entidades afectadas	36
VI.2.3. Resumo global da análise das respostas	37
VI.2.4. Resumo por código de actuación	39
VII. ANEXOS	41





CSV: BOPGDSPGP52wHsnFY8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo 1: Resultados do traballo. Ánalise do seguimento das recomendacións	43
Anexo 2: Estatística das recomendacións vixentes e grao de aplicación	99
Anexo 3: Cadro resumo das recomendacións vixentes e grao de aplicación	100
Anexo 4: Cadro comparativo das contestacións ás recomendacións e a súa avaliación	109
Anexo 5. Entidades locais que non remitiron a información requirida polo Consello de Contas	120





CSV: BOPGDSPGP52wHsnFY8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Recomendacións obxecto de seguimento sector público autonómico	24
Cadro 2: Grao aceptación recomendacións sector público autonómico segundo os xestores	26
Cadro 3: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico segundo os xestores	27
Cadro 4: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico segundo o Consello de Contas	29
Cadro 5: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico Ex. 2016-2017	33
Cadro 6: Informes seguimento recomendacións corporacións locais	36
Cadro 7: Grao aceptación recomendacións por código de actuación	37
Cadro 8: Resumo xeral grao aplicación recomendacións corporacións locais	38
Cadro 9: Recomendacións aplicadas segundo as entidades locais e o Consello de Contas	39
Cadro 10: Grao aplicación das recomendacións	39





CSV: BOPGDSPGP52wHsnFY8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico nº 1. Sector público autonómico Recomendacións totais por informes de fiscalización	25
Gráfico nº 2. Sector público autonómico Recomendacións totais Grao de aceptación segundo as entidades fiscalizadas Ex. 2017.....	26
Gráfico nº 3. Sector público autonómico Grao de aplicación recomendacións totais segundo as entidades fiscalizadas Ex. 2017.....	27
Gráfico nº 4. Sector público autonómico Grao de aplicación das recomendacións segundo o Consello de Contas Ex. 2017	30
Gráfico nº 5. Grao de aplicación recomendacións Conta Xeral da CA Ex. 2017	31
Gráfico nº 6. Grao aplicación recomendacións FFCI Ex. 2017	31
Gráfico nº 7. Grao aplicación recomendacións FFEECI Ex. 2017	32
Gráfico nº 8. Grao aplicación recomendacións Conta Xeral SERGAS Ex. 2017	32
Gráfico nº 9. Grao aplicación recomendacións Entidades Públicas Instrumentais Ex. 2017	33
Gráfico nº 10. Sector público autonómico Grao de aplicación das recomendacións Informes recorrentes Ex. 2017.....	34
Gráfico nº 11. Sector público autonómico Grao de aplicación das recomendacións Informes recorrentes Ex. 2016.....	34
Gráfico nº 12. Sector público autonómico Grao de aplicación das recomendacións Ex. 2017	34
Gráfico nº 13. Corporacións locais Resume xeral do grao de aceptación e aplicación das recomendacións	38
Gráfico nº 14. Corporacións locais Grao de aplicación recomendacións por actuación	40





CSV: BOPGDSPGP52wHsnFY8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

ABREVIATURAS

AC	Avaliación do Consello de Contas
ATRIGA	Axencia tributaria de Galicia
C	Contestacións
C.A.	Comunidade Autónoma
CCAA	Comunidades Autónomas
CAPD	Centro de atención a persoas maiores e dependentes
CE	Comunidade Europea
DX	Dirección Xeral
EOXI	Estrutura orgánica de xestión integrada
ESI	Fondos de inversión europeos
EUROSTAT	Oficina europea de estatística
FEDER	Fondo europeo de desenvolvemento rexional
FFCI	Fondos de compensación interterritorial
FFEE	Fondos europeos
FOGGA	Fondo galego de garantía agraria
FSE	Fondo social europeo
I+D+I	Investigación+desenvolvemento+innovación
IGAE	Intervención Xeral da Administración do Estado
IXCA	Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
LCCG	Lei do Consello de Contas de Galicia
LOEOSF	Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira
LOFAXGA	Lei de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galicia
MCA	Marco comunitario de apoio
N/A	Non aplicable
OI	Organismo intermedio
OOAA	Organismos autónomos
P.O.	Programa Operativo
POPE	Programa Plurirrexional de España
PYME	Pequena e mediana empresa
R	Recomendación
RUEPSS	Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais
SEC-2010	Sistema europeo de contas 2010
SERGAS	Servicio galego de saúde
TRLFOG	Texto refundido la lei financeira e orzamentaria de Galicia
UE	Unión Europea
XUMCO	Sistema de información de xestión unificada e mecanizada da contabilidade





CSV: BOPGDSPGP52wHsnFY8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



I. INTRODUCCIÓN

O Pleno do Consello de Contas, por acordo do 19 de decembro de 2019, aprobou o programa anual de traballo para o ano 2020 correspondente á fiscalización do exercicio 2018, no que se contempla a realización do seguimento das recomendacións formuladas como consecuencia das fiscalizacións dos exercicios 2012 ao 2017.

I.1. ASPECTOS LEGAIS

O artigo 51 da Resolución do 27 de febreiro de 2017 pola que se dispón a publicación do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia establece que o Consello proporá nos seus informes as medidas que estime que deben adoptarse para a mellor xestión económico-administrativa do sector público, así como aquelas outras máis idóneas para lograr un control máis eficaz deste.

Pola súa parte, o artigo 50.1 do mesmo texto xurídico establece que a Memoria anual comprenderá un balance das actuacións practicadas polo Consello de Contas e un resumo da súa actividade e organización, e xuntaráselle a seguinte documentación.

“ ...

i) A información sobre o seguimento das recomendacións realizadas en informes de fiscalización anteriores.

... ”

As recomendacións contidas nos informes de fiscalización pretenden a mellora dos sistemas, operacións, xestións e prácticas levadas a cabo polas entidades obxecto de exame.

As recomendacións son unha consecuencia das fiscalizacións e o Consello de Contas considera que o seu cumprimento por parte das entidades fiscalizadas implica unha mellora da xestión dos recursos públicos. Ademais, ao non ser vinculantes, o seu cumprimento manifesta que a entidade fiscalizada ten unha expresa vontade de mellorar a xestión e un compromiso coa transparencia.

Segundo as normas internacionais de auditoría, o seguimento dos informes de fiscalización constitúe a última fase do ciclo de planificación, execución e seguimento das auditorías de cumprimento.

Na realización deste traballo tívose en conta a metodoloxía que aplica o Tribunal de Contas Europeo, referido a fiscalizacións especiais.



II. METODOLOXÍA

II.1. ÁMBITO DO TRABALLO

O ámbito do traballo abrangue dos grandes sectores:

- Sector público autonómico
- Corporacións Locais

Respecto ao Sector público autonómico, o traballo a realizar comprende aos informes de fiscalización emitidos polo Consello de Contas de Galicia en informes de fiscalización dos exercicios 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017, que son realizados de forma periódica, polo que a verificación do grao de implantación das recomendacións formuladas nos informes de fiscalización dos ditos exercicios levarase a cabo na fiscalización do exercicio inmediato seguinte.

Respecto ás Corporacións locais, o traballo estende o seu ámbito a seis informes de fiscalización cuxas recomendacións foron obxecto de seguimento durante o exercicio 2019, actualizado ao 1 de xullo de 2020, que terán un tratamento específico e diferenciado neste informe.

II.2. OBXECTIVOS

O traballo ten como obxectivo principal avaliar o impacto dos informes de fiscalización sobre a mellora das prácticas de xestión da Administración da Comunidade Autónoma e as entidades e organismos dela dependentes a través da avaliación da aplicación das recomendacións formuladas polo Consello de Contas nos seus informes de fiscalización de realización anual.

Este seguimento das recomendacións ten como referencia para a análise as contestacións remitidas polas entidades suxeitas a este control. Non se trata dun informe de fiscalización, senón que xurde como consecuencia das fiscalizacións realizadas en anos anteriores.

II.3. RECOMENDACIÓNS OBXECTO DE SEGUIMENTO

As recomendacións obxecto de seguimento están contidas nos seguintes informes de fiscalización:

INFORMES RECORRENTES DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

1. Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicios 2012 a 2017
2. Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicios 2012 a 2017
3. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 a 2017
4. Fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde Exercicios 2012 a 2017





5. Informe económico financeiro sobre as Entidades Públicas Instrumentais. Exercicios 2012 a 2017.

INFORMES NON RECORRENTES DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

6. Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral. Exercicios 2014 a 2016

7. Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS. Exercicios 2014 a 2016.

8. Fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS. Exercicio 2017

9. Fiscalización do concerto co hospital POVISA

10. Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes

11. Fiscalización sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Exercicios 2010-2016

INFORMES DE SEGUIMENTO DE RECOMENDACIÓNS DA AREA DE CORPORACIÓN LOCAIS

12. Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia da Coruña. Exercicio 2015/2016.

13. Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Lugo. Exercicio 2015/2016.

14. Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Ourense. Exercicio 2015/2016.

15. Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Pontevedra. Exercicio 2015/2016

16. Informes programados a consecuencia de comunicacións presentadas. Concello de Boiro. Exercicio 2015/2016

17. Informe sobre a actuación das entidades locais de Galicia en materia medioambiental. Exercicio 2017/2018



II.4. DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO

A área de Coordinación Xeral é responsable de levar a cabo a coordinación dos traballos, e emitir o correspondente informe.

Respecto ao seguimento das recomendacións contidas nos informes de fiscalización do sector público autonómico, o traballo foi realizado de xeito transversal, é dicir, cada unha das áreas do Consello é a responsable da emisión dos informes que conteñen as recomendacións formuladas no seu momento, e levou a cabo o seguimento e a avaliación da coherencia das contestacións achegadas polas entidades fiscalizadas para a súa posterior clasificación, sen que forme parte do alcance do traballo realizar as probas de auditoría que foran pertinentes, proporcionando á Área de Coordinación Xeral os resultados das correspondentes avaliacións.

Respecto ao seguimento dos informes da área de Corporacións Locais, os datos e informacións están actualizados e téñense realizado probas de verificación para obter a avaliación técnica do seguimento das correspondentes recomendacións.

Cos resultados alcanzados, a Área de Coordinación Xeral elaborou o presente informe.

Para a consecución dos obxectivos formulados desenvolveuse o traballo conforme ás seguintes fases:

1. Listaxe de recomendacións. Elaboración dunha relación das recomendacións que figuran nos correspondentes informes de fiscalización do Consello de Contas. Clasificación das recomendacións por exercicio, tipo de entidade e tipo de recomendación.
2. Traballo de campo. Obtención de información actualizada do seu grao de aceptación e implantación, que se requirirá dos diferentes órganos xestores afectados, a través da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
3. Análise e avaliación das contestacións. Realización da avaliación dos datos, informacións e explicacións aducidas pola IXCA e demais entidades concernidas, sobre a coherencia das súas contestacións para a súa posterior clasificación, coa colaboración das áreas responsables dos informes de fiscalización a que corresponden as recomendacións.
4. Redacción do informe
5. Aprobación do informe

Cómpre salientar que, no ámbito do sector público autonómico, este ano o impacto da pandemia COVID-19 non fixo posible a formación de grupos de traballo mixtos a integrar por persoal fiscalizador coa participación da IXCA e dos centros xestores correspondentes, como estaba previsto, para realizar un seguimento máis detallado das recomendacións. Coa creación deses





grupos de traballo rexistrárase un impulso no grao de aplicación das recomendacións propostas nos informes de fiscalización.

Pola súa parte o Consello de Contas está a desenvolver un procedemento informático de seguimento permanente do cumprimento das recomendacións, actualizable en tempo real. Cando estea plenamente operativo suporá unha facilidade máis para que as entidades suxeitas a fiscalización poidan informar de inmediato dos seus avances nesta materia.

Dada a natureza deste seguimento de recomendacións, o informe non será sometido a trámite de alegacións.

II.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS CONTESTACIÓNS ÁS RECOMENDACIÓNS

Na análise das contestacións formuladas pola IXCA e as demais entidades concernidas no obxecto do traballo, o Consello aplicou os seguintes criterios:

1. Recomendación total ou substancialmente aplicada

Considérase que a recomendación foi total ou substancialmente aceptada cando a entidade adoptou, no seu ámbito de competencias, as medidas correctoras suficientes e proporcionadas para valorar que a recomendación foi atendida e non quedou pendente de resolución ningunha cuestión de importancia significativa. Neste caso a recomendación considérase cumprida.

2. Recomendación parcialmente aplicada

Cando a entidade obxecto de control tomou en consideración as recomendacións e comezou a realizar actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, nunha parte delas ou nalgúns aspectos, sen completar a súa execución. Neste caso considerarase a recomendación parcialmente cumprida polo que se manterá a recomendación axustándoa ou reformulándoa no caso que sexa procedente.

3. Recomendación non aplicada

Considerarase que a recomendación non foi aplicada cando a entidade obxecto de control non ten realizado as actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, ou ben o tivera feito de xeito insuficiente ou inadecuado de xeito que a recomendación segue sen aplicarse. Atendendo á diferente casuística que se produce, e sen prexuízo doutros casos que poidan considerarse, pódense distinguir, cando menos, as subcategorías seguintes.



3.1. Non aceptada, non compartida. Se a entidade obxecto de control non a ten tomado en consideración por discrepar coa recomendación efectuada polo Consello de Contas no seu informe de fiscalización.

3.2. Non contestada. Recomendacións sobre as que a entidade obxecto de control, en función da súa resposta ao seguimento efectuado, non se ten pronunciado nin expresa nin tanxencialmente, é dicir, non contestou ao seguimento efectuado individualmente da recomendación, ou o ten feito de xeito xenérico, poñendo de manifesto as medidas levadas a cabo pero sen vencellalas a unha recomendación concreta.

3.3. Aceptada. Pendente de aplicar. Se a entidade obxecto de control ten tomado en consideración a recomendación, mesmo reconece a súa pertinencia e está de acordo co seu contido, malia non habela aplicado. Tamén terá esta cualificación cando aínda que se teñen realizado actuacións foron levadas a cabo de xeito insuficiente ou incompleto. Enténdese que a recomendación sendo aceptada e compartida atópase pendente de aplicación.

3.4. Aceptada. En proceso de aplicación. Cando a entidade obxecto de control acepta a recomendación estando a levar a cabo actuacións que permiten considerar que está en proceso de aplicación.

4. Non válida no marco actual

Recomendacións que, aínda que válidas e pertinentes cando se emitiu o informe e para o exercicio fiscalizado, e aínda sendo aceptadas e recoñecidas pola entidade obxecto de control, non poden aplicarse no contexto actual, ao non darse as circunstancias que o permitan ou a mesma casuística que entón, é dicir, non se dan no momento actual os supostos dos feitos en función dos cales efectuouse a recomendación no pasado.

5. Non verificada

Recomendacións que, aínda que aceptadas ou mesmo aplicadas e corrixidas pola entidade obxecto de control, necesitarían obrigatoriamente dalgunha proba adicional para contrastar o manifestado pola entidade fiscalizada que excede o alcance previsto no traballo, ou ben o xeito de poder esclarecer as dúbidas xeradas pola contestación recibida ao seguimento realizado.

As recomendacións que non foron contestadas foron consideradas como non asumidas polo ente fiscalizado.





III. LIMITACIÓNS DAS ACTUACIÓNS

III.1. LIMITACIÓNS NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

No desenvolvemento deste traballo non se puxeron de manifesto limitacións ao alcance das actuacións de seguimento das recomendacións formuladas obxecto do traballo, coa excepción de que en catro das 88 recomendacións remitidas ás entidades obxecto de seguimento, non se obtivo resposta, considerando o Consello de Contas, na súa avaliación, que non foron asumidas polas ditas entidades.

III.2. LIMITACIÓNS NAS CORPORACIÓNS LOCAIS

Para a realización dos traballos contactouse con todas as entidades concernidas, e practicáronse as comprobacións necesarias para a verificación das afirmacións das devanditas entidades sobre o seguimento e cumprimento das recomendacións formuladas, téndose evidenciado as seguintes limitacións ao alcance:

- Non se recibiu resposta dos Concellos de Fene, Barbadás, Xinzo de Limia, Gondomar, O Porriño e Tui, no que atinxe ao informe de fiscalización sobre os acordos e resolucións contrarios aos reparos formulados polas intervencións locais. O oficio de seguimento das recomendación foi remitido a estas entidades entre o 24/09/2019 e o 12/10/2019 e polo tanto, enténdese que non resultou afectado pola paralización de prazos administrativos en aplicación do artigo 48 do Real Decreto-Lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19.
- No seguimento das recomendacións formuladas no informe sobre as actuacións medioambientais, dos 55 concellos aos que se lles iniciou o seguimento (en data 02/03/2020), só contestaron 9, mesmo despois de levantada a paralización de prazos administrativos establecida no Real Decreto Lei 11/2020. Non se recibiu resposta dos seguintes concellos: A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Laracha, Ames, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Baiona, Betanzos, Boiro, Bueu, Cambados, Cambre, Cangas, Carballo, Culleredo, Fene, Ferrol, Lalín, Lugo, Moaña, Nigrán, Noia, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, O Grove, O Porriño, Oleiros, Ordes, Poio, Ponteareas, Redondela, Rianxo, Ribeira, Sada, Sanxenxo, Sarria, Teo, Tomiño, Tui, Verín, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Vilalba, Vilanova de Arousa e Viveiro.



IV. TRATAMENTO DAS CONTESTACIÓNS

IV.1. SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

As contestacións ás recomendacións foron formuladas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, a Consellería de Sanidade – SERGAS, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Consellería de Política Social.

Estas entidades ofreceron os datos e explicacións das actuacións que se están a desenvolver para o cumprimento da recomendacións formuladas nos correspondentes informes de fiscalización. Estes datos e manifestacións avaliáronse co obxecto de determinar se as recomendacións foron admitidas, puxéronse en marcha as medidas ou mecanismos para solucionar as irregularidades ou deficiencias comunicadas ou si manifestan a súa disposición para solucionarlas no futuro.

Ao terse realizado o seguimento das recomendacións sobre a base das manifestacións realizadas polas entidades afectadas, a análise centrouse na valoración da coherencia das súas contestacións para a súa clasificación posterior, sen que formen parte do traballo a realización das probas substantivas de auditoría que sexan pertinentes.

Cando foi necesario efectuar algunha proba adicional de comprobación, que excede o alcance previsto neste traballo, indícase, ao respecto da recomendación de que se trate, “non verificada”, debendo ser analizada na forma e tempo oportunos, manténdose vixente o texto da recomendación.

Na avaliación da contestación realizada pola entidade afectada pode que o manifestado non se corresponda cos feitos que realmente se constatan nas fiscalizacións que periodicamente se efectúan e outras que se estean levando a cabo. Por ese motivo, os resultados deste traballo non condicionan os derivados de futuras fiscalizacións, nas que poderanse acadar conclusións diferentes das contidas aquí.

O texto das recomendacións e as contestacións ás mesmas, así como o nome da entidade que as formula, as consideracións e explicacións e as actuacións realizadas ou propostas, órgano responsable e prazo de implantación, figuran detalladas no Anexo 1 deste informe.

No Anexo 2 figura un cadro coa estatística das recomendacións vixentes e o seu grao de aplicación segundo a avaliación efectuada polo Consello de Contas. No Anexo 3 detállanse nun cadro cada unha das recomendacións, a cualificación das entidades fiscalizadas e a avaliación do Consello de Contas. No Anexo 4 figura un cadro comparativo das contestacións ás recomendacións e a súa avaliación, clasificadas por informes de fiscalización.





IV.2. CORPORACIÓNS LOCAIS

Para cumprir co previsto nos artigos 2.3 da LCCG, 51.4 da Resolución do 27 de febreiro de 2017 e na Instrución 2/2019, unha vez aprobados os informes de fiscalización, a conselleira responsable do informe iniciou o seguimento das recomendacións, mediante a remisión a estes efectos dunha solicitude de información á entidade fiscalizada.

A solicitude de información que incluíu a relación das recomendacións á entidade fiscalizada, comprendeu, de acordo co disposto no artigo 51.3 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas:

- Un pronunciamento expreso sobre a aceptación ou non de cada unha das recomendacións.
- As medidas adoptadas ou que ten previsto adoptar para facer efectivas as recomendacións, xuntando a documentación que o acredite, no seu caso.
- Identificación dos centros responsables de implantar as medidas propostas.
- Prazo estimado para a súa aplicación (cronograma).

Sobre o contido da comunicación das medidas adoptadas, realizáronse as probas de auditoría consideradas pertinentes, requirindo información e evidencias que acrediten a posta en marcha das medidas comprometidas, así como realizando traballos puntuais de fiscalización orientados a comprobar a realidade da información comunicada.

Na análise e valoracións que en cada caso resultaron procedentes, aplicáronse os criterios de avaliación das contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas que figuran no apartado II.5 Criterios de avaliación das contestacións ás recomendacións, que están reguladas na Instrución 2/2019 do Consello de Contas.

No Anexo 5 figura a relación de aquelas entidades locais que non responderon á solicitude de información requirida polo Consello de Contas.

V. CONCLUSIÓN.

V.1. CONCLUSIÓN SOBRE O SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Das 88 recomendacións analizadas foron contestadas 84 polas entidades comprendidas no ámbito de aplicación dos once informes de fiscalización correspondentes ao período 2012-2017 que son obxecto de avaliación. As dúas recomendacións non contestadas considéranse como non aceptadas por aquelas.



Un total de 16 recomendacións que supoñen un 18% non foron aceptadas polas entidades suxeitas a control, das cales 4 non foron contestadas.

Das 72 aceptadas 17 estaban pendentes de aplicar (un 19,3% do total), 19 foron parcialmente aplicadas (un 21,6% do total), 14 atopáronse en proceso de aplicación (un 16%) e soamente 10 consideráronse correctamente aplicadas (un 11,4% do total). En 12 dos casos avaliados concluíuse que, atendendo ás explicacións ofrecidas polas entidades obxecto de seguimento, precisárase da realización de probas adicionais para contrastar o manifestado, polo que será obxecto dunha avaliación posterior.

Cómpre destacar a redución das recomendacións non aceptadas polos órganos xestores o que denota unha maior disposición para o seu cumprimento. Sen embargo segue sendo necesario avanzar especialmente neste ámbito, clarexando as dúbidas que, de ser o caso, concorreran nos correspondentes supostos.

O número de recomendacións que o Consello considera correcta e completamente aplicadas é aínda moi escaso.

Incrementéntanse as recomendacións pendentes de aplicar debido a que son as máis recentemente propostas e que precisan un certo tempo de implantación.

No exercicio 2017 incrementábase a porcentaxe das recomendacións parcialmente aplicadas a costa da redución das recomendacións en proceso de aplicación o que amosa un maior grao de cumprimento.

Tendo en conta o que antecede, á vista dos resultados da avaliación das contestacións das entidades obxecto de seguimento, o Consello de Contas considera que son apreciables os avances producidos respecto do ano anterior, pero aínda é insuficiente o grao acadado no cumprimento das recomendacións. En consecuencia, insta ás entidades fiscalizadas a mellorar a súa posta en práctica co obxectivo xeral de incrementar a calidade da xestión pública.

V.2. CONCLUSIÓN S SOBRE AS CORPORACIÓN S LOCAIS

Os 6 informes de fiscalización obxecto deste seguimento de recomendacións afectan a 90 entidades e conteñen un total de 66 recomendacións; dada a súa natureza de informes de carácter horizontal (por afectar a varias entidades a excepción da fiscalización selectiva do Concello de Boiro, código de actuación 1622018-04) non todas as recomendacións dos informes afectan a todas as entidades do seu ámbito subxectivo. A individualización de recomendacións por entidade fai que o número total das que se fai seguimento ascenda á cifra de 715 recomendacións.





O resumo das repostas recibidas das entidades, previo á súa análise polo Consello de Contas amosa as seguintes cifras: das 715 recomendacións seguidas, 413 (57,76%) non son contestadas; dentro das 302 recomendacións que si son contestadas, en 286 ocasións as entidades afirman aceptar a recomendación e en 16 ocasións non a aceptan.

Estas cifras poñen de manifesto o escaso rigor das autoridades das entidades fiscalizadas na aplicación das recomendacións dos informes de fiscalización. Pásase dun cómputo de 220 recomendacións aplicadas total ou parcialmente segundo a consideración das propias entidades nas súas respostas, a unha cifra final de 77 recomendacións aplicadas total ou parcialmente, despois da análise das medidas propostas realizado polo Consello de Contas.

Unha das principais finalidades das fiscalizacións que realiza o Consello de Contas de Galicia é contribuír á mellora das prácticas de xestión das entidades públicas. Os informes de fiscalización non son un fin en si mesmos senón un medio para contribuír a mellorar a xestión do sector público. As autoridades das entidades fiscalizadas deben comprometerse na súa implantación. Polo tanto, mantéñense vixentes todas as recomendacións que non foron aplicadas.



VI. RESULTADOS DO TRABALLO

VI.1. ANÁLISE XERAL SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

VI.1.1. ANÁLISE SEGUNDO AS ENTIDADES FISCALIZADAS

Analizáronse 88 recomendacións contidas nos once informes de fiscalización obxecto de seguimento.

Cadro 1: Recomendacións obxecto de seguimento sector público autonómico


Nº	Informes de fiscalización Exercicios 2012-2013-2014-2015-2016-2017	Número de recomendacións obxecto de seguimento
1	Conta Xeral da Comunidade Autónoma	12
2	Fondos de Compensación Interterritorial	6
3	Fondos procedentes da Unión Europea.	8
4	Fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde	14
5	Fiscalización da actividade económica das Entidades Públicas Instrumentais	12
	FISCALIZACIÓNS RECORRENTES	52
6	Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral	7
7	Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS	3
8	Fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS	9
9	Fiscalización do concerto co hospital POVISA	3
10	Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes	10
11	Procesos de extinción de entidades dependentes da C.A de Galicia	4
	FISCALIZACIÓNS NON RECORRENTES	36
Total fiscalizacións		88

Das 88 recomendacións analizadas 84 foron contestadas polos órganos concernidos nos correspondentes informes de fiscalización, e 4 non contestadas.





Gráfico nº 1 Sector público autonómico Recomendacións totais por informes de fiscalización Ex. 2017



Segundo os seus propios datos, as entidades fiscalizadas aceptaron 76 recomendacións e non aceptaron expresamente 12. As recomendacións que non foron contestadas considéranse como non asumidas e, polo tanto, non aceptadas. En consecuencia, non aceptaron e non aplicaron 16 recomendacións.


No cadro seguinte detállase o grao de aceptación das recomendacións segundo o criterio das entidades obxecto de seguimento.



Cadro 2: Grao aceptación recomendacións sector público autonómico segundo os xestores

Nº	Informes de fiscalización Exercicios 2012-2013-2014-2015-2016-2017	Número de recomendacións obxecto de seguimento	Contestacións		
			Non aceptadas	Aceptadas	Non contestadas
1	Conta Xeral da Comunidade Autónoma	12	1	11	0
2	Fondos de Compensación Interterritorial	6	0	6	0
3	Fondos procedentes da Unión Europea.	8	1	5	2
4	Fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde.	14	2	12	0
5	Fiscalización da actividade económica das Entidades Públicas Instrumentais	12	2	10	0
	FISCALIZACIÓNS RECORRENTES	52	6	44	2
6	Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral	7	1	5	1
7	Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS	3	0	3	0
8	Fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS	9	3	6	0
9	Fiscalización do concerto co hospital POVISA	3	0	3	0
10	Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes	10	2	8	0
11	Procesos de extinción de entidades dependentes da C.A de Galicia	4	0	3	1
	FISCALIZACIÓNS NON RECORRENTES	36	6	28	2
TOTAL FISCALIZACIÓNS		88	12	72	4

Gráfico nº 2. Sector público autonómico Recomendacións totais. Grao de aceptación segundo as entidades fiscalizadas Ex. 2017






Cadro 3: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico segundo os xestores

Nº	Informes de fiscalización exercicios 2012 ao 2017	Número de recomendacións obxecto de seguimento	Grao aplicación segundo os xestores				
			Non aceptadas non aplicadas	Aceptadas			
				Aplicadas	Aplicadas parcialmente	En proceso de aplicación	Pendientes de aplicar
1	Conta Xeral da Comunidade Autónoma	12	1	2	2	5	2
2	Fondos de Compensación Interterritorial	6	0	3	2	0	1
3	Fondos procedentes da Unión Europea.	8	3	4	0	1	0
4	Fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde.	14	2	0	6	3	3
5	Fiscalización da actividade económica das Entidades Públicas Instrumentais	12	2	1	3	1	5
	FISCALIZACIÓNS RECORRENTES	52	8	10	13	10	11
6	Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral	7	2	2	1	1	1
7	Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS	3	0	0	1	2	0
8	Fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS	9	3	5	0	0	1
9	Fiscalización do concerto co hospital POVISA	3	0	2	0	0	1
10	Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes	10	2	1	0	7	0
11	Procesos de extinción de entidades dependentes da C.A de Galicia	4	1	2	0	1	0
	FISCALIZACIÓNS NON RECORRENTES	36	8	12	2	11	3
	TOTAL FISCALIZACIÓNS	88	16	22	15	21	14

Das 72 recomendacións que as entidades fiscalizadas manifestan aceptar, comunican que aplicaron totalmente 22, aplicaron parcialmente 15, atopándose 21 en proceso de aplicación e 14 pendentes de aplicar.

Gráfico nº 3. Sector público autonómico Grao de aplicación recomendacións totais segundo as entidades fiscalizadas Ex. 2017



VI.1.2. ANÁLISE SEGUNDO A AVALIACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS

Neste informe e de agora en adiante, no ámbito do sector público autonómico, realizarase unha análise detallada aplicando os criterios de avaliación do Consello de Contas sobre as contestacións realizadas polas entidades obxecto de control.

Unha vez examinadas as contestacións efectuadas polas entidades fiscalizadas, o Consello de Contas levou a cabo a avaliación da coherencia e a razoabilidade das mesmas, tendo en conta a experiencia dos auditores nos correspondentes informes de fiscalización, téndose acadado os seguintes resultados:






Cadro 4: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico segundo o Consello de Contas

Nº	Informes de fiscalización Ex. 2012 ao 2017	Grao de aplicación segundo o Consello de Contas						
		Non aceptadas Non aplicadas	Non válidas no marco actual. Non aplicadas	Aceptadas				
				Aplicadas	Aplicadas Parcialm.	En proceso de aplicación	Pendientes de aplicar	(*) Non verificadas
1	Conta Xeral da Comunidade Autónoma	1	0	1	4	5	1	0
2	Fondos de Compensación Interterritorial	0	0	0	2	2	2	0
3	Fondos procedentes da Unión Europea.	3	0	0	4	1	0	0
4	Conta Xeral do SERGAS	2	0	0	6	0	4	2
5	Entidades Públicas Dependentes.	2	0	1	3	0	6	0
6	Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral	2	0	2	0	2	1	0
7	Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS	0	0	0	0	3	0	0
8	Fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS	3	0	3	0	1	1	1
9	Fiscalización do concerto co hospital POVISA	0	0	2	0	0	1	0
10	Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes	2	0	1	0	0	0	7
11	Procesos de extinción de entidades dependentes da C.A de Galicia	1	0	0	0	0	1	2
Total		16	0	10	19	14	17	12

Das 88 recomendacións analizadas, o Consello de Contas apreciou que 42 foron aplicadas en distintos graos: integramente 10, (11,36%), parcialmente 19, (21,59%); e en proceso de aplicación 14, (15,91%). Quedaron tomadas en consideración pero pendentes de aplicar 17, (19,32%) e non foron aplicadas por non ter sido aceptadas polas entidades fiscalizadas un total de 16, (18,2%).

Na avaliación realizada polo Consello, evidenciáronse 12 contestacións que precisarían da realización dalgunha proba adicional para contrastar o manifestado polo que considéranse como non verificadas e serán obxecto dunha avaliación posterior.





VI.1.2.1 ANÁLISE DETALLADA POR INFORMES DE FISCALIZACIÓN SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

INFORMES RECORRENTES


Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 ao 2017.

Segundo a avaliación das contestacións ás recomendacións formuladas nestes informes de fiscalización, das 12 recomendacións formuladas, 1 non foi aplicada por non ser aceptada pola entidade fiscalizada, 4 avaliáronse como parcialmente aplicadas e outras 5 atopábanse en proceso de aplicación. Finalmente, unha recomendación foi aceptada e tida en consideración pero estaba pendente de aplicar.






**Gráfico nº 5. Grao de aplicación recomendacións
Conta Xeral da C.A. Ex. 2017**



Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicios 2012 ao 2017.


Das 6 recomendacións formuladas 2 estaban parcialmente aplicadas, 2 atopábanse en proceso de aplicación, quedando outras 2 pendentes de aplicar.

Gráfico nº 6. Grao de aplicación recomendacións FFCI Ex. 2017




Informe de fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicios 2012 ao 2017.

Das 8 recomendacións formuladas, 4 estaban parcialmente aplicadas, 1 se atopaban en proceso de aplicación e 3 non foron aceptadas polos xestores por non compartir as recomendacións propostas polo Consello de Contas.



Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde. Exercicios 2012 ao 2017.


Das 14 recomendacións formuladas, 2 non foron aceptadas polo órgano xestor, 6 foron parcialmente aceptadas, 4 estaban pendentes de aplicar e 2 precisarían realizar probas adicionais de verificación.





Informe de fiscalización da actividade económica das entidades públicas instrumentais. Exercicios 2012 ao 2017.

Das 12 recomendacións formuladas, 1 considérase correctamente aplicada, 3 se atopaban parcialmente aplicadas, 6 estaban pendentes de aplicar, e 2 non foron aceptadas polo órgano xestor, polo que non foron aplicadas.



Análise comparativa dos Informes de fiscalización recorrentes. Recomendacións correspondentes aos exercicios 2016 e 2017.



Para apreciar o grao de aplicación das recomendacións efectuadas nos informes correspondente aos exercicios 2016 e 2017, e levar a cabo unha análise comparativa, no cadro seguinte detállanse os datos obtidos na avaliación dos informes recorrentes.

Cadro 5: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico Ex. 2016-2017

Grao aplicación recomendacións	Ex. 2017	Ex. 2016
Aceptada. Aplicada	2	3
Aceptada. Parcialmente aplicada	19	11
Aceptada. En proceso de aplicación	8	28
Aceptada. Pendente de aplicar	13	4
Aceptada. Non verificada	2	1
Non aceptada. Non aplicada	8	14
Non válida no marco actual. Non aplicada	0	1
Total	52	62



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2017




Os resultados permiten constatar que se teñen rexistrado avances no cumprimento das recomendacións por parte dos órganos xestores.

Téñense retirado 10 recomendacións por considerar que obtiveron un correcto cumprimento. Debido a esta mellora, xunto co menor número de novas recomendacións propostas, as recomendacións propostas pasaron de 62 en 2016 a 52 en 2017.

Cómpre destacar a notable redución das recomendacións non aceptadas polos órganos xestores o que denota unha maior disposición para o seu cumprimento.

Incrementéntanse as recomendacións pendentes de aplicar debido a que son as máis recentemente propostas e que precisan un certo tempo de implantación.

No exercicio 2017 incrementábase a porcentaxe das recomendacións parcialmente aplicadas a costa da redución das recomendacións en proceso de aplicación o que amosa un maior grao de cumprimento.





INFORMES NON RECORRENTES

Informe de fiscalización da tesouraría da Administración Xeral. Exercicios 2014 ao 2016.

Das 7 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 2 considéranse totalmente aplicadas, 2 non foron aceptadas, 2 atópanse en proceso de aplicación e 1 está pendente de aplicar.

Informe de fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS. Exercicios 2014 ao 2016.

Neste informe non recorrente formuláronse 3 recomendacións que o Consello de Contas, unha vez analizadas as correspondentes contestacións do órgano xestor, considera que se atopan en proceso de aplicación.

Informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS. Exercicio 2017

Das 9 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 3 foron totalmente aplicadas, 3 non foron aceptadas, 1 está en proceso de aplicación, 1 atópase pendente de aplicar e 1 precisaría de probas adicionais de comprobación polo que considérase non verificada.

Informe de fiscalización do concerto co hospital POVISA

Das 3 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 2 considéranse totalmente aplicadas e unha está pendente de aplicar.

Informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes

Das 10 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 1 foi totalmente aplicada, 2 non foron aceptadas e outras 7 precisarían de probas adicionais de comprobación polo que considéranse non verificadas.

Informe de fiscalización sobre os procesos de extinción das entidades dependentes da C.A. de Galicia. Exercicio 2017

Das 4 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 1 non foi aceptada, 1 está pendente de aplicar e outras 2 precisarían de probas adicionais de comprobación polo que considéranse non verificadas.



VI.2. ANÁLISE XERAL CORPORACIÓNS LOCAIS

VI.2.1. CONSIDERACIÓN PREVIA

Nesta análise xeral do seguimento das recomendacións formuladas en informes de fiscalización das Corporacións Locais reflectiranse datos e informacións de tipo estatístico. Para coñecer en detalle o texto das recomendacións, remitímonos ao informe de seguimento que pode consultarse no sitio web do Consello de Contas.

VI.2.2. ENTIDADES AFECTADAS

Os 6 informes de seguimento de recomendacións afectan a 90 entidades e conteñen un total de 66 recomendacións; dada a súa natureza de informes de carácter horizontal (por afectar a varias entidades a excepción da fiscalización selectiva do Concello de Boiro, código de actuación 1622018-04) non todas as recomendacións dos informes afectan a todas as entidades do seu ámbito subxectivo. A individualización de recomendacións por entidade fai que o número total das que se fai seguimento ascenda á cifra de 715 recomendacións, de acordo co detalle do cadro que segue:

Cadro 6: Informes seguimento recomendacións corporacións locais

Código actuación	Título	Entidades	Rec. Informe	Rec. Seguidas
1622017-02A	Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia da Coruña. Exercicio 2015/2016	10	14	76
1622017-02B	Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Lugo. Exercicio 2015/2016	4	12	34
1622017-02C	Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Ourense. Exercicio 2015/2016	5	11	39
1622017-02D	Fiscalización das resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polas intervencións locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia de Pontevedra. Exercicio 2015/2016	15	14	119
1622018-04	Informe sobre a actuación das entidades locais de Galicia en materia medioambiental. Exercicio 2017/2018	55	8	440
1622019-12	Informes programados a consecuencia de comunicacións presentadas. Concello de Boiro. Exercicio 2015/2016	1	7	7
TOTAL		90	66	715

As solicitudes de información formuladas polo Consello de Contas para avaliar o grao de implantación das recomendacións contestaron 38 entidades enviando a información e evidencias solicitadas. A relación das entidades das que non se recibiu información figura detallada no Anexo 5.





As respostas recibidas clasifícanse, atendendo ao grao de aceptación das correspondentes recomendacións, no cadro resumo seguinte:

Cadro 7. Grao aceptación recomendacións por código de actuación

Código actuación	Entidades	Recomendacións seguidas	Aceptadas	Non aceptadas	Non contestadas
1622017-02A	10	76	70	0	6
1622017-02B	4	34	34	0	0
1622017-02C	5	39	20	7	12
1622017-02D	15	119	89	3	27
1622018-04	55	440	66	6	368
1622019-12	1	7	7	0	0
TOTAL	90	715	286	16	413

VI.2.3. RESUMO GLOBAL DA ANÁLISE DAS RESPOSTAS

Logo das actuacións de comprobación e verificación realizadas, o resumo global da situación das recomendacións é o seguinte:

- 1) 35 recomendacións considéranse totalmente aplicadas, por terse adoptado as medidas correctoras suficientes e sen quedar pendente de resolución ningunha cuestión de importancia significativa, e aportar constancia diso.
- 2) 42 recomendacións considéranse parcialmente aplicadas, por ter tomadas en consideración polas entidades destinatarias das mesmas e comezar a realizar actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias postas de manifesto, nunha parte delas ou nalgúns aspectos, pero sen completar a súa execución.
- 3) 638 recomendacións teñen a consideración de non aplicadas, das cales:
 - a) 13 teñen a consideración de non aceptadas. Aínda que na información remitida polas entidades 16 recomendacións son cualificadas como non aceptadas, en realidade en 6 dos casos as entidades que declaran a non aceptación da recomendación manifestan que xa están a cumprir coas actuacións recomendadas. Esta circunstancia leva a interpretar que o que comunica a entidade é que non vai adoptar medida adicional algunha. Porén, non hai constancia documental da realidade da implantación desas medidas, razón pola que permanecen nesta categoría.
 - b) 408 non foron contestadas no prazo concedido, manténdose vixente a recomendación.
 - c) 184 recomendacións foron aceptadas, pero non se levou a cabo ningunha actuación para corrixir as deficiencias ou debilidades postas de manifesto.




- d) 33 recomendacións son aceptadas pero aínda que se teñen realizado actuacións correctoras, as mesmas son insuficientes ou incompletas, de xeito que a recomendación segue sen aplicarse e, polo tanto, continúa vixente.

A continuación figura un cadro e gráfico que representa o resumo xeral das comprobacións realizadas.

Cadro 8: Resumo xeral grao aplicación recomendacións corporacións locais

Pronunciamento	Nº	% s/total
Aplicada	35	4,90%
Parcialmente aplicada	42	5,87%
Non aplicada	638	89,23%
Non aceptadas (artigo 3a Instrución)	13	1,40%
Sen contestar (artigo 3b Instrución)	408	57,06%
Sen medidas (artigo 3c Instrución)	184	26,15%
Medidas insuficientes (artigo 3d Instrución)	33	4,62%
TOTAL	715	100,00%



Estas cifras poñen de manifesto o escaso rigor das autoridades das entidades fiscalizadas na aplicación das recomendacións dos informes de fiscalización. Pásase dun cómputo de 220 recomendacións aplicadas total ou parcialmente segundo a consideración das propias entidades nas súas respostas, a unha cifra final de 77 recomendacións aplicadas total ou parcialmente, despois da análise das medidas propostas realizado polo Consello de Contas.





O seguinte cadro clasificado por código de actuación detalla o número de recomendacións aplicadas segundo o criterio da entidade local suxeita a control e a avaliación efectuada polo Consello de Contas.

Cadro 9: Recomendacións aplicadas segundo as entidades locais e o Consello de Contas

Código actuación	Aplicada s/entidade	Aplicada s/Consello
1622017-02A	61	16
1622017-02B	21	6
1622017-02C	12	5
1622017-02D	71	24
1622018-04	48	25
1622019-12	7	1
TOTAL	220	77

VI.2.4. RESUMO POR CÓDIGO DE ACTUACIÓN


A análise das recomendacións por código de actuación pon de manifesto uns niveis de non aplicación das recomendacións que oscilan entre o 77,63% e o 94,32%, resultado que non depende da contestación ou non ao requirimento do Consello de Contas, pois nas actuacións onde si houbo resposta, os niveis de non aplicación son igualmente elevados. Estas cifras son indicativas do escaso compromiso das autoridades das entidades fiscalizadas por levalas á práctica, xa que maioritariamente as mesmas son aceptadas (salvo 16) e non se aducen causas polas que non se poidan realizar.

Seguidamente se detalla, clasificadas por código de actuación, o número de recomendacións segundo o seu grao de aplicación

Cadro 10: Grao aplicación das recomendacións

Código actuación	Recomendacións	Aplicada	%	Parcialmente aplicada	%	Non aplicada	%
1622017-02A	76	13	17,11%	4	5,26%	59	77,63%
1622017-02B	34	3	8,82%	3	8,82%	28	82,35%
1622017-02C	39	5	12,82%	0	0,00%	34	87,18%
1622017-02D	119	11	9,24%	13	10,92%	95	79,83%
1622018-04	440	4	0,91%	21	4,77%	415	94,32%
1622019-12	7	0	0,00%	1	14,29%	6	85,71%







VII. ANEXOS





CSV: BOPGDSPGP52wHsnFY8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ANEXO 1: RESULTADOS DO TRABALLO. ANÁLISE DO SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS

1. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 a 2017.

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

Recomendacións de exercicios anteriores

R	1. Séguese recomendando a necesidade de abordar unha reforma e actualización do marco normativo da Administración autonómica en materia económica e orzamentaria, na que destaca, pola súa importancia, o actual TRLRFOG do ano 1999, de forma que se recollan os principios de estabilidade financeira, sustentabilidade das finanzas autonómicas ou a transparencia das contas públicas, así como o Plan de contabilidade pública de Galicia.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: Dende a Intervención Xeral estase a traballar na reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúe a aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable das normas internacionais aplicables á contabilidade do sector público, así como as directrices necesarias para poder acadar unha visión consolidada das contas do sector público autonómico.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúe a aprobación dun novo plan de contabilidade pública.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación.



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2017

R	2. Deberían efectuarse as modificacións normativas oportunas a efectos de adiantar o prazo de rendición das contas a 30 de xuño do exercicio seguinte ao que se refiran, a fin de facilitar o achegamento no tempo do control externo a efectuar polo Consello de Contas.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>DECISIÓN: Non aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: Na actualidade as entidades dependentes que renden as súas contas dentro da Conta Xeral da Comunidade Autónoma deben remitilas á Intervención Xeral antes do 30 de xuño. Unha vez recibida toda esta información, a Intervención elabora a Conta Xeral. Porén, a Intervención comprométese a adiantar o envío da información adicional que habitualmente acompaña á Conta Xeral da comunidade Autónoma para a realización dos traballos de fiscalización.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Adiantar o envío da información adicional que habitualmente acompaña á Conta Xeral.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación.

R	3. A Comunidade Autónoma debe realizar unha adecuada planificación orzamentaria que faga posible atender sen dificultade as necesidades de gasto previstas para cada exercicio corrente, de maneira que a liquidación orzamentaria recolla a totalidade de obrigas e dereitos percibidos no exercicio en cumprimento do principio de anualidade orzamentaria.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS:</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación.





R	4. As necesidades atendidas co Fondo de continxencia deben responder estritamente ao carácter de imprevistas e non discrecionais, como esixe a LOEOSF.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e aplicada</p> <p>CONTESTACIÓNS: O Fondo de continxencia empregouse para atender necesidades especificamente habilitadas polo artigo 55 bis do DL 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.

R	5. Considérase necesario a regularización e depuración dos dereitos recoñecidos pendentes de cobro, en especial os de maior antigüidade.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN:</p> <p>DECISIÓN:</p> <p>CONTESTACIÓNS:</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aplicada. Retírase a recomendación



R	<p>6. A Comunidade debe incorporar os saldos das contas de habilitación e das contas restrinxidas de recadación ao saldo final de tesourería e proceder á súa contabilización e conciliación. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2017 3.2.7. Deben articularse os mecanismos necesarios para que a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda poida exercer o control das contas restrinxidas de ingresos asignadas á ATRIGA en tanto os fondos das mesmas non sexan traspasados ás contas operativas de ingresos.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓN: Estase a traballar coa Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos para a incorporación destes saldos como anexos á Conta de Tesourería na Conta Xeral de 2019.</p> <p>Actuacións realizadas: nas contas restrinxidas de ingresos xestionadas pola ATRIGA figuran como autorizados, ademais do persoal da ATRIGA que levan a súa xestión, persoal da Subdirección Xeral do Tesouro, polo que a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ten control en todo momento dos movementos e dos saldos existentes nas contas restrinxidas de ingresos xestionadas pola ATRIGA antes do seu traspaso ás contas operativas. Xa no ano 2018 incorporáronse á Conta Xeral os certificados bancarios do saldo das contas xestionadas pola ATRIGA.</p> <p>Os saldos destas contas integran o saldo de Tesourería cando se produce o seu traspaso ás contas operativas, e é neste momento cando se realiza o seu arqueo e aplicación contable.</p> <p>A Orde do 2 de decembro na que se regula o funcionamento e xestión das contas bancarias onde se depositan os fondos integrantes da Tesourería recolle os distintos tipos de contas, o procedemento a seguir para a súa apertura e cancelación, e o seu funcionamento e réxime de control. Nesta Orde establécese a obriga de que os xestores das contas de habilitación deben dispor dun certificado bancario dos saldos a final de cada mes, polo que este certificado de saldo a 31 de decembro será incorporado á Conta Xeral do ano 2019.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	<p>Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación.</p>





Recomendacións do exercicio 2017

Para facer posible o seu tratamento estatístico numéranse correlativamente respecto ás recomendacións de exercicios anteriores.

R	7. Recoméndase completar a fiscalización previa con controis posteriores e estender o control financeiro sobre servizos ou áreas de xestión das Consellerías co obxecto de verificar o grao de cumprimento da legalidade en áreas máis susceptibles de riscos de xestión como as relativas á contratación ou á concesión de axudas públicas.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: Dende a Intervención Xeral aprobábase o Plan Anual de Control para 2021 incluíndo os controis posteriores.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Plan Anual de Control para 2021 incluíndo os controis posteriores.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2020</p>
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación.

R	8. Recoméndase que a Intervención Xeral elabore un informe comprensivo das actuacións desenvolvidas no exercicio do control financeiro sobre as entidades que permita un coñecemento da súa situación en relación coa observancia da normativa que regula a súa xestión; así como das medidas de cara a superar as excepcións que, recorrentemente, se expoñen nos informes de auditoría das súas contas anuais.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: A Intervención Xeral realizará as actuación necesarias para a elaboración dun informe que recolla as actuación desenvolvidas no ámbito do control financeiro.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Elaboración do informe.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2021</p>
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación.



R	9. Na xestión de subvencións públicas deben adoptarse medidas correctoras da desviación da execución que permitan ao órgano concedente verificar o cumprimento dos requisitos das bases dentro do exercicio orzamentario correspondente e rexistrar as obrigas dentro dese exercicio.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: Todas as bases reguladoras incorporan prazos de xustificación para posibilitar a execución dentro do exercicio orzamentario. Porén, as incidencias propias dunha subvención e os distintos requirimentos que contempla a normativa reguladora de subvencións, poden determinar unha demora no labor de verificación. Adiantar os prazos de xustificación suporía, por outra banda, limitar os prazos para a execución da actividade subvencionada, xa que na elaboración das bases reguladoras deben conxugarse ambas realidades: o establecemento dun prazo de execución e xustificación que permita o desenvolvemento satisfactorio da actividade subvencionada, co establecemento dun prazo de verificación que permita asegurar o dereito do beneficiario ao cobro da axuda sen que exista ningún tipo de quebranto para a Facenda Pública autonómica.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Todas as bases reguladoras incorporan prazos de xustificación para posibilitar a execución dentro do exercicio orzamentario.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación.

R	10. Cómpre mellorar a identificación e o seguimento dos remanentes de tesourería afectados ao financiamento de gastos en exercicios futuros
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: Dentro da información adicional que acompaña á presentación da Conta Xeral, procederase ao envío de información detallada sobre o cálculo das desviacións de financiamento.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Remisión ao Consello do detalle do cálculo das desviacións de financiamento</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2020</p>
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación.





R	11. Dados os saldos dos investimentos destinados ao uso xeral e dos investimentos xestionados para outros entes públicos, recoméndase revisar os activos rexistrados nestes epígrafes do balance. Deben conciliarse os saldos contables e os que figuran no inventario, mediante a implementación de ferramentas informáticas que posibiliten a súa coordinación e integración.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: A Intervención Xeral acepta a recomendación do Consello de Contas, estando de acordo en que calquera actuación que mellore a información e transparencia debe ser considerada para a súa implantación na medida do posible. Esta recomendación debe ser contextualizada xunto con outras recomendacións que realiza o Consello de Contas, e tamén xunto con outras moitas actuacións necesarias para a evolución e desenvolvemento do sistema contable e da contabilidade da Xunta de Galicia e do sector público de Galicia que é necesario acometer.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación.

R	12 . Debe incluírse na memoria información sobre os acredores por operacións devengadas a fin do exercicio pendentes de aplicación ao orzamento, que explique os saldos recollidos no epígrafe correspondente do balance (conta 409 ou 413).
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: A Intervención Xeral acepta a recomendación do Consello de Contas, estando de acordo en que calquera actuación que mellore a información e transparencia debe ser considerada para a súa implementación na medida do posible. Esta recomendación debe ser contextualizada xunto con outras recomendacións que realiza o Consello de Contas, e tamén xunto con outras moitas actuacións necesarias para a evolución e desenvolvemento do sistema contable e da contabilidade da Xunta de Galicia e do Sector Público de Galicia que é necesario acometer.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación



2. INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL. EJERCICIO 2017

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R	<p>1. Implantación dun rexistro contable específico para os proxectos financiados cos FFCI, integrado no sistema contable da IXCA, co fin de que cada centro xestor da contabilidade, tanto da administración xeral como da administración institucional, teña coñecemento das distintas operacións que se derivan da execución dos citados Fondos, non só na vertente de gastos senón tamén na de ingresos. A información contable que se obteña debe responder ás necesidades, por un lado, dos xestores dos citados Fondos e, por outro, dos encargados do control dos mesmos.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A Intervención Xeral asume a recomendación do Consello de Contas, estando de acordo en que calquera actuación que mellore a información e transparencia debe ser considerada para a súa implementación na medida do posible.</p> <p>Esta recomendación debe ser contextualizada xunto con outras recomendacións que realiza o Consello de Contas, e tamén xunto con outras moitas actuacións necesarias para a evolución e desenvolvemento do sistema contable e da contabilidade da Xunta de Galicia e do Sector Público de Galicia que é necesario acometer.</p> <p>Desde a Subdirección Xeral de Contabilidade traballárase para a consecución do resultado recomendado polo Consello de Contas na medida en que os recursos dispoñibles e a asignación de prioridades dentro do conxunto de actuacións que é necesario realizar o permita.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA</p> <p>PAZO DE IMPLANTACIÓN: Non indican prazo.</p>
AC	<p>Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.</p>





R	2. Realización de modificacións no orzamento de ingresos da CA co fin de adaptalo ás materializadas no orzamento de gastos do Minhafp.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e parcialmente realizada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS:</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Coa publicación da Orde do 15 de novembro de 2019 sobre desenvolvemento da xestión orzamentaria dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital, establécese un novo procedemento para as modificacións das previsións iniciais de ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital entre os que se atopa os correspondentes ao Fondo de Compensación Interterritorial.</p> <p>Esta nova regulación complementarase coa realización dun proceso de identificación que relacione os proxectos orzamentarios da comunidade cos do Estado, de xeito que sexa posible determinar para cada incorporación de crédito os ingresos recibidos na execución realizada para cada un deles. Para este fin está a desenvolverse un sistema de seguimento no Xumco que permita relacionar os proxectos de gasto da Comunidade Autónoma que se financien cos FCI cos do Estado e ofrezca información sobre as distintas operacións que se derivan a execución do FCI, tanto no que atinxe aos gastos como aos ingresos.</p> <p>Neste ano 2020, espérase que está en marcha a aplicación informática.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Ano 2020</p>
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación.

R	3. Incorporación ao orzamento, por parte dos xestores da CA, de todos os remanentes de crédito que están pendentes de incorporar.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: as incorporacións regularmente estanse a levando a cabo. A maioría dos remanentes que figuran na contabilidade son nominais; executáronse con fondos propios e certificáronse como FCI, como se explicou en anteriores alegacións; ao tratarse de operacións de exercicios xa pechados, non é posible a súa rectificación no programa contable Xumco.</p> <p>Ao mesmo tempo que se poña en marcha a aplicación informática, cargando os datos históricos tanto da execución de ingresos e gastos pola Administración da Xunta como a súa equivalencia cos proxectos do Estado na aplicación do Minhac, se revisará se nalgún exercicio quedou pendente de incorporar algunha cantidade ou no seu caso algún importe executado e pendente de certificación</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Ano 2020</p>



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2017

AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación.
----	--

R	4. Axilización da tramitación dos expedientes de modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos, co fin de non retrasar as peticións de fondos ao Minhafp.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>ACTUACIÓN REALIZADA: no exercicio 2018 unicamente se realizou unha modificación de oficio por parte da DXPFTEFE para adecuar o importe previsto inicial dos FFCI ao importe definitivo aprobado os presupostos xerais do estado para ese ano. Non obstante esta Dirección Xeral está axilizando as peticións de fondos tendo como obxectivo certificar cada ano entre o 90% e o 100% dos importes consignados.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación.

R	5. Certificación á DXPFTEFE, por parte dos xestores dos Fondos, das obrigas anuladas na liquidación do orzamento de exercicios pechados, para que esta adecúe as peticións de fondos á execución real dos proxectos. Así mesmo, incorporarán ao orzamento de gastos o importe das obrigas anuladas.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTAS: en relación con esta recomendación indicar que o FCI dos exercicios 2016, 2017 e 2018 xa están executados ao 100%, polo que non se vai a producir ningunha anulación de obrigas. Non obstante, en caso de producirse no sucesivo, solicitarase a certificación das obrigas anuladas.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.





R	6. Realización, por parte dos xestores dos FFCI, das actuacións necesarias para acadar o obxectivo de que ao remate do exercicio se xustifique a totalidade dos Fondos ante a Administración do Estado, coa finalidade de que os recursos se utilicen máis eficientemente.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS: O FCI do exercicio auditado está completamente executado e o FCI de 2019 está executado ao 90% a 31 de decembro de 2019 e ao 97.79% a 30 de xuño de 2020.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación.



3. INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS FONDOS EUROPEOS. EJERCICIO 2017

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R	<p>1.-Recoméndase adoptar as medidas necesarias que permitan dinamizar a xestión administrativa dos distintos proxectos, axilizándose entre outras a inmediatez das certificacións finais, recoméndase así mesmo a redución do número de unidades administrativas xestoras dos fondos para dar cumprimento ao principio de simplificación de xestión e control que se establece no marco 2014-2020. Estas medidas permitirían axilizar a eficacia na liquidación e xustificación dos proxectos finalizados.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX, Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS: O ritmo de execución dos programas europeos sempre vai incrementándose a medida que nos imos achegando ao final do período. Así ocorreu no período 2017-2013, no que se certificou o 100% da axuda programada e o mesmo acontece co período de programación 2014-2020 no que, a pesar de que a día de hoxe unicamente está executado o 52% do coste total programado, temos, en aplicación da regra N+3, ata finais de 2023 para completar a execución da totalidade do programa. A execución e certificación dos gastos está dentro dos parámetros de normalidade da xestión do programa.</p> <p>En canto á recomendación relativa aos indicadores, esta é unha das exixencias do período 2014-2020 que se caracteriza por un maior enfoque a resultados, que se medirán a través dunha batería de indicadores financeiros, de produtividade e de resultado. Os avances ou dificultades na execución do programa mídense precisamente a través destes indicadores, que xa se utilizaron para o marco de rendemento do programa, non só en termos de absorción financeira senón tamén en termos de resultados agardados, polo que a recomendación efectuada considérase xa implementada no sistema de xestión e seguimento do programa.</p> <p>Por último, cómpre resaltar que a execución dos indicadores programados forma parte do Informe de Execución Anual que se envía ao Comité de Seguimento para a súa aprobación. Recentemente vén de ser aprobado o Informe Anual de Execución do 2019, que en breve estará dispoñible na web da Consellería de Facenda para a súa consulta.</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Non se propón ningunha actuación nova, ao considerase realizada</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX, Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	<p>Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación.</p>





R	2.-Recoméndase avanzar na coordinación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma con organismos e entes públicos e privados relacionados cos sectores estratéxicos que se fixan nos obxectivos programáticos do marco operativo 2014-2020 para mellorar deste xeito a captación de financiamento para estes sectores.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX, Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS: No ámbito de actuación do PO FEDER Galicia 2014-2020 as entidades locais teñen unha participación residual debido ás exigencias da concentración temática (OT 1, OT 2 e OT 3) do programa operativo, que obrigan a destinar un mínimo do 60% dos recursos aos OT 1 (I+D+i), OT 2 (TICs), OT 3 (desenvolvemento empresarial) e OT 4 (economía baixa en carbono), ámbitos todos eles nos que os beneficiarios son fundamentalmente as empresas e os organismos da Administración autonómica con competencias nos sectores indicados (p.e: Amtega, consellerías implicadas en actuacións de eficiencia enerxética en edificios do sector público). Non obstante, existen convocatorias que teñen como beneficiarios potenciais ás entidades locais no OT 4 para Proxectos de eficiencia enerxética, no OT 9 para actuacións de inclusión social promovidas polos concellos e no OT 10 para a mellora da rede de escolas infantís.</p> <p>No informe de 2017, tamén se indicaba que, polo que respecta a FEDER, as entidades locais teñen una participación significativa no marco do Programa Plurirexional de España (POPE) 2014-2020, que inclúe un Eixe Urbano destinado a financiar Proxectos presentados polos Concellos no marco das denominadas Estratexias EDUSI, dirixidas a actuacións de desenvolvemento urbano sustentable.</p> <p>No aspecto relativo á coordinación e complementariedade tamén se fixo referencia no informe de 2017 ás convocatorias de axudas da Axencia Galega de Innovación para financiar proxectos de empresas innovadoras galegas que recibiron o selo de excelencia no marco do Instrumento PYME do Programa H2020, xestionado directamente pola Comisión Europea, así como apoio a proxectos de calidade presentados ás distintas convocatorias de I+D+i H2020. Tamén dentro da coordinación destacou a participación de representantes da Subdirección Xeral de FEDER nos Comités de Seguimento dos programas plurirexionais financiados con FEDER e a organización dos Comités de Seguimento do PO FEDER Galicia 2014-2020 no que participan todos os xestores do Programa así como, os representantes das organizacións sindicais, empresarias e Cámaras de Comercio, polo que se considera que a complementariedade e as sinerxías entre os distintos programas e iniciativas quedan suficientemente garantidas.</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Non se propón ningunha actuación nova, ao considerarse realizada</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX, Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación.



Informe de seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2017

R	3.-Recoméndase a utilización de indicadores para o seguimento da execución dos proxectos europeos con obxecto de facilitar aos beneficiarios o cumprimento das obrigas que contraen ao ser perceptores de Fondos Europeos.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX, Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS: O ritmo de execución dos programas europeos sempre vai incrementándose a medida que nos imos achegando ao final do período. Así ocorreu no período 2017-2013, no que se certificou o 100% da axuda programada e o mesmo acontece co período de programación 2014-2020 no que, a pesar de que a día de hoxe unicamente está executado o 52% do coste total programado, temos, en aplicación da regra N+3, ata finais de 2023 para completar a execución da totalidade do programa. A execución e certificación dos gastos está dentro dos parámetros de normalidade da xestión do programa.</p> <p>En canto á recomendación relativa aos indicadores, esta é unha das exixencias do período 2014-2020 que se caracteriza por un maior enfoque a resultados, que se medirán a través dunha batería de indicadores financeiros, de produtividade e de resultado. Os avances ou dificultades na execución do programa mídense precisamente a través destes indicadores, que xa se utilizaron para o marco de rendemento do programa, non só en termos de absorción financeira senón tamén en termos de resultados agardados, polo que a recomendación efectuada considérase xa implementada no sistema de xestión e seguimento do programa.</p> <p>Por último, cómpre resaltar que a execución dos indicadores programados forma parte do Informe de Execución Anual que se envía ao Comité de Seguimento para a súa aprobación. Recentemente vén de ser aprobado o Informe Anual de Execución do 2019, que en breve estará dispoñible na web da Consellería de Facenda para a súa consulta.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Non se propón ningunha actuación nova, ao considerase realizada.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX, Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación.





R	<p>4.-Recoméndase proceder a unha identificación común das modalidades para todas as bases de datos utilizadas en relación cos proxectos que contan con financiamento europeo en concreto as do XUMCO e conta xeral. A base de datos do XUMCO debería identificar a todos os beneficiarios dos Fondos Europeos, en concreto a relación de perceptores de fondos tramitados polo FOGGA. Con obxecto de clarificar a eficacia e eficiencia dos distintos proxectos recoméndase que de forma xeral nas distintas bases de seguimento da xestión dos proxectos, principalmente XUMCO e Conta Xeral, introdúzase un sistema de identificación e clasificación das actividades económicas dos perceptores finais, de forma que se poidan definir a que sectores económicos están vinculados.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: A Intervención Xeral iniciará unha revisión das diferentes bases de datos que se envían ao Consello de Contas cara a homoxeneizar a información que se rende nas mesmas. Dado que a elaboración das bases de datos correspondentes ao exercicio 2019 xa está practicamente rematada, as actuacións iniciaranse tras a presentación da Conta Xeral do exercicio 2019, co obxectivo de que podan estar dispoñibles para a información relativa ao ano 2020 elaborada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: A Intervención Xeral iniciará unha revisión das diferentes bases de datos que se envían ao Consello de Contas cara a homoxeneizar a información que se rende nas mesmas. Dado que a elaboración das bases de datos correspondentes ao exercicio 2019 xa está practicamente rematada, as actuacións iniciaranse tras a presentación da Conta Xeral do exercicio 2019, co obxectivo de que podan estar dispoñibles para a información relativa ao ano 2020 elaborada</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Prevista a súa implementación na Conta Xeral do exercicio 2020</p>
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación.



R	<p>5.-Recoméndase novamente que o sistema de baixas de créditos contabilizadas ao final do exercicio (con data 31 de decembro) sobre os remanentes de crédito non comprometidos correspondentes a Fondos Europeos (e finalistas que cofinancian) para a súa reprogramación en exercicios posteriores, non sexa utilizado tendo en conta que desvirtúa a execución orzamentaria variando notablemente os índices de execución calculados antes e despois das baixas.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: : DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>DECISIÓN: Non aceptada.</p> <p>CONTESTACIÓNS: A decisión de non incorporar e dar de baixa os fondos non executados a peche de exercicio obedece a un criterio de xestión financeira da Comunidade Autónoma, que persegue a optimización da xestión do gasto e a estabilidade orzamentaria por parte dos xestores. Principais vantaxes da medida:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Non se xeran bolsas de fondos incorporados que a finais de MCA mesmo duplican os créditos iniciais restando virtualidade ao orzamento aprobado polo Parlamento de Galicia. -Estimúlase ao xestor a executar o crédito inicial do que dispón xa que no caso contrario pasaría a un proceso de reprogramación. -Obriga ao xestor de gasto a actuar con maior rigor no que atinxe á salvagarda dos principios orzamentarios, polo miúdo o de anualidade e o de estabilidade orzamentaria. -No que atinxe as devanditas baixas, estas agrúpanse para a súa reprogramación noutras liñas de gasto con maior capacidade de absorción de fondos ou prioritarias nos obxectivos a acadar, polo que esta actuación mellora a eficiencia na xestión no gasto público, evitando, así mesmo, a inmovilización de cofinanciacións ociosas que non se van executar. O método permite unha maior flexibilidade orzamentaria para acadar o obxectivo que se plantexa por parte do Consello de Contas na recomendación número 1. <p>Respecto dos índices de execución orzamentaria, estes deben calcularse sobre o orzamento inicial non sobre o orzamento vixente, sendo este último unha mera ferramenta que posibilita a xestión de gastos a medio executar de exercicios pasados, que tamén serve para explicar o grao de execución sobre o orzamento inicial. O fin en si mesmo é o documento que aproba o Parlamento de Galicia, no que se expresa o plan financeiro anual do goberno, que non é outro que o orzamento inicial. Polo tanto, a execución non queda desvirtuada en absoluto.</p> <p>Tampouco afecta á transparencia xa que as baixas comunicánselle ao Parlamento como as restantes modificacións orzamentarias.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Non se propón ningunha ao no ser aceptada</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	<p>Non aceptada. Mantense a recomendación</p>





R	6.-Recoméndase que por parte da Administración Autonómica adóptense as medidas necesarias para que a totalidade dos organismos e entes públicos dependentes da Administración Autonómica recollan no seu orzamento inicial de ingresos as previsións definitivas e as modificacións reais.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN:</p> <p>DECISIÓN:</p> <p>CONTESTACIÓNS:</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Non contestada. Non aceptada. Mantense a recomendación.



R	<p>7.-Ante a reiterada diminución que se vén producindo nos últimos exercicios na participación das entidades locais como xestoras de proxectos financiados con Fondos Europeos, recoméndase impulsar e reforzar as medidas de coordinación e información coas entidades locais coa finalidade de incrementar a súa participación no financiamento de proxectos do actual marco.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX, Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS: No ámbito de actuación do PO FEDER Galicia 2014-2020 as entidades locais teñen unha participación residual debido ás exigencias da concentración temática (OT 1, OT 2 e OT 3) do programa operativo, que obrigan a destinar un mínimo do 60% dos recursos aos OT 1 (I+D+i), OT 2 (TICs), OT 3 (desenvolvemento empresarial) e OT 4 (economía baixa en carbono), ámbitos todos eles nos que os beneficiarios son fundamentalmente as empresas e os organismos da Administración autonómica con competencias nos sectores indicados (p.e: Amtega, consellerías implicadas en actuacións de eficiencia enerxética en edificios do sector público). Non obstante, existen convocatorias que teñen como beneficiarios potenciais ás entidades locais no OT 4 para Proxectos de eficiencia enerxética, no OT 9 para actuacións de inclusión social promovidas polos concellos e no OT 10 para a mellora da rede de escolas infantís.</p> <p>No informe de 2017, tamén se indicaba que, polo que respecta a FEDER, as entidades locais teñen una participación significativa no marco do Programa Plurirexional de España (POPE) 2014-2020, que inclúe un Eixe Urbano destinado a financiar Proxectos presentados polos Concellos no marco das denominadas Estratexias EDUSI, dirixidas a actuacións de desenvolvemento urbano sustentable.</p> <p>No aspecto relativo á coordinación e complementariedade tamén se fixo referencia no informe de 2017 ás convocatorias de axudas da Axencia Galega de Innovación para financiar proxectos de empresas innovadoras galegas que recibiron o selo de excelencia no marco do Instrumento PYME do Programa H2020, xestionado directamente pola Comisión Europea, así como apoio a proxectos de calidade presentados ás distintas convocatorias de I+D+i H2020. Tamén dentro da coordinación destacou a participación de representantes da Subdirección Xeral de FEDER nos Comités de Seguimento dos programas plurirexionais financiados con FEDER e a organización dos Comités de Seguimento do PO FEDER Galicia 2014-2020 no que participan todos os xestores do Programa así como, os representantes das organizacións sindicais, empresarias e Cámaras de Comercio, polo que se considera que a complementariedade e as sinerxías entre os distintos programas e iniciativas quedan suficientemente garantidas.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Non se propón ningunha actuación nova, ao considerase realizada</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX, Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	<p>Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación.</p>





R	8.-Recoméndase seguir avanzando na aplicación das novas tecnoloxías no ámbito da información pública relativa aos fondos e axudas europeas, tal como prevese na normativa vixente en materia de transparencia.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN:</p> <p>DECISIÓN:</p> <p>CONTESTACIÓNS:</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Non contestada. Mantense a recomendación.



4. INFORME DE FISCALIZACIÓN DA CONTA XERAL DO SERVICIO GALEGO DE SAÚDE. EXERCICIO 2017

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R	<p>1. Deben establecerse condicións que posibiliten un sistema estable de financiamento así como medidas rigorosas para o seu cumprimento.</p> <p>5. As modificacións orzamentarias deben reducirse ás estritamente necesarias para non desvirtuar o seu carácter excepcional.</p> <p>6. As diferentes modalidades de modificacións orzamentarias deben aplicarse conforme ás finalidades previstas; en particular, debe evitarse a utilización de baixas de crédito como alternativa, máxime cando estas non dispoñen dunha canle procedimental e de control establecida normativamente.</p> <p>7. Debe limitarse o emprego de redistribucións ao ser modificacións exceptuadas de tramitación e supoñer unha distorsión da asignación funcional e orgánica dos créditos.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Parcialmente aceptadas</p> <p>CONTESTACIÓNS: “ a recomendación sobrepasa a capacidade de decisión do organismo ”</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	<p>Aceptadas. Parcialmente aplicadas. Mantéñense as recomendacións.</p>





R	2. O organismo autónomo debe implantar un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, co fin de dispor de información adicional á administrativo-orzamentaria, e presentar as contas anuais de acordo coas esixencias do referido Plan.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS:</p> <p>Excede da competencia do organismo, " É competencia da Intervención Xeral"</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.

R	3. As axencias públicas dependentes da entidade deben formular as súas contas coa homoxeneidade que require a súa nova natureza e deben ser aprobadas polos órganos de goberno nos prazos establecidos para a súa rendición.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS:</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2017

R	4. As fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios, que están incluídas no inventario de entidades do sector público (INVENTE), deben integrarse no sector público autonómico e, por ende, no SPSG. Así mesmo, as súas contas deben someterse a rendición.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Non Compartida</p> <p>CONTESTACIÓNS: Estas entidades está suxeitas ao dereito privado</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Non aceptada. Mantense a recomendación.

R	8. Considérase conveniente regularizar e depurar os dereitos recoñecidos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento de exercicios anteriores, en especial os de maior antigüidade.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: Déronse instrucións aos centros para revisar os dereitos de anos anteriores</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Non verificada. Mantense a recomendación.





R	9. É preciso evitar o uso extensivo do concepto de investimentos de carácter inmaterial para rexistrar gastos cuxa natureza non responde a gastos de capital.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Non Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: Inclúese dentro da epígrafe 622 os gastos de mantemento de aplicacións e o mantemento evolutivo das mesmas</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación.

R	10. Debe establecerse un marco que regule o proceso de imputación contable dos gastos derivados de compromisos contraídos sen a existencia de crédito ou sen someterse aos procedementos previstos legalmente para o seu recoñecemento. Así mesmo, o sistema contable debe establecer a correspondente referencia para a súa identificación.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: A Intervención Xeral ditou instrución 1/2008 sobre contido dos documentos contables, así como a Orde que regula as operacións de pechamento do exercicio</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Non verificada. Mantense a recomendación.



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2017

R	11. A información nos diarios de operacións debe permitir identificar sen lugar a dúbidas o gasto/ingreso que se está a contabilizar mediante unha descrición axeitada.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓNS: déronse instrucións aos centros ao respecto ACTUACIÓN PROPOSTA: ÓRGANO RESPONSABLE: PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.

R	12. Deben actualizarse os documentos de relación entre o Sergas e as entidades dependentes, e aprobar os contratos de xestión para as novas axencias.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓNS: Estanse actualizando os contratos programas coas entidades dependentes ACTUACIÓN PROPOSTA: ÓRGANO RESPONSABLE: PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación.

R	13. Recómendase a regularización dos concertos que se manteñen no tempo sen soporte contractual axeitado e xustificar a urxencia que se pretende atender no caso das autorizacións de uso.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓNS: Están desenvolvéndose os procesos de contratación ACTUACIÓN PROPOSTA: ÓRGANO RESPONSABLE: PRAZO DE IMPLANTACIÓN:





AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación.
----	--

R	14. Debería limitarse o emprego do Fondo de Manobra e os pagamentos a xustificar en aras á transparencia xa que as melloras e axilidade na tramitación dos pagamentos en firme non xustifican o seu emprego.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS:</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.



5. INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS. EJERCICIO 2017

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R	1. Actualizar o marco de contabilidade pública ben mediante a aprobación dun novo plan galego ou ben acolléndose ao plan xeral de contabilidade pública aprobado pola Administración central. Esta recomendación foi aceptada pero atópase pendente de aplicación sen que se aprecien avances nas contas rendidas de 2017.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: Dende a intervención xeral estase a traballar na reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúe a aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable das normas internacionais aplicables á contabilidade do sector público. Así como as directrices necesarias para poder acadar unha visión consolidada das contas do sector público autonómico.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Aprobación novo plan contable.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.

R	2. Xerar información contable consolidada que ofrezca unha visión global da situación económica do sector público autonómico. En particular, en liña coa memoria dos orzamentos iniciais, incluír na Conta Xeral un estado de liquidación orzamentario de gastos e ingresos do conxunto do sector público autonómico. Esta recomendación foi aceptada pero atópase pendente de aplicación sen que se aprecien avances nas contas rendidas de 2017.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada. Pendente de aplicar.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Incluir información consolidada na Conta xeral</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.

R	3. Incluir na memoria dos organismos autónomos a información prevista no plan público co fin de que estas poidan explicar, comentar e ampliar a información dos restantes estados contables. Esta recomendación foi aceptada pero
---	---





	atópase pendente de aplicación sen que se aprecien avances nas contas rendidas de 2017.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada. Pendente de aplicar ACTUACIÓN PROPOSTA: Completar a memoria dos organismos autónomos ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA e DX de organismos autónomos PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.

R	4. Elaborar instrucións, guías e resolucións que desenvolvan a normativa contable, en particular, desenvolver o formato e contido da información económico-financeira que deben achegar as entidades instrumentais, así como a información adicional que deben facilitar as entidades sometidas ao plan de contabilidade privado. Esta recomendación foi aceptada pero atópase pendente de aplicación sen que se aprecien avances nas contas rendidas de 2017.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada. Pendente de aplicar ACTUACIÓN PROPOSTA: Desenvolvemento normativo ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.

R	5. Poñer en marcha o rexistro das entidades dependentes prevista na LOFAXGA e establecer sistemas de identificación das entidades que poden reunir os requisitos legais para seren consideradas integrantes do sector público autonómico. Esta recomendación foi aceptada pola Xunta de Galicia pero atópase pendente de aplicación sen que se verifícase avances na súa implantación.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada. Pendente de aplicar ACTUACIÓN PROPOSTA: Creación rexistro entes dependentes ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Facenda PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2017

R	6. Establecer sistemas de control sobre os consorcios, os fondos de capital risco e as fundacións e sociedades públicas nas que a participación da Xunta non é superior ao 50% pero nas que é o socio público maioritario. Esta recomendación foi aceptada pola Xunta de Galicia pero atópase pendente de aplicación. Se aprecian avances no control dos consorcios mediante a contratación por parte da Intervención xeral de auditorías sobre as súas contas anuais. Débese seguir aprofundando no control destas entidades e incluíndo no ámbito de control as fundacións e sociedades nas que a Xunta sexa socio maioritario aínda que participe con outras administracións sen que ningunha illadamente ostente una posición de control.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada. Parcialmente aplicada ACTUACIÓN PROPOSTA: Ampliación do perímetro de control a todas as entidades dependentes ou adscritas ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación

Ademais de reiterarse as recomendacións aceptadas que se atopan pendentes de aplicación, fórmulanse as recomendacións que de seguido se detallan. Para facer posible o seu tratamento estatístico numéranse correlativamente respecto ás recomendacións de exercicios anteriores.

R	7. Actualizar a normativa de réxime financeiro e orzamentaria, en particular en materia contable e de control, para conciliar o perímetro dos orzamentos, coas entidades incluídas na Conta Xeral da Comunidade e as sometidas a control interno, nas súas distintas modalidades, por parte da Intervención Xeral.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada. Aplicada ACTUACIÓN PROPOSTA: Adaptación normativa ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación.





R	8. Instar aos entes instrumentais a subministrar información sobre o custo de actividades e indicadores de xestión como medio para avanzar na dirección por obxectivos e no control de eficiencia.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Non aceptada ACTUACIÓN PROPOSTA: : Incluir información sobre o custo e indicadores de xestión ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Non aceptada. Mantense a recomendación

R	9. Someter a avaliación periódica o funcionamento das axencias para xulgar se están a cumprir os seus obxectivos e constitúe a forma máis eficiente para acadalos. Este control de eficacia ten que ter como base o contrato de xestión das entidades polo que estes deben ser elaborados e aprobados en cada axencia.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Non aceptada ACTUACIÓN PROPOSTA: Control de eficiencia das axencias públicas ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Non aceptada. Mantense a recomendación.

R	10. Instar aos consorcios e fundacións públicas nas que a Administración autonómica participe á adaptación dos seus estatutos para sinalar expresamente cal é a administración de adscrición tal como esixe a normativa básica contida na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: --- DECISIÓN: Aceptada. Parcialmente aplicada ACTUACIÓN PROPOSTA: Adaptación estatutos fundacións e consorcios ÓRGANO RESPONSABLE: Padroado las fundacións e consellos rectores dos consorcios PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación.



Informe de seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2017

R	11. Elaborar por parte da Intervención xeral un informe comprensivo dos principais resultados de control financeiro permanente e auditoría pública.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada ACTUACIÓN PROPOSTA: Informe resumen e global de control ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Ano 2021
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.

R	12. Ampliar as restantes axencias, as entidades públicas empresariais, fundacións e sociedades a participación da Intervención xeral na contratación e seguimento dos traballos e informes de auditoría de contas anuais.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada. Parcialmente aplicada ACTUACIÓN PROPOSTA: Contratación centralizada das auditorías ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación.





INFORMES NON RECORRENTES

6. INFORME DE FISCALIZACIÓN DA TESOURERÍA DA ADMINISTRACIÓN XERAL. EXERCICIO 2014-2016

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R	<p>1. Recoméndase que se reflectan nos estados contables de fin de exercicio os saldos existentes de tódalas contas de habilitación dos centros da Administración xeral da Comunidade Autónoma, co obxecto de ofrecer unha imaxe fiel sobre a situación da súa tesourería.</p> <p>A Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro debe considerar os saldos das contas restrinxidas de recadación xestionadas pola ATRIGA como integrantes do saldo final de tesourería e proceder á súa contabilización.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada parcialmente</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Na conta de tesouraría incorporaranse como “anexo” os saldos das contas de habilitación e das contas restrinxidas de recadación xestionadas pola ATRIGA.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Subdirección Xeral do Tesouro</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2019</p>
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación.

R	<p>2. Recoméndase segregar as contas contables ata un nivel suficiente que permita identificar os saldos dos distintos tipos de contas bancarias e coñecer a xestión realizada en relación cos pagamentos a xustificar.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: No eido da actualización do marco normativo, planearase esta cuestión</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Non figura ningún prazo</p>
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2017

R	3. Debería implantarse un proceso informático contable que integrando as contas de habilitación asegure a consistencia de datos entre as existencias en metálico das actas de arqueo e o saldo final do estado de situación de fondos.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DECISIÓN: CONTESTACIÓNS: ACTUACIÓN PROPOSTA: ÓRGANO RESPONSABLE: PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Non contestada. Non aceptada. Mantense a recomendación

R	4. Debería actualizarse a normativa reguladora do réxime de funcionamento e xestión das contas bancarias e dos fondos integrantes da Tesourería.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada e xa realizada ACTUACIÓNS REALIZADAS: Orde do 2 de decembro de 2019 pola que se regula a xestión das contas bancarias onde se depositan os fondos integrantes da Tesouraría da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 246 de 27 de decembro 2019). ÓRGANO RESPONSABLE: Subdirección Xeral do Tesouro PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación.





R	5. Debería regularse e poñer en marcha un Rexistro de Contas Correntes da Tesourería da Comunidade Autónoma no que se inscriban todas as contas cuxa existencia ou apertura deba ser autorizada por aquela, cun contido mínimo de datos que permita un adecuado control daquelas e relacionar os seus saldos coa conta de Tesourería, así como establecer os mecanismos de comunicación ao servizo xestor dese rexistro das variacións de calquera circunstancia para a súa inscrición.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A Orde do 2 de decembro de 2019 crea o Rexistro de Contas da Tesouraría da C.A. Para axilizar o procedemento relativo ás autorizacións de apertura e cancelación de contas, altas e baixas de persoas autorizadas para o manexo dos fondos e calquera outra modificación dos elementos identificativos das contas, así como para o seu rexistro, crease a aplicación informática CONTAREX, a través da que se realizarán todos os trámites para a xestión e rexistro de contas.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Subdirección Xeral do Tesouro</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación.

R	6. Recoméndase que a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro ou a Intervención Delegada de Facenda realicen unha circularización anual de todas as posicións activas e pasivas da Tesourería da Comunidade Autónoma, que permita un maior control das contas de habilitación e de centros con autonomía de xestión.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Non aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: Todos os anos se efectúa unha circularización coas entidades de crédito coa finalidade de depurar as contas de titularidade da Xunta de Galicia para o seu control e manter actualizados en todo momento os nosos Rexistros de Contas.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Ningunha</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación.



Informe de seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2017

R	7. Co fin de levar a cabo un adecuado control das liquidacións de xuros debe poñerse en marcha un aplicativo informático que comprobe a corrección das liquidacións efectuadas polas entidades bancarias.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada. Aplicada ACTUACIÓNS REALIZADAS: Está operativo un programa informático elaborado polo CIXTEC que permite comprobar e cotexar as liquidacións de xuros realizadas polas entidades de crédito de todas as contas de titularidade da Xunta de Galicia. ÓRGANO RESPONSABLE: PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación.





7. INFORME DE FISCALIZACIÓN DO PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO SERGAS. EXERCICIOS 2014 A 2016

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R	1. Coa finalidade de permitir que o inventario contribúa a amosar a imaxe fiel da situación patrimonial do Sergas o organismo debería elaborar o balance, a conta do resultado económico-patrimonial e a memoria, como resultado seu sometemento ao réxime de contabilidade pública.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA/SERGAS DECISIÓN: Aceptada ACTUACIÓN PROPOSTA: Coordinación coa IXCA para a aplicación do Plan Xera de Contabilidade Pública. ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA/SERGAS PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Debe implantarse previamente a conexión do programa de xestión do inventario coas aplicacións de compras e mantemento de activos
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación

R	2. Sería aconsellable establecer un mecanismo de conexión entre a aplicación de xestión do inventario coas aplicacións de compras e mantemento de activos.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA/SERGAS DECISIÓN: Aceptada, parcialmente aplicada ACTUACIÓN PROPOSTA: A aplicación da xestión do inventario integrará na aplicación de Mantemento de Activos (xestión patrimonial é un módulo do programa de Xestión de activos MANSIS). ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade/SERGAS PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2021
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2017

R	3. Debería arbitrarse un sistema informático que permitise o enlace entre a aplicación da contabilidade orzamentaria do Sergas e a de xestión de inventario.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA/SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Existe vinculación en soporte documental. O sistema informático estase a desenvolver por tramos, dando prioridade ao programa de mantemento. Posteriormente, se procederá ao axuste entre a aplicación orzamentaria e a xestión de inventario.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade/SERGAS</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2021 e seguintes</p>
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación





8. INFORME DE FISCALIZACIÓN DA RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DO SERGAS. EX 2017

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R	1. Recoméndase potenciar a notificación de incidentes e eventos adversos e reforzar a análise exhaustiva da súa orixe e do impacto que supoñen, avanzando cara ao obxectivo de diminuír a súa frecuencia e minorar as súas consecuencias e efectos.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA/SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS: O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde sinala como un dos seus obxectivos principais a humanización na asistencia sanitaria; este modelo pretende ter como un dos obxectivos principais analizar, avaliar e mellorar os aspectos que teñen que ver con dimensións cualitativas da calidade, como son a calidade da información, a confidencialidade, o trato ou a accesibilidade aos servizos por parte dos nosos/ as pacientes.</p> <p>Poténciase a mellora continua na organización, promovendo a mellora da humanización dos servizos asistenciais dos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde.</p> <p>Entre as funcións que se lle asignan ao Servizo de Humanización e Atención á Cidadanía (dependente da subdirección xeral homónima) está a coordinación e o impulso de actuacións de conciliación de conflitos entre pacientes e institucións sanitarias e a potenciación e coordinación da rede de cidadáns/ as mediadores/ as.</p> <p>Así mesmo, no relativo á análise, a plataforma RRPPA permite desagregar información dos expedientes en materia de responsabilidade patrimonial por centro e por servizo sanitario, sendo unha ferramenta de análise sobre a orixe e incidencia das reclamacións nesta materia</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Non verificada. Mantense a recomendación.



R	<p>2. Considérase necesario poñer en funcionamento unha plataforma informática integral única que recolla todos aqueles aspectos relativos á xestión das reclamacións de responsabilidade patrimonial. Na súa falta, recoméndase que se adopten medidas para unha maior integración e interconexión entre as aplicacións actualmente existentes, de forma que se facilite o transvasamento automático de información entre elas co obxecto de lograr unha maior coherencia, representatividade e homoxeneidade, así como un mellor seguimento das reclamacións desde o seu inicio ata a súa resolución definitiva.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Non aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: Non se inclúen no aplicativo de riscos que manexa a Consellería de Facenda expedientes de responsabilidade patrimonial/civil que non teñen cobertura aseguradora de acordo coas diferentes pólizas asinadas. Así, no aplicativo de responsabilidade patrimonial da Consellería de Sanidade figuran expedientes por baixo da contía de franquía ou cun obxecto que trata riscos excluídos de forma clara da cobertura.</p> <p>O anterior leva á imposibilidade de contar cunha plataforma informática integral única dado que a información e os obxectivos das dúas plataformas son diferentes.</p> <p>Un dos obxectivos da plataforma informática da Consellería de Sanidade é a creación dun expediente en formato electrónico ao que se suba e rexistre a documentación de acordo tamén con sistemas de sinatura dixital válidos durante os distintos trámites do procedemento. Isto posibilita a descarga íntegra do expediente en soporte dixital e a súa remisión tanto ao Consello Consultivo como, no seu caso, aos órganos xudiciais correspondentes ou ás persoas interesadas cando así o soliciten.</p> <p>Pola contra, o obxectivo do aplicativo de riscos da Consellería de Facenda non é a tramitación dun procedemento administrativo, senón o tratamento dos sinistros e o seguimento das posibles indemnizacións, é dicir, as responsabilidades e consecuencias económicas que poden derivar dese expediente.</p> <p>Non obstante, o transvase de información é constante entre ambas as dúas co fin de manter actualizados os expedientes comúns, de acordo coa Instrución 3/2018, do 15 de marzo, sobre o procedemento de xestión de expedientes de responsabilidade patrimonial derivados da asistencia sanitaria.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	<p>Non aceptada. Mantense a recomendación</p>





R	3. Recoméndase, ademais, a mellora das aplicacións informáticas utilizadas de forma que permitan a explotación de información estatística agregada sobre todos aqueles aspectos relevantes, posibilitando unha adecuada análise que contribúa a un mellor desenvolvemento da xestión de riscos.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>CONTESTACIÓNS: No momento de realización do Informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial do Servizo Galego de Saúde a plataforma RRPPA estaba na versión 01.12.0000, atopándose na actualidade, tras as melloras realizadas no aplicativo, na versión 01.23.0000, cuxa última actualización tivo data 09.06.2020. O aplicativo RRPPA está en constante actualización e mellora.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación.

R	4. En canto á plataforma RRPPA, deberíanse utilizar criterios homoxéneos na introdución dos datos e incorporar un sistema de validación destes que evite erros e deficiencias que poida afectar á representatividade da información.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>CONTESTACIÓNS: No momento de realización do Informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial do Servizo Galego de Saúde a plataforma RRPPA estaba na versión 01.12.0000, atopándose na actualidade, tras as melloras realizadas no aplicativo, na versión 01.23.0000, cuxa última actualización tivo data 09.06.2020. O aplicativo RRPPA está en constante actualización e mellora.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación.



R	<p>5. Recoméndase un maior esforzo por parte da Administración Sanitaria en orde a adoptar medidas que permitan reducir os prazos de tramitación do expediente, evitando unha prolongación innecesaria do procedemento administrativo. En concreto, debería promover unha maior implicación dos servizos clínicos afectados polas reclamacións patrimoniais para obter tempos de resposta máis curtos na emisión dos informes facultativos necesarios.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>CONTESTACIÓNS:</p> <p>Coa Instrución 3/2018, do 15 de marzo, sobre o procedemento de xestión de expedientes de responsabilidade patrimonial derivados da asistencia sanitaria, (que derogou a Instrución 3/2011, do 7 de febreiro) concretáronse todas as fases e prazos que, de acordo coa normativa de aplicación, rexen os procedementos en materia de responsabilidade patrimonial co fin de homoxeneizar a tramitación e duración, evitando prolongacións innecesarias.</p> <p>Así mesmo, e de acordo coa Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia, a relación a través de medios electrónicos co Consello Consultivo de Galicia e outras administracións posibilita unha redución dos tempos de tramitación dos devanditos procedementos.</p> <p>En relación coa resposta dos servizos clínicos, a referida instrución recolle que no suposto de que o/s servizo/s non acheguen o informe preceptivo no prazo anterior, a persoa instrutora requirirallo novamente con xustificante de recepción, outorgándolle un novo prazo improrrogable de dez (10) días. Transcorrido o devandito prazo, se non se remitiu o dito informe, a persoa instrutora comunicará esta incidencia -xunto cos oficios de petición- ao Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios correspondente aos efectos oportunos.</p> <p>Sinalar ao respecto que a elevada carga asistencial dalgúns dos servizos clínicos impiden que se poidan emitir eses informes preceptivos no prazo que fixa a normativa.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación





R	6. Considérase conveniente un desenvolvemento máis preciso, por parte da Consellaría de Sanidade, dalgúns aspectos procedimentais co fin de facilitar aos instrutores criterios homoxéneos que garantan unha maior calidade da instrución na vía administrativa e evitar a devolución de expedientes por parte do CCG ou da Secretaría Xeral Técnica.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>CONTESTACIÓNS: Dende o ano 2018, coa Instrución 3/2018, do 15 de marzo, sobre o procedemento de xestión de expedientes de responsabilidade patrimonial derivados da asistencia sanitaria, dáse resposta e interprétanse as dúbidas que comporta a súa aplicación práctica e, por outra, facilítase ás unidades competentes en materia de tramitación, instrución e resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial derivados de asistencia sanitaria, a eficacia e eficiencia na xestión deste tipo de procedementos, os cales seguirán tramitándose a través da aplicación informática de xestión de reclamacións patrimoniais habilitada ao efecto.</p> <p>De todos os xeitos, derivado da casuística dos expedientes nesa materia e da evolución da doutrina e da xurisprudencia, trátase dunha actualización e homoxeneización permanente deses criterios.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación.

R	7. Considérase conveniente que a prima correspondente á responsabilidade patrimonial sanitaria apareza detallada e diferenciada na póliza que se subscriba para permitir, así, un mellor coñecemento da súa idoneidade e da súa adecuación á evolución da sinistralidade.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Non aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: Reitárase o expresado pola Consellería de Facenda nas alegacións do 25.02.2019 ao anteproxecto de informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial do Servizo Galego de Saúde. A póliza que cubre a RC da administración autonómica é única dende hai moitos anos, con dúas seccións, pero única. Mentres a Consellería de Facenda. Como tomadora da póliza pola súa condición de órgano competente en materia de seguros, considere conveniente saír aos mercados cunha única póliza, co obxecto de aproveitar as sinerxías que diso se derivan, non estamos en disposición de distribuír a prima entra ambas as dúas seccións.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Non aceptada. Mantense a recomendación



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2017

R	8. O funcionamento da Comisión de Seguimento debería ser obxecto dunha regulación que estableza aspectos como a súa composición, a periodicidade das reunións, as súas atribucións e as pautas procedimentais.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Non aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: A Comisión de Seguimento (da que forma parte esencial tamén a Consellería de Facenda) se reúne regularmente para tratar sobre expedientes concretos de responsabilidade patrimonial sanitaria e ten a súa base na relación contractual entre a Consellería de Facenda e a compañía aseguradora, que normalmente acaba facendo fronte á posible responsabilidade da Administración. A razón da súa existencia, regulada nos pregos de prescricións da contratación correspondente, é a necesidade de ter controlado o risco e minimizar a dita responsabilidade, o que beneficia tanto á Administración Pública como á compañía de seguros.</p> <p>Considérase que a devandita comisión está suficientemente regulada nos pregos de prescricións que recollen a relación contractual entre a compañía de seguros, a corredoría e a Consellería de Facenda.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Non aceptada. Mantense a recomendación

R	9. As circunstancias do sector asegurador no ámbito sanitario e o elevado aumento das primas fan aconsellable a avaliación e estudo doutras posibles alternativas para a cobertura dos riscos derivados das reclamacións patrimoniais sanitarias.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada. Pendente de realizar</p> <p>CONTESTACIÓNS: A sección sanitaria da póliza vixente ten unha franquía de 60 000 €. Na actualidade, estase a valorar a posibilidade de externalizar ese risco concreto ou acudir a fórmulas de mediación ou terminación convencional dos procedementos de responsabilidade patrimonial.</p> <p>En todo caso, e independente do anterior, a póliza vixente estará operativa previsiblemente ata o 04.10.2022. Polo tanto, ata esa data non van variar as condicións establecidas na documentación contractual. Será na primavera dese ano cando se valorarán as recomendacións efectuadas polo Consello de Contas e se adaptará a póliza ás necesidades desta Administración autonómica segundo o que ofrezca o mercado asegurador neses momentos.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación





9. INFORME DE FISCALIZACIÓN DO CONCERTO CO HOSPITAL POVISA

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R	<p>1. O Sergas debe facer unha análise de custos das prestacións sanitarias (de tipo asistencial e farmacéutico) tendo en conta as características da poboación atendida para poder fixar con exactitude o importe da cápita a satisfacer a Povisa e permitir unha axeitada comparativa co custo por paciente atendido nos centros públicos. Isto obrigaría ao Sergas a establecer un sistema de contabilidade analítica e a realizar unha análise de eficacia e eficiencia na provisión pública da sanidade, o que permitiría ofrecer transparencia á forma de fixación da cápita do concerto.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: No actual concerto establécese un sistema caputivo, a través da asignación dunha cápita por cada usuario dos que opte por recibir esta asistencia hospitalaria a través do sistema de libre elección. A cápita quedou fixada en 540 €. Con data 1 de xaneiro de 2019 asínase a cláusula adicional 3ª ao concerto de 1 de setembro de 2014, pola que se modifican diferentes estipulacións ao mesmo. Entre elas, a estipulación 19ª (condicións de execución) na que se indica que o Sergas levará a cabo as subministracións a Povisa da medicación subsidiaria de ser dispensada a pacientes externos na consulta externa de atención farmacéutica.</p> <p>Esta medida púxose en marcha no momento en que Povisa se adheriu ao aplicativo de xestión e prescrición do Sergas SILICON. Esta nova cláusula adicional tivo como efecto a redución da cápita, que pasa de 540 €/paciente a 504,79 €.</p> <p>O cálculo do orzamento estableceuse consonte á metodoloxía empregada para a asignación de cápita por poboación de referencia. A metodoloxía tivo en conta os gastos dos hospitais do Servizo Galego de Saúde, en función da poboación que tiñan asignada. Obtívose así o gasto por hospital por poboación. Así mesmo, dito gasto foi depurado por áreas de actividade (investigación, docencia, formación; coste estrutural, investimentos, actividade e poboación non incluída) co que se obtivo o gasto normalizado por hospital e área. Da depuración deste gasto, mediante a análise da oferta e a demanda das áreas por fluxo obtívose a cápita.</p> <p>Tomouse como punto de partida unha poboación de referencia de 139.000 persoas, como tope máximo.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.



Informe de seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2017

R	2. Cómpre establecer con maior precisión e claridade as obrigas que asume Povisa en termos prestacionais e económicos para evitar a litixiosidade na aplicación do concerto.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada. Aplicada</p> <p>CONTESTACIÓNS: O concerto expresa o importe certo a satisfacer a Povisa. Este concerto foi obxecto de diversas modificacións , denominadas cláusulas adicionais, que, precisamente, teñen por obxecto establecer de xeito pormenorizado as obrigas e as prestacións de cada parte contratante, evitándose a necesidade de interpretar o concerto noutra vía diferente á administrativa.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación.

R	3. A pesar do control que se fai sobre a facturación de Povisa, o Sergas debe implementar mecanismos efectivos para o seguimento e avaliación da prestación sanitaria por parte do ente concertado así como dos seus sistemas de información, de forma que os resultados da dita avaliación teñan un maior peso específico na retribución a satisfacer a Povisa.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada. En aplicación desde 2020</p> <p>CONTESTACIÓNS: Respecto do control que se fai sobre a facturación de Povisa estanse utilizando todas as ferramentas das que dispón o Servizo Galego de Saúde e que, nalgúns casos, se poñen tamén a disposición de Povisa (IANUS, SILICON,...), o que permite a existencia dun fluxo de información certo e indiscutible en ambos sentidos.</p> <p>O acordo de xestión que se asina entre o Sergas e Povisa establece unha serie de indicadores e obxectivos que permiten facer a avaliación e o seguimento da súa prestación sanitaria.</p> <p>Por outra banda, para o control de contratos de prestacións de servizos de asistencia sanitaria, nos que se inclúe Povisa, creouse mediante decreto 137/2019, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, o Servizo de Control, que ten, entre outras funcións, o deseño e implantación de sistemas de control interno. Deberá realizar análises que permitan facilitar a toma de decisións e un adecuado seguimento da evolución e control do contrato con Povisa.</p> <p>A cobertura deste servizo iniciouse neste exercicio 2020.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación





10. INFORME DE FISCALIZACIÓN DO GASTO EN ATENCIÓN RESIDENCIAL A PERSOAS MAIORES E DEPENDENTES

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

As recomendacións deste informe de fiscalización son obxecto dun específico *Informe das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización da dependencia. Exercicios 2018-2015*, polo que a súa avaliación por parte do Consello de Contas realizarase no marco do mesmo.

R	1. Recoméndase á Xunta de Galicia que para atender as necesidades asistenciais do colectivo, cada vez máis numeroso, de persoas maiores e dependentes, continúe coa incorporación de prazas públicas residenciais ao sistema de servizos sociais de Galicia, tendo en conta o actual nivel de prestación e a situación da lista de espera para acceder a unha praza.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A Consellería de Política Social tenta incrementar anualmente o número de prazas de atención residencial, na medida en que as súas dispoñibilidades orzamentarias llo permiten, para atender a demanda de prazas públicas existentes. Unha mostra disto foi o incremento de 75 prazas residenciais que se produciu no ano 2019 mediante a modificación dos contratos de servizos en execución e a licitación de novas prazas. Tentarase continuar con este crecemento do número de prazas dispoñibles nos vindeiros exercicios económicos.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Maiores e Persoas con Discapacidade</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Permanente (o envellecemento poboacional fai que esta acción teña que manterse no tempo ao incrementarse a demanda destes servizos)</p>
AC	Aceptada. Non verificada. Mantense a recomendación.



Informe de seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2017

R	2. A Xunta debe dotarse de persoal suficiente e dos medios necesarios para que o recoñecemento do dereito ao servizo residencial se produza no prazo de seis meses que fixa a normativa desde a solicitude polos interesados. Débense reducir os tempos de espera ata un prazo que se aproxime aos tres meses que fixa a normativa aplicable nos procedementos ordinarios de acceso a unha praza residencial, unha vez recoñecido o dereito ao servizo.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A Xunta está dotando aos servizos de dependencia de todos os medios ao seu alcance para reducir o prazo de recoñecemento ao servizo residencial e situar estes tempos dentro dos límites normativos. Coñecedora de que a principal causa do retraso se atopa na falta de dispoñibilidade do recurso residencial, e ante a imposibilidade dun incremento inmediato destes recursos, estase a ofrecer ás persoas que se atopan a espera de praza a posibilidade de obter unha libranza vinculada a un servizo. Tamén debe terse en conta que os maiores retrasos estanse dando nas solicitudes que establecen ámbitos xeográficos restrinxidos onde a oferta de prazas é moi escasa debido a unha alta demanda das mesmas. Esta situación dáse especialmente nas áreas urbanas das sete grandes cidades de Galicia. Para paliar esta situación estase a desenvolver o programa "Como na casa" co que, en colaboración coa Fundación Amancio Ortega, se van a poñer en marcha 900 novas prazas públicas en estas áreas con maior demanda.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Maiores e Persoas con Discapacidade</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Permanente (o envellecemento poboacional fai que esta acción teña que manterse no tempo ao incrementarse a demanda destes servizos)</p>
AC	Aceptada. Non verificada. Mantense a recomendación.

R	3. Co fin de que a contribución dos usuarios ao financiamento das prazas residenciais, en función da súa capacidade económica, contribúa a mellorar a calidade do servizo residencial, a Xunta debe revisar con periodicidade anual a contía do copago, adaptándoo ás súas variacións. Tamén debe iniciar actuacións administrativas dirixidas á execución do cobro das cotas impagadas.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Estase traballando nos desenvolvemento das aplicacións informáticas que se manexan para implementar unha solución que permita, cos recursos existentes, realizar unha revisión anual das capacidades económicas de todas as persoas usuarias e a actualización inmediata no copagamento que estas deben realizar polos servizos recibidos. Estanse tramitando procedementos para a execución do cobro ás persoas usuarias que teñen impagos.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Secretaría Xeral Técnica</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Ano 2021</p>
AC	Aceptada. Non verificada. Mantense a recomendación.
R	4. A incorporación de novos centros residenciais ao sistema debe acompañarse dun incremento do número de efectivos da Inspección de Servizos que reforcen a vixilancia. O reforzamento do labor inspector debe dirixirse a vixiar





	os incumprimentos da normativa ou estándares de calidade esixidos, adoptando as medidas correctoras e sancionadoras que sexan precisas.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Promoverase o incremento no cadro de persoal inspector de servizos sociais na medida que as disponibilidades orzamentarias do capítulo I da Consellería o permitan.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Secretaría Xeral Técnica</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Agárdase que se poida implantar a medida durante os exercicios 2021/2022</p>
AC	Aceptada. Non verificada. Mantense a recomendación.

R	5. Recoméndase á Xunta que se dote dun sistema informático normalizado para a xestión do persoal dos centros residenciais xestionados con medios propios, co obxecto de facilitar a xestión e ofrecer información precisa da cobertura efectiva das xornadas de traballo con ocasión de permisos, vacacións e outras ausencias dos traballadores do cadro de persoal.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: A xestión de persoal na Xunta de Galicia é unha tarefa complexa para a que se empregan varias aplicacións interrelacionadas que establecen moitas dependencias entre elas. A modo enumerativo, ademais da aplicación herdada do IMSERSO (Micaxunt) nos centros de servizos sociais, podemos falar de: Xaque (para xestión de quendas), Matrix (xestión de expedientes de empregados públicos), Kronos (para o sistema de fichaxe), Portax (para a consulta polos empregados da súa información e solicitude de permisos e licencias) e Morfeo (para que os responsables de cada departamento fagan seguimento do persoal ao seu cargo). A implantación destas ferramentas nos centros tampouco resulta sinxela, tanto pola necesidade de atopar un conxunto de aplicacións que se axuste ás necesidades e cumpra os requisitos dos usuarios como polo número de departamentos implicados (Amtega, Función Pública e Consellería de Política Social).</p> <p>Todos estes departamentos están a traballar na implantación destas aplicacións nos centros para facilitar a xestión de persoal nestes. O Centro residencial de atención a persoas dependentes de Vigo é o que está máis avanzado e xa conta con todas as aplicacións para a xestión de permisos e licencias. O Centro de atención a persoas con discapacidade da Coruña é a outra residencia que foi seleccionada para encabezar a implantación destes programas. Se ben o CAPD aínda non ten integrado o programa Morfeo pódese dicir que os dous centros xa cumpran ou cumprarán a recomendación este ano.</p> <p>A expansión deste traballo ao resto de centros residenciais de xestión propia da Xunta de Galicia foi paralizado este ano pola crise sanitaria do COVID-19. Non obstante, esperase poder retomar o proxecto e ir paulatinamente acadando a informatización da xestión de persoal en todos eles.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Secretaría Xeral Técnica, Amtega e a DX de Función Pública</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Non se pode comprometer un prazo certo de implantación para a totalidade dos centros</p>
AC	Aceptada. Non verificada. Mantense a recomendación.



Informe de seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2017

R	6. A Consellería de Política Social debe esixir aos centros residenciais que manteñan actualizados, permanentemente, os datos que consten no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos sociais (RUEPSS) en canto instrumento público de publicación e de ordenación do Sistema Galego de Servizos Sociais.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: En canto á modificación dos datos inscritos no RUEPSS, hai que distinguir 2 supostos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Modificacións que requiren da tramitación dun procedemento (BS628C), de acordo co disposto no artigo 15.1 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia: enderezo social das entidades, obxecto social, representantes legais, titularidade de centros ou cambios de entidade xestora de centros. - Modificacións que poden facer no RUEPSS as propias entidades coa súa chave/contrasinal: prezo dos servizos, persoal co que contan, prazas ocupadas, etc. <p>A falta de actualización de datos ten lugar, na maior parte dos casos, no segundo suposto, dada a variabilidade que se dá nesta información (ter que cambiar o dato de ocupación cada vez que se produce a contratación de novo persoal, ou que causan alta ou baixa persoas usuarias.</p> <p>Actuacións realizadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Con carácter previo á realización das visitas que se fan aos distintos centros e programas de servizos sociais, o persoal inspector comproba os datos que figuran no RUEPSS de cuxa actualización é responsabilidade das entidades titulares ou xestoras dos mesmos. - Durante as visitas recórdase ás entidades a obriga de manter permanentemente actualizados estes datos, e no caso de constatare que non o están requírese para que se faga. - Este labor de esixencia e asesoramento forma parte das actuacións de carácter permanente da inspección de servizos sociais. <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Secretaría Xeral Técnica</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Non verificada. Mantense a recomendación.





R	7. A Consellería de Política Social debe designar un responsable dos contratos e publicar a súa identidade na súa web.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Aceptada. Aplicada</p> <p>CONTESTACIÓNS: A Consellería de Política Social designa un responsable para cada contrato, figurando dita designación no prego de cláusulas administrativas particulares. O responsable é o encargado de supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que se lle atribúen. Este responsable do contrato tamén é o encargado de asegurar unha contratación responsable e velar polo cumprimento do réxime xurídico do servizo e dos dereitos das persoas usuarias, nos termos recollidos nos artigos 30 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, 48 e 54 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración. A persoa que ocupa a Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e de Atención Diúrna (dependente da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade) é a responsable designada para todos os contratos de prazas de atención residencial para persoas maiores e dependentes. Os pregos de cláusulas administrativas particulares atópanse publicados e son de acceso público no Perfil do contratante da Consellería de Política Social ao que se pode acceder directamente ou a través da páxina web da Consellería de Política Social.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación.



R	8. A Consellería debe adoptar un criterio para a facturación dos días nos que se producen traslados entre centros e aplicar o desconto establecido no contrato para a facturación das prazas reservadas non vacantes.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Non aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: O traslado dunha persoa usuaria dun centro a outro soe facerse despois do xantar. Isto supón que no centro de orixe, ademais do almorzo e a comida, aténdese a persoa durante toda a mañá. Do mesmo xeito no centro de destino a atención comeza pola tarde hasta a noite, merenda e cea engadidas. En ambos centros ese mesmo día deben ter contratado ao persoal de atención directa para cumprir coa rateo establecida no contrato tendo en conta, en ambos casos, á persoa que se traslada. Por tanto, ambos centros asumen no día do traslado o custo marxinal de persoal derivado de atender a persoa que se traslada, principal elemento de custe nos centros residenciais, ademais de parte do resto de custes dun día con ocupación plena. O pagamento do servizo por ese día nos dous centros é un criterio de execución dos contratos de servizos de prazas que se ven aplicando dende fai máis de dez anos e que os contratistas coñecen cando formulan as súas ofertas e prorrogan os contratos que teñen. Revisar este suposto e establecer un criterio máis desfavorable para as entidades prestadoras dos servizos necesariamente debería conlevar a revisión tamén doutros casos nos que estas se ven prexudicadas. Tal é o caso dos retrasos nos novos ingresos con motivo das renuncias nos últimos días de prazo das persoas usuarias, que ocasiona que as prazas se atopen vacantes durante un período de tempo considerable.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Non aceptada. Mantense a recomendación.





R	9. Sendo a oferta de prazas públicas claramente insuficiente, recoméndase á Xunta que optimice os recursos públicos dispoñibles mediante a total ocupación das prazas residenciais existentes nos centros propios. Debe proceder a cubrir a totalidade das prazas na residencia do Carballiño, que está en condicións adecuadas de funcionamento, e axilizar as obras de reparación dos centros públicos nos que as deficiencias que presentan os inmobles non permiten a plena ocupación.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: A Xunta está a facer todo posible para maximizar a ocupación dos centros residenciais dos que é titular. Así estase a licitar a contratación de xestión do servizo de 50 prazas residenciais na residencia de Carballiño. Por outra parte, estanse a facer diversos investimentos nos centros, en especial en aqueles cunha maior antigüidade (algún máis de 30 anos) sen as cales as persoas usuarias non poderían desfrutar do nivel de descanso e benestar que deben recibir. Todas estas obras teñen a problemática de efectuarse en centros que deben permanecer en funcionamento polo que nos plans de traballo valórase e coidase especialmente que as persoas usuarias sufran as menores molestias posibles e que o número de prazas que non poidan ocuparse sexan as mínimas. Coa excepción das obras efectuadas fai uns anos na residencia de Ferrol, na que un incidente de execución ocasionou un retraso no remate da actuación, e as diversas obras que se sucederon na residencia Porta do Camiño (Santiago de Compostela), as reparacións efectuadas tiveron unha escasa incidencia na ocupación das prazas. Na actualidade (finais do mes de xullo de 2020) tan só se atopa sen plena ocupación por causa de obras a residencia de Oleiros, na que están afectadas só seis habitacións.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Aceptada. Non verificada. Mantense a recomendación.



R	10. Mentres non se establezan métodos de contabilidade analítica que permitan a cuantificación dos custos do servizo residencial, a Administración debería, no seu defecto, mellorar o nivel de desagregación da información orzamentaria aos efectos de obter unha aproximación ao gasto ocasionado pola prestación deste servizo.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Non aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: A desagregación orzamentaria dos gastos correntes de centros residenciais en conceptos distintos do 228 (gastos de funcionamento de centros e servizos sociais) suporía unha complicación para os xestores de cada centro e unha ralentización no caso de ter que realizar axustes mediante modificacións orzamentarias. Por contra non é claro que este desglose mellorase a información dos custos nos centros da que se dispón mediante as ferramentas de xestión dos contratos centralizados e nas administracións de cada residencia. A día de hoxe, se ben require unha dedicación especial, é posible coñecer os custos nos que incorre cada centro.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p>
AC	Non aceptada. Mantense a recomendación





11. INFORME SOBRE OS PROCESOS DE EXTINCIÓN DE ENTIDADES DEPENDENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EXERCICIOS 2010-2016

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R	1. Poñer en marcha os procesos de integración pendentes do persoal dos entes extinguidos homoxeneizando o réxime e condicións de todo o persoal ao servizo dunha mesma entidade.
